

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 12.

SESION ORDINARIA DO 29 DE XULLO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.^a del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M.^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e nove de xullo do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e

Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, tamén asiste presencialmente a Sra. Mendez Fuentes, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Diaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días concelleiros/as, iniciamos o Pleno ordinario do Concello correspondente ao mes de xullo, sesión ordinaria dicía, orden do día obra en poder das señoras/es concelleiros, convocatoria para o día de hoxe ás nove horas, constátase quórum presencial directo mais telemático e ábrese metaforicamente sesión pública a traveso de retransmisión en streaming e procedemos ca orde do día.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Unha cuestión de orde ao abeiro do artigo 54.10) do Regulamento do Pleno que permite aos grupos municipais presentar mocións sobre asuntos relevantes, moción de urxencia e entre a convocatoria do Pleno e ao día seguinte, este grupo municipal presentou no Rexistro do Pleno unha moción de urxencia relativo ao coñecemento que tivemos onte polos medios de comunicación social, de que as pantallas de Audasa que é coñecido, vostede xa se manifestou e presentamos unha moción de urxencia para que fora debatida incluída na orde do día do Pleno de hoxe, debatida e no seu caso votada.

PRESIDENCIA: Sabe vostede que o Regulamento contempla iso en detalle e polo tanto, iso será tratado, esa parte correspondente á proposta dunha moción urxente, será tratada despois da moción número 17, da orde do día, antes de

entrar na Parte de control e nese momento se procederá de acordo co Regulamento.

PARTE RESOLUTIVA

1(95).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 27.05 E EXTRAORDINARIA DO 15.06.2020).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito (neste momento), (dez presenciais e dezaseis por control remoto), apróbanse as actas: ordinaria do 27 de maio e extraordinaria do 15 de xuño de 2020.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(96).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO 2020, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS . EXPTE. 158/143 (2487/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 8 de xullo de 2020, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro de Facenda, emite o seguinte informe,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2020.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2020, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao SEGUNDO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de maio de 2020.

Estados consolidados

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Xúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/06/2020, a recadación e pagamentos de corrente e de pechados.

Achégase as anulación e cancelacións de dereitos de corrente e pechados, así como as devolucións de ingresos.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Achégase o estado de Remanente de tesourería consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final dos estados consolidados

Incorpórase o estado de Tesourería da Entidade e o do Organismo Autónomo e o consolidado.

As modificacións orzamentarias dos estados consolidados.
Resultado orzamentario consolidado.

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar. A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 22.07.20, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Rendemos conta neste caso da execución do segundo trimestre do ano, é dicir, dende o 30 de marzo ata o 30 xuño, esta data 30 de xuño tiñamos en fase de recoñecemento da obriga, é dicir, recoñecemento dos servizos e dos contratos prestados, un total de 88.635.226 euros, é dicir, en fase de execución podemos dicir que ordinaria, máis de 88 millóns de euros neste segundo trimestre do ano 2020. hai que ter en conta neste segundo trimestre do ano como é sabido, que durante o estado de Alarma estivemos en estado de parálise administrativa durante máis de 90 días e parálise por estado de confinamento durante de máis de 90 días, pero pese a iso fomos executando o Orzamento para este ano 2020, nun contexto como é sabido tamén de diferimento de impostos, onde ningún imposto municipal foi posto á cobranza neste primeiro semestre do ano e polo tanto, executando integramente con cargo aos nosos fondos, aos nosos recursos propios ao Orzamento do ano 2020 deste Concello de Vigo. E hai que dicir que neste segundo trimestre como non pode ser doutro xeito, a prioridade foi o gasto social, atender ás necesidades das persoas, atender ás necesidades das familias, atender principalmente ás necesidades daquelas persoas que neste contexto de pandemia xeneralizada, de tamén de estado de necesidade nalgúns casos precisaban de axuda. Se facemos unha comparativa respecto do ano anterior, respecto do ano 2020 podemos dicir que estamos en parámetros moi similares, incluso superiores na execución do orzamento do ano 2020, na fase de recoñecemento das obrigas no ano 2019 estamos por enriba dos 8,9 millóns de

euros, neste ano 2020 na mesma fase, na mesa data, 30 xullo, estamos por enriba dos 10,7 millóns de euros, polo tanto, unha execución ordenada, planificada, activa do noso Orzamento para esta ano 2020, como digo coa prioridade de atender aás familias, ás persoas que máis o necesitan. Neste senso tamén se facemos unha comparativa entre as axudas de emerxencia no ano 2019 e no ano 2020, vemos que durante os meses da pandemia incrementamos as axudas de emerxencia nunha media de 487% respecto do ano 2019, en marzo se incrementaron en máis dun 500%, en abril máis dun 600%, maio mais dun 400% e xuño mais dun 300%, polo tanto, executamos esa prioridade que era atender ás persoas, atender ás necesidades daquelas familias, persoas, traballadores/as que precisaban axuda nestes momentos, en total, se gastou, adicouse á cidadanía máis de 1 millón de euros, 1,2 millóns de euros nestas axudas de emerxencia con máis de 9.000 axudas de emerxencia a familias. Tamén se facemos unha comparativa con outras institucións, se miramos á Xunta de Galicia vemos que adicou 0 euros para Vigo, deses máis de 18 millóns de euros que percibiu do estado, a Xunta de Galicia 0 euros para Vigo deses máis de 18 millóns de euros que percibiu do estado, o Concello de Vigo como acabo de dicir só en axudas de emerxencia máis de 9.000 axudas de emerxencia para as familias, en total ao Concello de Vigo adicou 1,7 millóns de euros á política social neste segundo trimestre do ano, máis de 54. 000 menús a domicilio, máis de 900 tarxetas de alimentos para as familias, 1.200 persoas con axuda domiciliaria, 788 usuarios en teleasistencia, 156 persoas sen fogar con aloxamento cuberto nos pavillóns e nos hostais, contratados polo concello de Vigo, é dicir, unha atención prioritaria e singular a aquelas persoas sen recursos, todo iso acompañando do mantemento dos servizos públicos municipais, recollida de lixo, limpeza viaria, especialmente a desinfección de espazos, cun gasto significativo para desinfectar os espazos de uso público comunitario desta cidade pagado integramente co Orzamento municipal, pagado polo tanto, integramente cos fondos públicos do Concello de Vigo e tamén adicando axudas ás familias para atender as necesidades como os libros para que os rapaces estudasen e ordenadores e tamén comedores sociais, asociacións, deportes e tamén para o bono bus para as persoas na nosa cidade, polo tanto, executando correctamente o Orzamento

SR. PÉREZ IGLESIAS: O certo é que o nivel de execución deste segundo trimestre, no capítulo de investimentos non atinxe nin ao 9%, nun total no conxunto das contas do Concello a redor do 30%, en todo caso, é evidente que este goberno arrastra dificultades de carácter estruturais para executar o seu propio Orzamento mais tamén é claro que este resultado que o nivel de execución está atravesado como explicaba o concelleiro de Facendo polo efecto evidentemente da crise do coronavirus, pola paralización que tamén supuxo dende o punto de vista administrativo o confinamento e nese sentido dende o Bloque Nacionalista Galego non imos facer maior énfase a este respecto en todo caso si que lembrar que sen pandemia o nivel de execución estrutural no Concello de Vigo pois nunca estivo nos niveis acidos. En todo caso, o que en opinión do BNG demostra que este nivel de execución é algo moi importante, e é que certifica a necesidade urxente dunha revisión integral dos orzamentos municipais deste exercicio que permita atender as necesidades extraordinarias deste novo contexto. O que é claro e dende logo para o BNG indiscutible é que as previsións económicas a 1 de xaneiro deste ano, hoxe non se poden soste e por iso nós xa lle trasladamos nas primeiras semanas da crise do coronavirus, na primeiras semanas da pandemia que era o momento xa naquel mes de marzo de iniciar o traballo de revisión do Orzamento para adecualo á nova realidade que ía vir e que era pois relativamente doado anticipar, tanto no ten que ver co axuste no capítulo de ingresos, mais sobre todo coa necesaria reorientación do gasto. Con este nivel de execución do capítulos de investimentos moi dificilmente vaise atinxir unha efectivización deste gasto ao longo, no que resta no ano 2020 e por iso entendemos que é urxente modificar os orzamentos municipais deste ano.

SR. PÉREZ CORREA: Evidentemente o ano 2020 e ademais o verbalizamos neste Pleno, en anteriores Pleno, é un ano completamente diferente a tódolos anos que temos vivido, non só en materia política, en materia de cobertura social ou en materia incluso sanitaria pero tamén dixemos que iba ser un ano diferente en materia orzamentaria, eu quero lembrar que se aprobaron os marcos orzamentarios que xa debatemos sobre isto e unha das cuestións que estaban enriba da mesa era precisamente como se ía a trasladar a situación que está a vivir a sociedade galega, do estado e as persoas que viven na nosa cidade, como

se ía trasladar esta realidade á execución orzamentaria e como se ía a trasladar ao Orzamento aprobado a finais do ano pasado, e nós non queremos facer leña do grao de execución deste Orzamentos e non imos a facer pola cuestión que este grao de execución orzamentaria se está repetindo en case tódolos concellos do país, onte mesmo se sabía tamén o grao de execución no Concello de A Coruña que en canto a investimentos está un pouco por enriba pero está na mesma porcentaxe do 8%, o problema é que estamos valorando xa a metade do ano e se sobre 51 millóns de euros de investimentos, á metade do ano é certo que isto xa o mes de xullo sabemos que se levou a Mesa de Contratación, algún investimento importante como pode ser a reforma de Balaídos que pode maquillar ou non estas cuestións relacionados cos investimentos e co grao de execución, isto obrigaba a tomar, non agora, senón que obrigaba a tomar xa durante os meses da pandemia algunha decisión de carácter político que afectara aos orzamentos e o grupo municipal da Marea de Vigo xa dixemos na contorna do mes de abril que obviamente gran parte dos investimentos ían quedar sen executar e non só pola cuestión de si se poden facer ou non mesas de contratación ou se se pode ou non facer determinados procesos de contratación, senón porque hai moitas partidas que sabemos dentro do Plan de Emprego axudas a colectivos que xa non as van a pedir, entre outras cousas porque xa non poden ao longo do 2020 desenvolver gran parte das actividades, estou a falar por exemplo do movemento veciñal que segue agora mesmo sen abrir o seus centros culturais e gran parte da actividade económica ligada a todo ese plan de emprego, polo tanto, nós pedíamos en abril que se recompuxera, se repensara gran parte do Orzamento para evitar chegar a final de ano cun grado de execución moi baixo e que gran parte desas partidas que agora mesmo podemos mover, mediante as modificacións orzamentarias, acaben no caixón do superávit que salvo desgracia de última hora parece ser que o que había co Partido Popular e o que había co actual Ministerio de Facenda vaise poder mover moi pouco, gran parte dese superávit non o imos poder utilizar ou non imos poder utilizar en determinadas cuestións de consenso dentro do ámbito da FEMP e hai partidas que agora mesmo se fan absolutamente necesarias de executar, todas as que teñen que ver co plan de emprego, todas as que teñen que ver con programas de inserción laboral van a ser absolutamente centrais no que queda de ano, temos os meses de verán e esperemos que entre setembro e decembro polo

menos as partidas que son de promoción económica de reactivación económica da cidade, porque nos veñen uns meses despois da campaña de verán absolutamente dramáticos no que ten que ver co emprego nesta cidade. A execución está sendo baixa en todos e cada un dos concellos deste país e incluso nalgúns con problemas serios se non se pode finalmente utilizar o superávit os remanentes ao 100% para poder activar economicamente a nosas cidades, e o que lle pedimos é o meso que lle pedimos en abril e que incluso nós propuxemos algunhas partidas susceptibles de ser modificadas, é que se repense o Orzamento xa, que entremos en setembro cun Orzamento completamente diferente porque ese Orzamento segue pensando que nesta cidade, no ano 2020, non pasou absolutamente nada, segue pensando no Nadal, en determinadas cuestións que en decembro poderán ter algún impacto económico pero que dubido que moitas empresas, comercios e incluso hostalería cheguen a decembro vivos, e polo tanto, isto obriga a repensar gran parte das partidas, e se que houbo un esforzo importante en materia de gasto social, imos a aprobar unha modificación orzamentaria que vai nese sentido, si que hai partidas, nos discrepamos do Partido Popular, claro está executado o 30% porque agora por exemplo en xullo se está executando unha parte importante do gasto que son as becas de comedor, e as becas que están agora mesmo en proceso de consignación. Nós imos a ser, imos a dicir exactamente o mesmo, sabemos que hai un problema de execución neste Concello, as medias de execución en capítulo de investimento e o di a propia conta Xeral están no contorna do 40 e pico, 50% en tódolos exercicios pero xa non o imos a fixar tanto como o facemos outros anos nisto, senón que se repense o orzamento, se cambie a cultura orzamentaria para o ano 2020 porque estamos nun status completamente diferente e ademais creo que o esté demandando gran parte da sociedade viguesa.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Estados de execución do Concello a metade do ano, Sr. Alcalde, nos da vostede xa coa primeira na fronte, o orzamento do Concello de Vigo ascende a 295 millóns de euros, que é o resultado de sumarlle aos 267 millóns que se aprobaron aquí no mes de decembro, os 27,6 millóns que quedaron sen executar do ano pasado. E deses cartos, deses 295 millóns de euros, tiña que estar executada a metade pero só se pagou menos da terceira parte, o 30%, o ano pasado por estas datas a execución era do 33%, o Concello pagou 86 millóns de

euros fronte aos 97 e pico que pagou o ano pasado, é dicir, que aos petos dos vigueses/as chegaron 11,2 millóns menos que os que pagara xa o ano pasado, é verdade que o COVID-19 reduciu a actividade municipal en moitas áreas, pero o noso entender habería que compensalo con outras, por exemplo, coas axudas aos comerciantes, aos autónomos, ás micropemes ou axudas ao emprego, e Sr. Alcalde nin unha cousa nin outra porque non houbo axudas, nin para comerciantes, nin para autónomos nin para micropemes, nin para hostaleiros, en canto aos programas de emprego do Concello que tiñan un orzamentos de 6 millóns, gastaron 300.000 e pico, un 5%, isto cunha taxa da paro do 18%, 23.561 persoas desempregadas en Vigo, 2.000 máis das que había antes do COVID-19. O ano pasado quedaron sen executar como digo 20 millóns de euros, 27 millóns de euros e temos un superávit de 20 millóns, o noso Remanente de Tesourería para gastos xerais é de preto de 100 millóns de euros, a 30 de xuño tiñamos máis de 95 millóns de euros na caixa, e o certo é que por produto desta inexecución acumulada o Ministerio de Facenda se quere levar estes cartos, a vostede lle parecerá ben? A nós evidentemente non, por que lle parece ben a vostede? Primeiro, porque se fixera o seu traballo non estaríamos nesta situación de inexecución e segundo, porque isto o que fai tolerar un roubo que outros alcaldes non toleran. Todos estes remanentes vainos levar o Ministerio de Facenda, durante o confinamento nos dixo que íamos a ter un gasto social colosal e fabuloso e nós lle criamos e o que vemos hoxe é que ese gasto social que se incrementou coas modificacións orzamentarias, incluso a que levamos hoxe en 19,2 millóns de euros, temos pagado 6 millóns, o 31%, cando teríamos que ter gastado moito máis, o Sr. Concelleiro de Facenda falla de incremento da porcentaxe de moitas partidas pero non fala de cantidades, en que se gastou o Concello estes 86 millóns de euros, como digo 6 millóns foron para gasto social, loxicamente hai que pagar a nómina, aí se foron deses 86 millóns, 30 millóns, gastos correntes, incluído os pagamentos ás concesionarias, gastos correntes do ano 2020, 48,5 millóns de euros; gastos de investimento, apenas 3,9 millóns de euros, cantos foron os cartos que de tódolos departamentos do Concello, de tódalas áreas orzamentarias de todos vostedes chegaron aos cidadáns, capítulo IV, transferencias correntes, 7,2 millóns de euros, os cartos que o Concello adicou por tódolos conceptos a empresas, a autónomos, veciños/as, eses foron os cartos 7,2 millóns, como digo significativamente claro,

claro deses 7,2 6 millóns foron para gastos sociais, para o programa 23, si, 6 millóns de euros de 19 millóns, e non nos cansaremos de repetilo porque este é o balance que se presenta aquí, non me importa o que fan os outros concellos, me importa o que fai o Concello de Vigo e me importa que o Alcalde dixo na pandemia que ía facer, que non ían faltar cartos, que non ía quedar ninguén sen atender, que o gasto ía ser fabuloso e colosal e hoxe o que vemos e que o que é colosal é a inexecución un ano máis, e advertimos, que é o produto desta inexecución que o produto do traballo dos vigueses/as que se pon en mans do Concello que non gasta, levarono outros, Sr. Alcalde.

SR. ANEIROS PEREIRA: Parece que faloron os profetas da apocalipse porque para dar leccións de execución orzamentaria e dar leccións de execución política miren, se hai algún goberno que atenda ás necesidades das persoas da cidade ese é o goberno de Vigo. Miren, aprazamos impostos por un importe superior a 5 millóns de euros neste primeiro semestre do ano, nin lixo comercial, nin Vados para aos accesos aos comercios, nin auga que se lle vai cobrar aos comercios, esa é unha das medidas que puxo en práctica este goberno é unha diminución de ingresos, dito doutra forma e tamén un gasto fiscal que se fai para a cidade, que supón que máis de 10.000 comercios desta cidade non van a pagar o lixo comercial, o Vado de acceso aos seus establecementos comerciais e tampouco van a pagar o recibo da auga, iso o facemos nós, o goberno de Vigo cos nosos recursos, cos recursos de toda a cidade que xestionamos para atenuar o impacto da crise nos pequenos establecementos comerciais, máis de 10.000 establecementos comercias que se benefician destas medidas. A Xunta de Galicia que é a que ten competencias na materia, cero, a Xunta de Galicia que é a que ten competencias polo Estatuto na materia, cero, cero, así de claro. Polo tanto, se hai algún goberno que atende ás necesidades da cidade, do pequeno comercio, das familias, das persoas é o goberno de Vigo, dicía tamén na miña primeira intervención que o goberno da Xunta de Galicia adicou a Vigo cero euros dos máis de 18 millóns de euros que recibiu do estado, cero euros adicados polo Xunta de Galicia ás familias e ás persoas de Vigo mentres que o goberno de Vigo máis de 1,7 millóns de euros directamente só en axudas de emerxencia social, se lle engadimos o impacto das axudas vía diminución de ingresos, vía diminución do lixo comercial, dos Vados,

dos ingresos pola taxa da auga, estamos facendo un investimento, unha aposta, unha axuda extraordinaria para ás familias que se sitúan en Vigo para os comerciantes que se sitúan en Vigo, polo tanto, é ter un pouco de cara dura política, vir a defender o que lle din en Santiago en Compostela que diga en Vigo porque sería moito máis práctico que defender os intereses da cidade de Vigo demandando máis execución pola parte da Xunta de Galicia, mire, execución da Xunta de Galicia, a metade do orzamento do IGAPE sen executar no 2019 e por suposto no 2020, Axencia Galega de Innovación 50% sen executar, 2019 e moito máis no 2020, polo tanto, se hai algún goberno que executa aquí, facemos obras, seguen as obras en marcha, os investimentos seguen sen marcha, arranxamos os colexios, as pistas deportivas, os campos de fútbol, preparamos a cidade para a arrancada despois desta situación de confinamento que tivo a pandemia e que tivo o estado de Alarma. Polo tanto, a execución a veremos a 31 de decembro.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

3(97).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTOS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO ANO 2020. EXPTE. 23295/541 (REXISTRO PLENO 2492/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 14 de xullo de 2020, o tesoureiro municipal co conforme do concelleiro de Facenda, emite o seguinte informe,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación

comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula a rexime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del periodo medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o

servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as disponibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 2º trimestre do ano 2020.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos

prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2020 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco, Convention Bureau e FAIMEVI.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU	F.FAIMEVI
Pagos feitos no trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	1.008	77	41	14	12
Importe dos pagos	27.171.559.52	378.550.42	74.435.82	2.172.99	145.20
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	6	0	35	0	0
Importe	84.318.97	.00	62.476.39	.00	.00
PMP (período medio de pago do trimestre)	12.87 días	24.11 días	57.98 días	14.69 días	10.17
Intereses de demora pagados no trimestre					
Nº de pagos	.00	.00	.00	.00	.00
Importe	.00	.00	.00	.00	.00
Pagos pendentes ao remate do trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	133	9	13	0	0
Importe dos pagos	3.051.199.41	53.331.12	31.497.12	.00	.00
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	10	0	46	0	11
Importe	56.391.57	.00	90.433.68	.00	11.454.44
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	11,40 días	6,27 días	69,71 días	0,00 días	421,71 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimest.	Entidade	Entidade	Entidade	Entidade	Entidade
----------	----------	----------	----------	----------	----------

	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Días		Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	16,58	21,18	28,54	12,50	73,10	35,88	16,00	0,00	0,88	330,71
Segundo	12,87	11,40	24,11	6,27	57,98	69,71	14,69	0,00	10,17	421,71
Terceiro										
Cuarto										

En contías e nº de pagos

Trimest.	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	31.858.279,62	2.277.430,23	209.611,71	120.799,55	216.482,58	92.589,63	856,53	,00	1.340,83	11.454,44
Nº pagos	1.865	103	86	19	168	63	50	0	14	11
Segundo	27.255.878,49	3.107.590,98	378.550,42	53.331,12	136.912,21	121.930,80	2.172,99	,00	145,20	11.454,44
Nº pagos	1.014	143	77	9	76	59	14	0	12	11
Terceiro										
Nº pagos										
Cuarto										
Nº pagos										

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago
Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación, FAIMEVI e Fundación CONVENTION BUREAU

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2020												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	16,73	11,85	11,22	8,96	12,33	8,16						
FAIMEVI	216,88	254,92	299,61	330,62	360,36	390,24						
MARCO	88,77	76,78	31,26	45,09	67,79	77,97						
XMU	18,76	6,27	12,25	10,02	16,40	9,93						
V. C.BUR.	,00	24,00	24,00	10,44	13,91	19,73						
PMP Global	17,60	13,08	11,63	9,69	13,42	9,73						

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2020

Mes	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago
Xaneiro	10.897.421,15	1.852.435,55	117.858,21	27.094,61	24.897,81	93.113,87	327,14	0,00	1.244,03	11.454,44
Febreiro	8.931.103,78	3.164.297,95	2.343,43	73.097,06	161.413,84	34.418,81	172,44	0,00	48,70	11.454,44
Marzo	11.990.236,68	2.255.736,33	89.410,07	120.799,55	30.170,93	92.589,63	356,95	0,00	48,40	11.454,44
Abril	9.603.071,50	2.984.060,20	118.697,41	75.349,56	47.418,96	105.848,77	1.123,31		48,40	11.454,44
Maio	9.210.579,92	1.366.622,06	124.402,93	19.277,27	16.724,87	113.757,92	4.895,57	0,00	48,40	11.454,44
Xuño	8.432.448,65	2.863.498,68	135.450,08	53.331,12	72.768,38	121.930,80	500,08	,00	48,40	11.454,44
Xullo										
Agosto										
Setemb.										
Outubro										
Novemb										
Decemb										
TOTAL	59.064.861,68		588.162,13		353.394,79		7.375,49		1.486,33	

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período.

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura ata o pago ou ata o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 22.07.20, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: É moi acaído este tema, este punto segundo da orde do día, a continuación da execución orzamentaria porque tan só neste segundo trimestre do ano pagamos 27.171.559 euros, máis de 27 millóns de euros que pagamos neste segundo trimestre do ano 2020, aos que hai que engadir por suposto os pagos da Xerencia Municipal de Urbanismo e os pagos das fundacións que forman parte do perímetro de vinculación deste Concello, o período medio de pago deste trimestre de confinamento, deste trimestre de estado de Alarma, atópase en 12 días, iso quere dicir que na volta dunha semana os nosos provedores cobran desta Concello, verificado que se presta o servizo, que se entregan os bens, os nosos provedores nun tempo récord, curto de tempo, nun tempo que pretende aforrar custes financeiros para as empresas que contratan co Concello de Vigo, que lle subministran servizos, que lles contratamos, que nos subministran bens que lles compramos, cobran polo tanto, nun prazo récord como o pon de manifesto o dato do último mes que computa neste último trimestre, o dato do mes de xuño cun tempo de pago de 9 días, polo tanto, cun tempo de pago extraordinariamente rápido, á cabeza do contexto do Estado, á cabeza do contexto das principais, non só de Galicia senón tamén do contexto do Estado e fai que Vigo lidere digamos ese ranking de cidades con pronto pago aos provedores, non é un ranking que se fai para competir con ninguén senón que é un ranking que pon de manifesto a prioridade deste goberno de Vigo de evitar tensións de Tesourería ás empresas, de favorecer o emprego, de minimizar polo tanto, o impacto tamén da crise para os comerciantes, para ás empresas, para os subministradores de bens e servizos a este concello. Levamos neste dous primeiros semestres do ano acumulados máis

de 59 millóns de euros en pagos, máis de 59 millóns de euros en pago, polo tanto, executando tamén o orzamento, dicía hai un intre que veremos a execución a 31 de decembro, levamos acumulados a 30 de xuño deste ano máis de 59-60 millóns para dicilo en cifras redondas, cuns tempos de pago, como dicía, no mes de xuño de 9 días, polo tanto, dende que a factura entra polo rexistro telemático de facturas, se comproba que se prestaron os servizos, que os bens contratados corresponden co encargado neste contrato, a administración municipal, o goberno de Vigo paga aos provedores en 9 días, tempo récord que nos coloca á cabeza da economía de Galicia, no impulso tamén ao tecido produtivo máis preto, no impulso tamén do tecido produtivo dos provedores, das empresas que prestan bens, servizos, que compran e que nos subministran bens que compra este Concello de Vigo, a comparativa co resto das cidades de Galicia é significativa, Vigo 9 días, A Coruña 35 días; Vigo 9 días, Lugo 22 días; Vigo 9 días, Ourense 100 días; Vigo 9 días, Pontevedra 20 días, Santiago de Compostela 50 días, e como dicía Vigo 9 días, nun tempo de pago á provedores, récord que pon de manifesto esa prioridade de atender ás tensións, a evitar as tensións de Tesourería para empresas, comerciantes, para quen presten servizos ou subministra bens ao Concello de Vigo.

Estes 9 días tamén nos poñen á cabeza de España se nos comparamos con Madrid que paga en 22 días, con Zaragoza que paga en 35 días, Valencia 18 días, Sevilla 29 días, Málaga 28 días, en fin, cidades do mesmo nivel poboacional ou máis nivel poboacional como é evidente con Madrid, Barcelona, Sevilla, Málaga ou Zaragoza pero tamén cun volume máis intenso de servizos e persoas atendendo ás necesidades, polo tanto, o goberno de Vigo paga aos nosos provedores nun tempo récord, atendendo ás necesidades, atendendo aos compromisos, respectando a legalidade e polo tanto, diminuíndo a tensión financeira para as empresas para que favorezan esa circulación da economía, creación de emprego e ese fluxo económico que é necesario para a nosa economía.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Claro que os datos reflicten unha evidente axilidade no pago á provedores, unha axilidade pola que o Bloque Nacionalista Galego non temos reparos para avezar aos servizos municipais pero unha axilidade que tamén é esixible a toda a administración pública e sobre todo a unha administración pública

como é o Concello de Vigo que dispón dunha situación económica-financeira que dende logo non xustificaría en ningún caso nin a demora no pagamento, nin situacións se puideron ter dado noutros momentos ou que se dan noutros concellos.

En todo caso, si quixera aproveitar en nome do BNG para trasladar unha preocupación que vimos recollendo sobre todo, xa noutros exercicios, xa noutros trimestres o temos comentado aquí, pero dende logo neste contexto de pandemia por parte do tecido asociativo e ten que ver con que o atraso na convocatoria dalgunha subvencións, a demora na resolucións das mesmas e o que vai a anticipar pois que vai haber un atraso en relación ás expectativas doutros exercicios no abono das mesmas á entidades sen ánimo de lucro, pois está a producir un evidente estrangulamento, falamos de entidades que prestan un evidente e importante servizo público para a cidade, en ámbitos tan variados como a actividade cultural, o deporte, e a atención a colectivos vulnerables e nese sentido si que o BNG queremos volver facer un chamado ao goberno municipal, a adecuar o calendario de subvencións que tanto polos prazos nos que se desenvolve como polos períodos subvencionados, pon sistematicamente en series dificultades, apuros a entidades sen ánimo de lucro, ao tecido asociativo da cidade, e neste contexto pois con maior razón debera haber tamén un esforzo por abrigar dende o punto de vista económico a entidades que sen o aporte de recursos públicos moi dificilmente vai poder continuar a prestar a súa actividade.

SR. PÉREZ CORREA: Evidentemente os datos son bos e ademais eu quero facer unha reflexión dende a experiencia propia e é que durante os meses de pandemia, hai moitas empresas que puideron salvarse e digo salvarse porque foi así, gracias a que traballaban para os concellos deste país e os concellos deste país están sendo os grandes pagadores con respecto aos servizos que dan moitas empresas por exemplo do ramo da informática, pero xente que traballa para concellos gracias aos períodos medios de pago e os compromisos de pago de tódolos concellos se puideron salvar, durante os meses de pandemia houbo unha escalada de impagos e os departamentos de xestión de cobro das empresas se volveron absolutamente tolos para conseguir pagos doutras administracións, algunhas delas incluso sen nin sequera recollerlles o teléfono a moitas empresas e temos moita

constancia, incluso empresas de Vigo que tiveron que pechar ou facer ERTes tendo un saldo de débeda con algunhas administracións moi potentes, os concellos pagando dentro dos prazos, incluso ponse agora, parece que hai unha guerra ou unha batalla como se deran un premio en ser os primeiros pagadores, pero pagar dentro dun ratio de pagamento de 20 días, para moitas empresas é un luxo porque reciben un pago en 20 días, e por exemplo, sectores como a banca están pagando a 90 días e outros sectores están incluso poñendo por escrito pagos por enriba dos 120 días, creo que é bo recoñecer que os concellos están sendo pagadores, incluso os que estaban nunha situación moi mala hai catro ou cinco anos, fixeron un esforzo de reducir o período medio de pago entre outras cousas, porque tamén hai unha lei que obriga a que primeiro se elimine a débeda e se pague aos provedores en tempo e logo poder utilizar o superávit noutros empregos pero os concellos están sendo un exemplo de administración pagadora, e esta reflexión a facemos porque efectivamente o Concello de Vigo fixo un esforzo como outros moitos concellos, hai concellos galegos que estaban en cento e pico días de pagamento e agora mesmo están en 20 días, e a tónica xeral é que a redución está sendo por enriba do 50 ou 60% os períodos de pago de tódolos concellos, por iso ás veces non é bo que nos comparemos con outros concellos que o que teñen feito é un esforzo titánico por baixar desas tres que tiñan na xestión da tesourería e que agora mesmo están por debaixo deses 30 días de recoñecemento que creo que é un dato positivo. En todo caso, o que nos falla sempre e o diremos porque outros concellos o que acompañan estes pagos, é certo que estamos a falar nesta ocasión de facturas emitidas que non importan outro tipo de transferencias que se fan, pero aquí estamos falando de facturas emitidas e de pagos que realiza o Concello, pero que a nós nos gustaría que acompasadamente a esta rapidez ou a esta xestión frenética de pagamento, exista e se constituía a comisión de seguimento e vixilancia da contratación pública porque é un instrumento, calquera persoa pode ir a web por exemplo, concellos de Madrid e ver como se fan eses pagos, como se realizan precisamente o seguimento dun volume importante que son os pagos que se realizan a concesionarias municipais e que ademais esta comisión tiña que estar constituída por Regulamento do Pleno, nin na anterior lexislatura que foi a primeira que a Marea de Vigo estivo, nin esta hai unha vontade de constituír esta comisión, é máis hai concellos que tendo maioría absoluta vou poñer un exemplo,

que sempre traio a colación, o concello de Rivas constituíu agora esta comisión e a dirixe un voceiro da oposición, incluso é unha maneira de fiscalizar, incluso democrática que pode haber unha comisión que perfectamente pode estar presidida ou xestionada pola oposición, e o parece que aquí neste Pleno se esquece, pero a cuestión fundamental do traballo da oposición é a fiscalización do traballo do goberno, polo tanto, non sería malo que acompañadamente a eses pagos houbera unha comisión onde puideramos discutir que tipo de pagos, por que se dan rapidez nalgúns, sobre todo nos pagamentos que teñen que ver coas concesionarias porque outros ás veces languidecen, incluso poñendo o tecido asociativo, cultural, empresas pequenas que moitas veces están reclamando pequenos pagos que parece que non corren tanta presa á hora de abordalos como outro tipo de pagamentos máis importantes que se fan a concesionarias privadas.

SR. MARTONTES GONZÁLEZ: O período medio de pago que é moi baixo efectivamente é produto só de dúas cousas, un, de que se se executa moi pouco o orzamento, dous, de que os cidadáns pagan e temos na tesourería do Concello moitos máis cartos dos que somos capaces de gastar, e se fixemos 86 millóns de euros de pagamento sobre un orzamento de case 300 neste semestre, tendo, segundo a liquidación orzamentaria do 19, 95 millóns de euros na caixa e tendo, segundo informe que nos presenta agora de liquidación do primeiro semestre, 95 millóns de euros na caixa aínda despois de pagar, aínda seguimos recadando, recibindo cartos doutras administracións e transferencia aínda temos cartos o raro sería que non se pagase en un prazo, vamos, rápido. Esa á realidade do Concello de Vigo, se paga ben porque os cidadáns cumpren co seus impostos, a previsión de ingresos foi dun 101% na Conta Xeral verémolo, dun 101% se paga mellor do que se esperaba e nós executando o orzamento, o goberno é incapaz de executalo todo, por iso se paga ben, esa é a razón de que se pague ben, alguén lle parecera que probablemente ser contratista do Concello é unha boa cousa non? Como non, gastos correntes dicía, 42 millóns de euros o ano pasado, por este semestre foron 47 millóns, esa foi a diferenza nada máis que 5 millóns, tódolos servizos municipais estiveron funcionando agás os que houbo que parar por un importe de 45 millóns de euros, 47 millóns fronte a 43 millón, cobran e cobran ben, claro que si, só fallaba, é un luxo traballar para este Concello, sen dúbida ningunha, pero nós

o queremos non é que se atenda aos contratistas do concello, que está ben, nós o queremos é que se atenda á cidadanía e ás empresas viguesas, nós o que queremos e así o pedimos, é que haxa axudas que non as hai para as empresas, micropemes, hostalería e comercio. Di vostede, non é que ao gasto social que se lle fai hai tamén que sumarlle o que se van aforrar cos impostos que lle imos a bonificar, mire durante a pandemia aquí todo Deus pagou a auga, todo Deus pagou a auga, a auga non se bonificou, estaban pechados e pagaron a auga, nós falamos con eles tódolos días, agora din que van a facer unhas bonificacións, a ver, onde están esas bonificacións da ordenanzas, onde están eses expedientes orzamentarios, as contas da vella, lle sumo o gasto social o que me vou a aforrar co que lle vou a bonificar, pero isto que é? Isto non é serio. Miren, lle preocupa, desculpa a inexecución do Concello, si, non é que a Xunta de Galicia executa moito menos, pero quen falou, eu non falei nin da Xunta de Galicia, nin de Santiago de Compostela, falou vostede, se quere falamos da Xunta de Galicia, non me referín nin un só momento na miña intervención nin a Xunta de Galicia, nin de Santiago de Compostela, se quere que falemos, mire xa falon os cidadáns, en Galicia, en Pontevedra e en Vigo, xa falon de abondo e puxeron a cada un no seu sitio, todo o mundo sabe quen gañou as eleccións en Galicia, quen en Pontevedra e quen en Vigo, non desculpe vostede a inexecución do Concello coas presuntas fallas de pagamento dunha administración como a autonómica que o único que fai é tirar pedras contra o seu propio tellado porque o está facendo é desculpando os seus problemas de execución e ademais pon en evidencia unha situación, que esa xestión foi revalidada nas urnas pola cidadanía en toda Galicia e en Vigo tamén. Dito isto, hai un Remanente de Tesourería de case 100 millóns de euros, por iso se paga ben, por iso se paga ben, agora o veremos o remanente de tesourería, hai cartos na caixa, o problema é que precisamente porque hai cartos na caixa se non se executan os van levar de aquí, cal é a proposta do Ministerio de Facenda para facer fronte aos gastos que ten o goberno, a proposta a quixo levar o outro día a FEMP e lla botaron atrás, ten que buscar outro día, a proposta é que lle demos nos os nosos cartos Sr. Caballero, que lles demos nós os nosos cartos e que nos devolvan nun préstamo a prazos, o traballo dos vigueses.

SR. ANEIROS PEREIRA: Ben, de novo isto parece o Club da Comedia, agora que os Plenos se retransmiten por Youtube e que o poden ver porque a intervención que acaba de facer o Sr. Marnotes é máis ben do Club da Comedia que dun Pleno serio, dun Concello serio como é o Concello de Vigo.

Miren, o que fai o Sr. Marnotes son as contas da leiteira, el pensa que hai unha leite na leiteira que levan na súa cachola, enriba da súa cachola e confunde cousas que son moi sensatas como é a orzamentación prudente dos ingresos e non respecta un dato que é moi tozudo que é o dato da execución orzamentaria e o dato do pago a provedores, pero dito isto, voume a centrar no verdadeiramente importante porque neste goberno si que somos conscientes do peso que ten o sector público no apoio e no impulso á economía, e somos o goberno que mellor e máis atende ao tecido produtivo da nosa cidade e incluso da nosa contorna, mire, en termos de produto interior bruto o sector público representa máis do 50% do orzamento e dos investimentos e do valor engadido que representa a economía, nós como axudamos a ese tecido produtivo? Con pronto pago a provedores, os provedores que contratan co Concello de Vigo saben que cobran e compran nun tempo récord, non teñen tensións de tesourería polo tanto, non teñen que facer expedientes de regulación, non teñen facer despidos, teñen recursos para facer fronte á compra de bens para tamén soste a economía, apoiamos o tecido produtivo cun aprazamento de impostos sen precedentes na historia, no primeiro semestre do ao 2020 ningún imposto municipal ó cobro neste Concello, ningún imposto municipal ao cobro, non o fixo ningún concello do contexto do Estado, xa non de Galicia, no contexto do Estado, aprazamento de impostos durante o primeiro semestre do ano 2020 a máis redución da taxa de lixo comercial para máis de 10.000 comercios desta cidade, para máis de 10.000 establecementos comerciais desta cidade, se precedentes na historia desta cidade, sen precedentes tamén no contexto de Galicia, non sei onde está a Xunta de Galicia apoiando ao comercio, non sei onde está a Xunta de Galicia apoiando a industria, non sei onde está a Xunta de Galicia nesta provincia e máis, non sei onde a Xunta de Galicia nesta comunidade autónoma, non sei onde está porque apoio cero, apoio ás familias cero, apoio ao comercio cero, apoio a industria cero, neste goberno apoiamos a industria, comercio, ás persoas, apoiamos á cidade, dinamizamos a cidade, sendo o Concello con máis investimentos, recentemente saíron uns datos

de investimento das cidades de Galicia, Vigo á cabeza do investimento das cidades de Galicia, polo tanto, somos conscientes do peso que temos no valor engadido bruto da economía e por iso apoiamos ás empresas, ás persoas e ao comercio, somos o goberno que apoia ás empresas.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

4(98).- CONVALIDACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 32/2020 EN CUMPRIMENTO DO PREVISTO NO ART. 20.2 DO RD-LEI 11/2020. EXPTE. 199277/301 (REXISTRO PLENO 2476/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 15 de maio de 2020, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro de Orzamentos e Facenda emiten a seguinte proposta,

“Antecedentes

O artigo 3 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, establece o destino do superávit das entidades locais correspondente a 2019 e aplicación en 2020 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2019 poderase destinar para financiar gastos de investimento incluídos en a política de gasto 23, «Servizos Sociais e promoción social», recollida no anexo I da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, previa aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Dentro de referida política de gasto, consideraranse, con carácter excepcional aos exclusivos efectos do precitado artigo, incluídas as prestacións sinaladas no punto 2 do artigo 1 deste Real Decreto-lei.

Así mesmo, será de aplicación o réxime de autorización recollido no último parágrafo do apartado 1 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O artigo 3.1 do RD-lei 8/2020, delimita a aplicación, sendo os empregos do 20% do superávit SEC-2010 correspondente á Liquidación orzamentaria do ano 2019, os seguintes:

- Financiamento de investimentos incluídos na política de gasto 23.
- Reforzar os servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os cuidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia, compensando así o peche de comedores, centros de día, centros ocupacionais e outros servizos similares, considerando o maior risco que asumen estas persoas en caso de contaxio. Estes servizos comprenden a axuda a domicilio en todas as súas modalidades e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa usuaria.
- b) Incrementar e reforzar o funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria de maneira que incrementen o ritmo de contactos de verificación e a vixilancia da poboación beneficiaria do devandito servizo.
- c) Trasladar ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, os servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares, considerando a suspensión de atención diúrna en centros.
- d) Reforzar os dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados, asegurando que tanto elas como quen as atenden estean debidamente protexidas, e posibilitar a ampliación, tanto no tempo de estancia como en intensidade, dos mesmos.
- e) Reforzar os persoais de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario realizar substitucións por prevención, por contaxio ou por prestación de novos servizos ou sobrecarga do persoal.
- f) Adquisición de medios de prevención (EPI).
- g) Ampliar a dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.
- h) Reforzar, con servizos e dispositivos adecuados, os servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes.

Expediente que se tramita

En execución da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (33/2020), que está conformado da seguinte documentación:

Memoria xustificativa da Área de Política de Benestar Social, na que se motiva a necesidade de recursos para facer fronte á situación extraordinaria xerada pola situación de alarma vixente, especificando cales son as aplicacións que conformarán os empregos, e constancia de que os mesmos son de aplicación á política de gasto 23.

Resolución de incoación do expediente da data indicada na mesma.

Análise da proxección da Liquidación do Orzamento do ano 2020 na que se avalía o cumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria e da Regra de gasto, engadindo os axustes relacionados coa situación de alarma e o seu impacto orzamentario.

Acreditación do superávit SEC-2010 correspondente á Liquidación do ano 2019.

Acreditación de que non hai endebedamento financeiro.

Acreditación da Existencia dun Remanente Líquido de Tesourería positivo suficiente para facer fronte ao financiamento da modificación orzamentaria.

Acreditación dun PMP por debaixo dos prazos legalmente establecidos.

Acreditación de que non hai débedas con TGSS, AEAT e ATRIGA.

En canto ao cumprimento dos requisitos para a utilización do superávit avaliado en termos do SEC-2010 correspondente á Liquidación consolidada do ano 2019, así como o destino do mesmo, estarase ao informe que emita o Sr. Interventor Xeral en exercicio das súas funcións.

Para a aplicación do superávit, o Concello de Vigo ten que cumprir todos e cada un dos requisitos esixidos pola modificación que incorporou a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro á DA sexta da Lei Orgánica 2/2012: que a Conta 413 do PGCP adaptado a entidade local, non teña contías pendentes de aplicar ao orzamento, así como non ter préstamos concertados para facer fronte ao financiamento de pago a provedores FFPP ou outros fondos, en todo caso dando cumprimento ao previsto no apartado 1.a) e b) da DA da precitada Lei Orgánica 2/2012. Nese caso, o destino do superávit, sempre dando cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto para a Liquidación do Orzamento do ano 2020, pódese destinar a facer fronte aos empregos que regula o artigo 3.1 do RD-lei 8/2020.

De acordo á memoria xustificativa que figura no expediente, estes empregos, non van a por en perigo a estabilidade orzamentaria nin a sustentabilidade financeira nin a curto nin a longo prazo, sempre e cando se cumpran as hipóteses que se tiveron en conta para a súa proxección, e os axustes extraordinarios se manteñan nos termos avaliados.

Cumprimento dos requisitos:

- No hai débedas pendentes con cargo a fondos outorgados pola normativa seguinte: Real Decretolei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, Real Decreto-lei 7/2012, de 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores, Real Decreto-lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros, Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, regulándose: o Fondo de Impulso Económico, Fondo de Ordenación, Fondo en liquidación para o Financiamento dos Pagos aos Provedores de Entidades locais.

- Non hai endebedamento financeiro, pechándose o ano 2019 con débeda financeira CERO, non estando previsto no orzamento do ano 2020 a concertación de ningunha operación, non se computa, por ser unha operación de tesourería a débeda da Fundación MARCO.

- A Liquidación do orzamento do ano 2019, pechouse cun Remanente de Tesourería positivo da Entidade de 92.057.012,48 euros e 99.902.443,49 euros nos estados consolidados, polo que a contía é superior ao Superávit total e evidentemente maior que o 20% do mesmo, que é o límite máximo a utilizar que regula o artigo 20 do Real Decreto-lei 11/2020 .

- O Aforro neto Consolidado foi de 34.394.145,71 euros na Entidade e de 35.986.579,53 euros nos estados consolidados.

- A Conta 413, no ten saldo pendente de aplicar ao peche do primeiro trimestre do ano 2020.

O Superávit SEC-2010 da Entidade e grupo correspondente á Liquidación Orzamentaria 2019 é o seguinte: a Entidade ascende a 17.196.581,94 euros, e o total co resto de entidades (consolidado) a 19.199.732,06 euros.

- Hai cumprimento da Regra de gasto para o perímetro de consolidación, Liquidación 2019

- Hai cumprimento do período de pago a provedores 2020.

- Hai cumprimento de estar ao corrente nas obrigas coa Tesourería da SS, AEAT e ATRIGA.

Certificados da TGSS de 03/04/2020, da AEAT, de 05/03/2020 e da ATRIGA de 14/11/2019

- Superávit correspondente ao orzamento consolidado do grupo do ano 2019: 19.199.732,03 euros.

- Superávit correspondente á Entidade no ano 2019: 17.196.581,94 euros.

- 20% do superávit que reflicte o artigo 20 do RD-lei 11/2020: 3.439.316,39 euros.
- O gasto proposto ten a súa aplicación aos capítulos, 1, 2 e 4 do estado de gastos do programa 2310.
- Achégase a memoria dos empregos proposta pola Área de Servizos Sociais.
- Nas proxeccións orzamentarias para avaliar o cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto, non se está a ter en conta os efectos dos empregos, xa que aos efectos de verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade, o resultado ten que ser dun superávit superior que o 20% do mesmo, en todo caso, maior que os empregos que son obxecto da modificación orzamentaria. En canto á Regra e Gasto, ao amparo do previsto na DA sexta da Lei Orgánica 2/2012, o financiamento con cargo ao superávit, non computa na regra de gasto.

En relación co anterior, achégase ao expediente avaliación da proxección dos gastos e ingresos ao peche do ano 2020, que permite a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto para o período, dando cumprimento ao previsto no apartado 6 da DA décimo sexta do TRLRFL.

Excepcionalidade de prazos que regula a Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no apartado 4 da Disposición Adicional terceira, establece que, sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

A modificación de crédito que se está a tramitar, da resposta ao previsto no artigo 3 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, establece o destino do superávit das entidades locais correspondente a 2019 e aplicación en 2020 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2019 poderase destinar para financiar gastos de investimento incluídos en a política de gasto 23, «Servizos Sociais e promoción social». O interese xeral está máis que xustificando, atender as situacións das necesidades extraordinarias que xurdiron do estado de alarma e os acordos adoptados en relación cos empregos de recursos que se están a acordar polo órgano competente para facer fronte. Polo tanto, o expediente de modificación de crédito que se tramita e que se exceptúa da suspensión de termos e prazos que regula a DA terceira do RD 463/2020, ten

causa inequívoca no actual estado de alarma, no artigo 3 do RD-lei 8/2020 e no artigo 20 do RD-lei 11/2020.

A excepcionalidade está acordado na Resolución de inicio do expediente.

Órgano competente

Dada a situación extraordinaria na tramitación de este tipo de expedientes, o artigo 20 do RD-lei 11/2020, no seu apartado 2, establece que para a aplicación do superávit á política de gasto 23 nos termos regulados no artigo 1 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, a modificación orzamentaria de crédito extraordinario para habilitar crédito ou de suplemento de créditos que deba aprobarse, tramitarse por decreto ou resolución do Presidente da corporación local sen que lle sexan de aplicación as normas sobre reclamación e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. Tales decretos ou resolucións serán obxecto de convalidación no primeiro Pleno posterior que se celebre, esixíndose para iso o voto favorable dunha maioría simple e a posterior publicación no Boletín Oficial correspondente.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 20, apartado 2) do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Alcalde Presidente, a adopción do seguinte acordo

Proposta

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 33/2020, Suplemento de Crédito, correspondente ao expediente 19927/301 por unha contía de 600.000 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria que se achega da Área de Política de Benestar Social, na proxección orzamentaria que garante o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto e na Resolución de inicio do expediente.

Os empregos e recursos que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

- Empregos do superávit SEC da Liquidación do Orzamento do ano 2019.

Area Xestora Bs. Social	Programa	Partida económica	Suplemento crédito
Xestión COVID-19	2310	2279910	100.000,00.-

Axudas a familias e fondo emerxencia	2310	4800000	500.000,00.-
--------------------------------------	------	---------	--------------

• Recursos financeiros

Concepto	Partida	Importe
Remanente Líquido Tesourería p/ gastos xerais	87000	600.000,00.-

SEGUNDO.- Unha vez aprobada a modificación orzamentaria nº 32/2020, en cumprimento do previsto no art. 20.2 do RD-lei 11/2020, deberá someterse á convalidación polo Pleno da Corporación, que requirirá a maioría simple para a súa aprobación.

A excepcionalidade en relación cos termos e prazos que regula a Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, modificado polo 465/2020, xa foi acordada na Resolución de inicio do expediente.

TERCEIRO.- Unha vez convalidado o expediente, farase a publicación no Boletín Oficial da Provincia, non quedando supeditado a publicidade nin reclamacións que regula o artigo 169 do TRLRFL.

Con data 15 de maio de 2020, a Alcaldía-Presidencia dita a seguinte Resolución,

“O artigo 20 do Real Decreto-lei 11/2020, no seu apartado 2, establece que para a aplicación do superávit á política de gasto 23 nos termos regulados no artigo 1 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, a modificación orzamentaria de crédito extraordinario para habilitar crédito ou de suplemento de créditos que deba aprobarse, tramitarase por decreto ou resolución do Presidente da corporación local sen que lle sexan de aplicación as normas sobre reclamación e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

O Expediente 199277/301 de modificación orzamentaria de crédito extraordinario e suplemento de crédito n.º 33/2020-, por un importe de 600.000,00 euros, ten causa na situación extraordinaria xerada polo estado de alarma e queda sometido ao trámite previsto no artigo 20.2 do RD-lei 11/2020.

Vista a proposta formulada,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 33/2020, Suplemento de Crédito , correspondente ao expediente 19927/301 por unha contía de 6000.000 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria xustificativa da Área de Política de Benestar Social e na proxección orzamentaria que garante o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto.

Os empregos e recursos que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

- Empregos do superávit SEC da Liquidación do Orzamento do ano 2019.

Area Xestora Bs. Social	Programa	Partida económica	Suplemento crédito
Xestión COVID-19	2310	2279910	100.000,00.-
Axudas a familias e fondo emerxencia	2310	4800000	500.000,00.-

- Recursos financeiros

Concepto	Partida	Importe
Remanente Líquido Tesourería p/ gastos xerais	87000	600.000,00.-

SEGUNDO.- Unha vez aprobada a modificación orzamentaria nº 32/2020, en cumprimento do previsto no art. 20.2 do RD-lei 11/2020, someter o expediente á convalidación polo Pleno da Corporación, que requirirá a maioría simple para a súa aprobación.

A excepcionalidade en relación cos termos e prazos que regula a Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, modificado polo 465/2020, foi acordada na Resolución de inicio do expediente.

TERCEIRO.- Unha vez convalidados os actos, farase a publicación no Boletín Oficial da Provincia, non quedando supeditado a publicidade nin reclamacións que regula o artigo 169 do TRLRFL.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 22.07.20, ditaminou favorablemente dita proposta

DEBATE:

SR. ANEIRO PEREIRA: Se trata neste caso de convalidar unha desas medidas, que hai que dicilo, que permite ao goberno de España a través dun dos decretos-leis aprobados neste estado de alarma e polo tanto, nunha das medidas que pretende chegar recursos para satisfacer as necesidades das persoas, neste tempo de

confinamento, neste tempo de estado de alarma derivado da pandemia, e unha das principais liñas de actuación foi a defensa do benestar das persoas, da saúde das persoas, da seguridade das persoas e polo tanto, para facer esa política de atención ás persoas é necesario achegar recursos para satisfacer eses gastos que as distintas administracións singularmente, os concellos como administración máis próxima ao cidadáns, tivemos que facer nestes máis de 90 días que durou a situación da confinamento, que durou este estado de alarma para protexer e hai que dicilo, a saúde de tódolos, a saúde de todos, tamén o dicía recentemente o lector do Bando do día de Galicia, que o Tribunal Constitucional nunha das súas recentes sentencias declarou esa primacía do dereito á saúde sobre outros dereitos como unha forma de garantir a saúde, a seguridade, a vida das persoas no contexto do estado. Polo tanto, para satisfacer, para protexer polo tanto, a vida, para protexer polo tanto as necesidades das persoas, é necesario achegar eses recursos, eses recursos que este Concello achega, dicía na miña primeira intervención máis 1,7 millóns de euros para gastos, só de política social, sen contar desinfeccións da cidade, sen contar outras axudas que se fan ás persoas só 1,7 millóns de euros adicados en política social, e poñía tamén énfase que a Xunta de Galicia deses 18 millóns de euros adicionais extra que percibiu do estado, adicou a Vigo cero euros, polo tanto, nós si que adicamos os recursos ás persoas, si que velamos polas persoas, si que velamos por tódalas persoas homes, mulleres, rapaces/as, avós/as, nais, pais que viven nesta cidade e que precisan dunha atención especial, que precisan dunha persoa que os chame a casa para ver se precisan algo, se precisan axuda para ter medicinas, para ir ao supermercado, para que lles leven a compra á casa, para atender tamén ás persoas que precisan dun coidado especial na súa casa, as persoas singularmente maiores, as persoas con discapacidade ou con dependencia, polo tanto, para atender a esas persoas e tamén para atender aos que non teñen nada, para atender ás persoas sen fogar. Polo tanto, foi preciso reforzar tamén os centros de servizos sociais, reforzar tamén a atención ás persoas sen teito, e ademais reforzar tamén por suposto, a seguridade das persoas que traballan para este Concello coa compra, coa adquisición de equipos de prevención, tamén hai que garantir ás persoas que non teñen recursos puntuais por esta situación de digamos de peche que tivemos froito do estado de alarma pero froito, hai que dicilo, da pandemia do COVID-19, garantir

os ingresos ás familias que así o precisan porque comer é a primeira necesidade que teñen as persoas, polo tanto, a moitas persoas houbo que axudar tamén nesta faceta da súa vida, polo tanto, adicar recursos públicos do Concello de Vigo a estas necesidades das persoas.

Polo tanto, nesta convalidación que hoxe se trae desta modificación orzamentaria que hoxe se trae aquí é unha modificación orzamentaria que se trae a convalidación neste Pleno, convalidamos esa achega de recursos para ás necesidades das persoas, o Alcalde soe dicir que non temos límite orzamentario para atender ás persoas e esta é unha manifestación, estamos modificando o orzamento para atender ás persoas, para satisfacer esas necesidades singularmente das persoas maiores, dos discapacitados, das persoas en situación de dependencias, das persoas que teñen puntualmente unha necesidade de recursos para as súas necesidades básicas, e tamén para atender a hixiene das persoas, para atender a atención domiciliaria e tamén atender ás persoas que teñen rapaces/as na casa e que precisan tamén de apoio para a conciliación persoal pero sobre todo para a conciliación laboral sobre todo nesta fase de desescalada onde os nenos quedaron sen escolas porque a Xunta de Galicia as pechou pero os pais tiñan que ir a traballar e polo tanto, é preciso tamén establecer medidas de axuda para esas persoas que necesitan conciliar as súas necesidades persoais coas súas necesidades profesionais e laborais, ese é o destino destes cartos que modificamos, que hoxe convalidaremos aquí a través desta modificación orzamentaria e como digo atender ás necesidades das persoas, apoiar ás persoas, garantir a saúde, a seguridade, a vida das persoas e favorecer a súa integración plena nesta cidade.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Esta segunda modificación orzamentaria que trae o goberno derivada da situación da pandemia, son 600.000 euros a conta do superávit do ano 2019 que se engaden a outra modificación xa convalidada por importe de 870.000 euros que aprobamos no Pleno do 27 de maio, o Bloque Nacionalista Galego imos votar afirmativamente e imos apoiar esta convalidación da modificación orzamentaria no que ten de incrementar os recursos dos que dispón o Concello de Vigo precisamente para afrontar esta situación, lamentamos e o queremos dicir tamén que non haxa unha maior ambición nestas modificacións e que en

comparación mesmo con concellos que dispoñen de orzamentos moito máis axustados a utilización de recursos extraordinarios en Vigo está sendo pois moi limitado o que tamén da conta de que se cadra está sendo tamén limitada a resposta.

Durante os últimos Plenos o Bloque Nacionalista Galego non tivemos reparos en recoñecer o traballo feito pola área de Política Social, pola concellería de Benestar Social, e o que queremos é volver facer un chamamento a que hai alargar e consolidar eses esforzos extraordinarios en política social que foron despregados e que se están a despregar neste contexto extraordinario para que non sexan unha paréntese e cremos que hai que consolidar e alargar ese esforzo a través de novas modificacións orzamentarias para poñer o orzamento municipal deste exercicio á altura das necesidades deste momento presente, máis tamén na previsión dos orzamentos municipais do vindeiro exercicio. O Concello de Vigo ten que atender con máis medios a realidade de pobreza e empobrecemento que xa estamos a afrontar e que se vai a recrudecer, no que levamos de 2020 hai 6.700 persoas máis sen postos de traballo na nosa cidade do que había ao inicio de ano, só no último trimestre datos da EPA publicados onte, se destruíron 5.400 empregos nas actividades industriais, hai que estar á altura.

SR. PÉREZ CORREA: É unha pena que o Alcalde abandone este Pleno sobre todo este Pleno de hoxe porque neste Pleno de hoxe imos a ter que falar moito das declaracións grandilocuentes que se fixeron ao longo dos últimos meses, dos compromisos que estaban xa pechados e adquiridos entre o ministerio de Facenda e a FEMP e sobre como os concellos íamos poder utilizar de xeito ilimitado e isto non é unha invención nosa, isto se expresou no Pleno de maio, no Pleno do xuño, de xeito ilimitado e a posibilidade de utilizar o superávit e os Remanente de Tesourería dos concellos e o que é certo e ademais o que creo que é perentorio e que hai un acordo do goberno entre o Partido Socialista e Unidas de Podemos que ten un punto que é a derogación de determinados leis que impediron que os concellos puideramos utilizar eses recursos que son propios dende o momento en que están orzamentados e que non se executan ao longo dos anos e o exemplo é isto, nós estamos a favor obviamente de incrementar 600.000 euros aos 870.000 que xa aprobamos nun Pleno anterior, pero o curioso e que dos 18 millóns de

euros consolidados da Corporación, do superávit do 2019, como por agora só se pode utilizar o 20% apenas hai 3,8 millóns de euros deses 18 millóns de euros de superávit que imos poder utilizar a administración local, polo tanto, e aí discrepo do que expresaba o concelleiro de Facenda, claro que temos limitacións, claro que non podemos, por desgracia temos limitacións e creo que o goberno no que lle corresponde a cota tamén da miña organización ao goberno non está sendo suficientemente espabilado para ver que isto, nunha situación de pandemia, nunha situación que como dicía o poeta Manuel Antonio fomos ficando so os concellos sen ninguén máis, ninguén nos axudou, as outras administracións, o goberno do estado fixo algunha transferencia ás comunidades autónomas, erro absoluto porque cada comunidade autónoma foi máis folclórica en que inventarse en que utilizar eses recursos e os concellos se quedaron sen os recursos para facer fronte a un esforzo titánico que fixeron as administracións locais, hai concellos en Andalucía onde o seu Alcalde se puxo ao fronte das residencias de persoas maiores, hai concellos onde os propios concelleiros co seus salarios pagaron comida a moitas familias, estamos a falar de concellos pequenos que non teñen a capacidade orzamentaria que ten o Concello de Vigo e esa situación onte, coñecía ou lía por enriba un informe da rede local na que participan altos funcionarios deste concello que dicía que os grandes agraviados durante a pandemia e agora no futuro van a ser os concellos por esa dependencia e moitas veces de transferencias doutras administracións pero tamén porque as limitacións máis vergoñentas da democracia se teñen imposta aos concellos que foron os grandes cumpridores e que non teñen ningunha culpabilidade no déficit e na débeda pública que ten o estado español, unha reforma constitucional pactada polo Partido Popular e Socialista decidiron que era así, que había que penalizar aos concellos pero que máis que nada o que había era que incautar os seus recursos que estaban nas entidades bancarias na súa maioría, concellos como Madrid 1.000 millóns de euros, como Vigo que sumando eses, eu creo que non son 100 millóns de euros, si o concelleiro do Partido Popular din que son 100 logo podemos contrastar, creo que son menos, pero por poñer un dato pois si son 100 son 100, eu creo que son sesenta e pico rondando os 70, por desgracia tamén lle metemos man a eses recursos para pagar as miserias do Auditorio Mar de Vigo pero en todo caso esta limitación, esta modificación orzamentaria é absolutamente limitada

porque deberíamos de poder xa, de maneira inmediata, o que podemos facer que ese 20% do superávit, é dicir, os 3,8 millóns de euros xa deberíamos facer unha modificación orzamentaria para que o departamento de Servizos Sociais e sobre todo que está asumindo a xestión de cousas que parece que solucionaban as cousas a xente como é o ingreso mínimo vital pero temos un problema que a xente se lle está dicindo que posiblemente cobren en setembro, moitas das persoas que teñen xa o que se lles está concedendo ese importante apoio social, xa deberíamos estar modificando, porque imos facer seguramente unha terceira, unha cuarta e incluso unha quinta modificación orzamentaria porque eses 600.000 euros, está a concelleira de Servizos Sociais pero sabemos ata onde chega e se a situación dos ERTEs e os impagos dos ERTEs por renovación de moitos casos se prolonga ata setembro, imos a ter que facer o Concello de Vigo un soporte vital de moitas familias ata que se comece a regularizar o pago dos ERTEs, que volvemos a ter un problema polas renovacións e os cambios de ERTEs en moitas empresas e porque o ingreso mínimo vital vai tardar, polo tanto, se eses 3,8 millóns de euros hai consenso que se poñan xa como modificación importante para os servizos sociais da cidade.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Este é o que manda vostede a Pleno, Estado das existencias de Tesourería, caixa, bancos e outras contas, total 95.189, iso é o que manda vostede aquí, se estou nalgún erro, pois igual é un erro, non sei, iso é o que hai, o que pase é que pois o baile de cifras é importante, temos cartos na caixa, iso ninguén o dubida.

Nesta modificación orzamentaria, o señor concelleiro de Facenda deu moitos argumentos pero non deu unha cifra, que é a cifra da modificación orzamentaria, a deron os meus compañeiros antes, 600.000 euros que se suman aos 870.000 que viñeron aquí hai dous meses, en total 1.470.000 euros, iso é a cifra na que se vai a incrementar o capítulo de política social neste Concello con respecto ao orzamentada e que chega ao 19,2 que dixó ao comezo da miña intervención dando por aprobada esta convalidación que nós imos votar a favor.

Un millón catrocentos setenta e mil que financiamos co superávit de 20 millóns, dos cales efectivamente o Estado nos permite gastar só o 20%, pero é que o 20% son 3,7 millóns de euros, aínda nos quedan dous millóns e pico para gastar o que o

Estado nos permite, aínda nos queda máis por gastar co que temos aquí aprobado coa modificación orzamentaria, iso sen contar as partidas que están no orzamento que nin se se executaron nin se van a executar, esa é a realidade, estamos moi por debaixo da modificación orzamentaria do que nos permite o Estado, moi por debaixo, o certo é que quedan 3,2 millóns de euros para gastar nas necesidades da xente e con estes 19,2 millóns de euros comparado do total do orzamento, o que imos adicar no ano 2020 ao gasto social é o 7%, un gasto de excelencia social e por enriba do 10% como teñen outros concellos, xa non falamos do gasto social por habitante que entres as grandes cidades de España segue, foi e seguirá sendo dos máis baixos de España, o 7% do orzamento, non hai que facer espaventos, nin falar de que incrementamos isto e ou outro, é do 7%, iso é o que supón 19,2 millóns de euros co respecto ao total do orzamento, punto, por iso en tódolos informes obxectivos, estadísticos a política social do Concello sae mal, pero tampouco hai que ler moitos informes, só hai que saír á rúa, como dixeron os meus compañeiros, quizais máis compracentes que min coa xestión de política social do goberno pero dalgunha maneira tamén puxeron claro que as colas nos comedores seguen existindo, as colas para pedir a renda mínima, tamén, hai unha realidade, e a esa realidade non se lle vai a facer fronte co 7% do orzamento, somos, fomos, somos e seremos un Concello precario en gasto social porque como dicía aquí estamos a solucionar unha parte do problema, porque a situación de emerxencia social non deriva do COVID-19, xa existía, e temos un fallo estrutural no noso sistema municipal, de atención primaria social, un déficit estrutural dende anos, non incrementarmos dende 4 anos os asistentes sociais, temos os mesmos que tiñamos e este orzamento que chega agora aos 19,2 millóns non vai ser suficiente como non era suficiente o do ano pasado para atender ás necesidades que había, é un déficit estrutural, eu dicía hai dous meses que este COVID-19 o que supuxo foi un esforzo que efectivamente por que non dicilo, foi un esforzo titánico, que tivo que facer o concello para atender todo isto, con pouco persoal, medios, con moito esforzo seguramente da concelleira, eu non o dubido, eu non poñer en dúbida o traballo de ningún, o que poño en dúbida é que os recursos non son suficientes, iso leva a que ten que haber un sobreestimo o que nos sorprende é que ese sobreestimo titánico que parecía que se ía facer en política social cando imos a ver a execución do orzamento vemos que se reduce a 6 millóns de euros sobre un total

orzamentado de 19 millóns de euro, e iso é unha realidade obxectiva, está nos documentos que envía vostede ao Pleno e nós temos que poñela de manifesto, non nos gusta nin o que se fixo dende hai anos en política social nin o que se está a facer agora co COVID-19, non é suficiente, nós apoiaremos esta convalidación pero tamén advertimos, nós pedimos mediante unha alegación ao orzamento, incluír 1 millóns de euros en emerxencia social no mes de decembro e vostedes votaron en contra, hoxe nós votaremos a favor.

SR. ANEIROS PEREIRA: Dicía o Sr. Marnotes que hai unha realidade, efectivamente, hai unha realidade, a administración que ten competencias na materia, que ten competencias en política social, en asistencia social, en dependencia, sanidade, adica cero euros, mentres que ten unha competencia delegada e polo tanto non de primeiro grao nesta materia como é o Concello de Vigo, adica de máis 1,9 millóns de euros só nestes segundo trimestre do ano 2020, en axudas ás familias, é palmaria que esa realidade non é a realidade da mesa camilla na que se reúne o Sr. Marnotes coa súa xente senón que a realidade está na rúa, está tamén nas administracións, porque a realidade é que a administración que ten competencias na materia é a Xunta de Galicia, como dicía adicou a Vigo cero euros deses recursos extraordinarios, adicionais, de 18 millóns de euros que recibiu do estado, recibe 18 millóns de euros do Estado, adica a Vigo cero, nos adicamos os recursos a atender ás necesidades da xente, fixemos unha primeira modificación orzamentaria, a convalidamos agora este segunda modificación orzamentaria e faremos as que faga falla, porque somos un goberno que atende ás necesidades da xente, somos o goberno que atende ás necesidades das persoas, a Xunta de Galicia non atende a Vigo, é máis a Xunta de Galicia non atende nada, non atende nin ao comercio, industria, nin ás familias, nin aos rapaces que precisan libros, nin aos rapaces que precisan ao comedor, nin a conciliación da vida familiar e persoal, das familias que ten fillos pequenos, non atende nada, somos nós os que temos que atender cos nosos recursos ás necesidades da xente, por iso traemos aquí a convalidación desta segunda modificación orzamentaria porque é preciso atender ás necesidades das persoas, e o seguiremos facendo, somos o goberno que atende aos intereses dos vigueses/as, somos o goberno que atende ao que a Xunta de Galicia non fai, somos o goberno que atende o que a Xunta de Galicia non fai, é

máis, nos defendemos fronte aos ataques da Xunta Galicia, porque cando nos ordena por lei cofinanciar servizos sociais que son da súa competencia, quen ten que asumir o gasto son os habitantes do Concello de Vigo, que pagan os seus impostos en Vigo, Sr. Marnotes, son os cidadáns que pagan os seus impostos en Vigo, cando a Xunta de Galicia nos ordena por lei cofinanciar servizos públicos da súa competencia, sanidade, servizos sociais, centros de día, escolas infantís, son os recursos dos vigueses/as os que fan fronte ao que a Xunta de Galicia non fai, mire, lle dicimos varias veces neste Pleno, a Xunta de Galicia ten unha política moi sinxela, a Xunta de Galicia invita e Vigo paga, esa é a realidade polo tanto, pido o voto a favor desta convalidación orzamentaria.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros da Corporación que a constitúen de dereito e feito, ratifícase a Resolución da Alcaldía transcrita nos antecedentes deste acordo.

5(99).- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2019. EXPTE. 148/143 (2486/1101)

ANTECEDENTES: Con data 7 de xullo de 2020, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite o seguinte informe proposta,

“Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2019, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente por Resolución do 7 de maio de 2020 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 20 de maio de 2020, foi exposta ao público polo prazo que regula o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora

das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra nº 100 do 27 de maio, rematando o prazo para presentar reclamacións e alegacións o 17 de xuño, e segundo consta na certificación do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local que figura no expediente asinado o 6 de xullo, no prazo de exposición o público e oito máis, non houbo reclamación algunha, e ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, sométese a súa aprobación ao Pleno da Corporación.

O Ditame da Comisión Especial reflectía que de non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación, e posterior remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación antes do día 1 de outubro.

En execución do anterior, ao non terse presentado reclamacións nin alegacións no prazo de exposición pública e oito máis, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo, que é coincidente coa proposta que se formulou a Comisión Especial de Contas,

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 22.07.20, ditaminou favorablemente dita proposta

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para render contas da Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2019, polo tanto, dun orzamento do exercicio xa pasado, dun orzamento xa pechado a 31 de decembro do 2019, hai que lembrar que se trata do duodécimo orzamento deste Goberno, do Alcalde o Sr. Caballero que naquel intre era o orzamento máis elevado dos aprobados polo goberno local de Vigo, 257,5 millóns de euros para como dicimos facer fronte ás necesidades da

ciudadanía, é un orzamento moito máis elevado do que teñen algunhas cidades por suposto de Galicia é o orzamento máis elevado das cidades de Galicia pero tamén o orzamento tamén comparable incluso ao que teñen algunhas consellerías da Xunta de Galicia para facer fronte as súas necesidades.

Se trata dun orzamento executado nun 83%, orzamento executado nun 83% e digo dúas veces para que quede claro, incluso unha terceira, 83% de execución do orzamento, con dato técnico solvente, é dicir, coas obrigas recoñecidos sobre os créditos recoñecidos, definitivos, polo tanto, dato contundente, dato tozudo, dato que significa que o orzamento se executa, nunha liña de execución elevada propia dos concellos que executan o orzamento e tamén das administración públicas que executan eses orzamentos. Co ese Orzamento do 2019 pretendiamos e conseguimos realizar unha serie de políticas públicas, en primeiro lugar, mellorar o benestar das persoas que traballan e residen en Vigo, transformar e mellorar constantemente a cidade, satisfacer ás necesidades dos cidadáns e por suposto facer un cumprimento con criterios de boa gobernanza pública, de boa xestión financeira e por suposto de legalidade, todo elo pensando nas persoas que viven nesta cidade, nos habitantes actuais pero tamén nos habitantes futuros que terá esta cidade e cando me refiro a futuro, me refiro aos fillos das familias que están creando a súas crianzas como soe dicir tamén o concelleiro non adscrito nesta cidade. Polo tanto, para atender á cidade de Vigo do presente pero tamén para atender á cidade de Vigo do futuro. Hai que dicir que o gasto por habitante foi de 831 euros, e vouno dicir outra vez porque parece que as contas da leiteira poden traer algún problema, o gasto por habitante foi de 831 euros por habitante se temos en conta as obrigas recoñecidas é o número de habitantes por cidade. Polo tanto, se temos en conta ese nivel de gasto por habitante, se temos en conta que a cidade ten débeda cero, non debe nada á bancos, non debe nada a provedores e polo tanto, tódolos recursos do orzamento se adican á cidade, tódolos recursos do orzamento se adican á satisfacer ás necesidades das persoas, das empresas e das familias, tamén nun contexto non só de débeda cero, senón de presión fiscal baixa, tamaño poboacional e orzamento do contexto do Estado español, polo tanto, Vigo é unha envexa non só na Galicia, senón tamén unha envexa para as cidades do contexto do estado.

Como dicía a nosa prioridade é garantir as necesidades da cidadanía, satisfacer esas necesidades da cidadanía é aí onde están eses servizos públicos de calidade que temos na cidade, é recoñecido que temos 6 escobas de platino co servizo de limpeza, polo tanto cun servizo de limpeza que traballa os 365 días do ano, que limpa a cidade, que desinfecta á cidade, con parques infantís repartidos, espallados por toda a cidade para recoñecer ese lecer dos rapaces/as da cidade e tamén somos unha cidade solidaria, atendemos no ano 2019 unhas 845 persoas no servizo de axuda no fogar, máis 600 persoas no servizo de teleasistencia, demos máis de 1.000 axudas de emerxencia, axudamos aos drogodependente somos unha cidade de Galicia que ten un albergue, ningunha outra cidade de Galicia ten albergue, polo tanto, a política social aquí tamén se pon de manifesto, a Xunta de Galicia non paga e o paga o Concello de Vigo, temos unha casa de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero, un servizo de canguros, apoiamos ás institucións como o Banco de Alimento, o Comedor da Esperanza e outros comedores sociais e tamén demos máis 1.200.000 en becas de libro e comedor, como é sabido máis de 1.000 becas de inglés para que os rapaces/as visiten un país estranxeiro para aprender un idioma estranxeiro, pagamos as aulas matinais dos colexios, sufragamos 9 escolas infantís municipais con taxas e prezos públicos moi baixos, e tamén incluso axudamos ás persoas maiores a pagar o autobús, con 1.300 bonos de autobús, iso é o orzamento de 2019.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Escoitando ao concelleiro de Facenda parece que escoitábamos ao concelleiro de turismo, eu creo que aproveitar algunhas das intervencións neste tipo de cuestións, como voz en off para o seguinte spot en FITUR para vender ese Vigo idílico.

Broma aparte, se os orzamentos son o documento que se recolle o que se quere facer, a Conta Xeral e o documento que recolle en cifras o que se fixo, claro que o Bloque Nacionalista Galego discrepamos destes Orzamentos do ano 2019 que vostedes volveron a elaborar sen ter en conta nada máis que a opinión do Partido Socialista, sen recoller ningunha proposta do tecido asociativo, sen atender ningunha achega das diferentes forzas políticas que representamos o conxunto da cidadanía neste Pleno.

Unha Conta Xeral que volve a reflectir que hai pouca execución no gasto, sobre todo no investimento, iso si unha moita maior execución nos ingresos, seguen a ser unha máquina de xerar remanentes, non sei se para entregarlle un agasallo máis goloso ao Ministerio de Facenda agora, e en todo caso poderíamos discutir bastante sobre o que fan, sobre o que se recolle na Conta Xeral do que ten feito este goberno, poderíamos discutir pero o que máis grave, o que é máis importante e do que podemos discrepar en maior medida é do que non fan, e dende logo o Bloque Nacionalista non podemos aprobar esta Conta Xeral por algúns motivos importantes, polas cero novas prazas de escolas infantís municipais no ano 2019, polas cero novas bibliotecas, porque non pretenderán presentar como biblioteca salas con mesas e cadeiras e sen ningún libro, nin tan sequera un volume de algunhas das novelas do Alcalde, polo abandono das instalacións deportivas como demostra a situación calamitosa das pistas de atletismo, por converter o Centro Galego de Fotografía nun comfortable e céntrico despacho e sede da Deputación ou pola clara insuficiencia en políticas fundamentais como son as de promoción do emprego ou mesmo en materias como igualdade, ese é o relato que esta Conta Xeral non conta, o que vostedes non fan.

SR. PÉREZ CORREA: Por desgracia nos últimos anos a Conta Xeral que debería de ser un documento vivo, importante de fiscalización do orzamento que se presenta e practicamente un ano anterior, a Conta Xeral ten cada vez menos información, a Conta Xeral cada vez máis é un mero trámite administrativo, burocrático como os centos de papeis que se fan para certificarse, e nós coidamos que a Conta Xeral que en si, avalía o ano 2019, ven a xustificar o voto en contra que a Marea de Vigo fixo aos orzamentos do 2019, e ademais con algunhas cuestións que poderían ser interpretables cando di a Marea de Vigo pero parece que cando aparecen os datos nunha Conta Xeral pois non se retrotae ao que expresamos algúns grupos municipais durante todo o ano, en primeiro lugar porque a Conta Xeral tamén fai unha radiografía da cidade que é unha radiografía que coincide bastante cos motivos que pulsaron a Marea de Vigo a non votar favorablemente ao Orzamento do 2019, porque ademais di claramente que é unha cidade onde o 76% do emprego está non sector servizos e dentro do sector servizos con tódalas casuísticas que hai neste pozo sen fondo que ten esa categorización, pois temos

que un 30% da actividade da cidade das industrias, das empresas da cidade teñen que ver co pequeno comercio é a pequena distribución e polo tanto, con eses datos este Concello debería de ter realizado con tempo axudas a determinados sectores que motor son económico e motor de emprego na cidade. Esta Conta Xeral tería que realizar tamén que hai unha dinámica evidente do aumento da presión fiscal por habitante, son os propios datos que pon esta Conta Xeral enriba da mesa, que estamos xa nos 521 euros por habitante, a cifra máis alta, obviamente a presión fiscal aumentan case tódolos concellos deste país e noutros baixa, porque asumiron cambios importantes, por exemplo rebaixar o tipo co que se calcula o IBI, que nós estamos xa rozando o máximo de tódolos concellos, o 1,1% estamos practicamente rozando o 1% cando en moitos concellos nos últimos anos precisamente para aliviar o imposto máis oneroso que pagan os veciños/as baixaron ese tipo impositivo por exemplo, ao 0,5% e logo poderíamos entrar en que supón iso, pero unha rebaixa en concellos moi parecidos como o de Vigo, unha rebaixa de 3 puntos no tipo impositivo co que se calcula o IBI, supuxo unha redución importante da presión fiscal sobre os veciños ou por non falar cuestións que teñen que ver por consumo real na auga ou que teñen que ver por repensar o recibo do lixo, pero ademais é que o esforzo inversor por habitante porque é certo o Alcalde, neste caso o concelleiro de Facenda, pon enriba da mesa os datos sobre o nivel inversor dun concello pero que eses datos non son datos totais, senón que se ponderan polo número de habitantes e non se pode comparar o investimento de Lugo e o investimento de Vigo porque hai moitos miles de habitantes máis e os datos de inversión ponderado polo numero de habitantes pois dende logo Vigo non está nin moito menos na vangarda ou na cabeza de praia do que ten que ser o investimento real, pero que ademais hai unha constatación que ademais vostedes puxeron nos marcos orzamentarios e é que no ano 2019 se executou no capítulo VI o 8,80 % dos investimentos, aquí está a documentación que vostedes nos achega, o 48% que sumado ao 60% do 2018 e ao 54% de 2017, da unha execución do capítulo de investimentos pois relativamente modesta que podería estar rondando o 40 e pico por cento ou o 50% do investimento e iso é un problema, porque no 2017, 2018 e 2019 non había COVID, non vale a escusa que imos a tomar como comodín do público, como da chamada e tódolos comodíns posibles que podemos poñer no 2020, no 2019 non había escusa, tiñan vostedes maioría absoluta, tiñan

vostedes igual o mesmo nivel de escoitar á oposición que teñen agora, incluso ao mellor un pouco máis, antes das eleccións municipais, pero seguíamos cun nivel de execución nos investimentos que o único que serven moitas veces é para unha chamada permanente ao autobombo e que logo non se constata na execución real. E ademais hai unha preocupación que é que no capítulo I vostedes teñen o peor dato de execución dos últimos 10 anos, e no capítulo I vostedes deixaron de executar 6 millóns de euros basicamente porque non sacan adiante as ofertas públicas de emprego, porque non queren sacar bolsas de contratación cando determinados servizos teñen problemas serios para darse co persoal que existe, e un nivel de execución no capítulo I do 89% é para facérsello mirar porque é unha situación bastante perigosa no que ten que ver co emprego de calidade, cos servizos públicos dignos e o que ten que ver tamén cos dereitos de moitos traballadores por exemplo dos bombeiros de ter un cadro de persoal acorde.

SR. MARNOTES RODRÍGUEZ: Conta Xeral, execución de ingresos, dereitos recoñecidos no ano 2019, o 101,11%, máis do que se esperaba, execución de gastos, obrigas recoñecidas, total 83,83% capicúa, hai un descadre de case o 17%, entre o que se recada e o que se gasta, esa é a realidade non son quen de executar o Orzamento, non son quen de facelo, teñen case o 17% sen executar e por esa razón temos un superávit que ninguén discute de 20 millóns de euros e o que se discute e ese superávit vano levar outros, o Alcalde quere que o leve o Ministerio de Facenda, e nós non.

Resume da Conta Xeral, agora imos falar polo miúdo da presión fiscal, que se incrementou un 26,5% entre o ano 2017 e o ano 2019, pasou dos 416 euros aos 526 euros e este ano 2020 logo do impuestazo do 2,5% será maior. Os vigueses como digo, pagamos mellor do previsto e máis do que o propio goberno é quen de gastar porque lle sobran os cartos que levarán outros. Imos a ver o traballo do goberno, esforzo inversor por habitante, nestes 13 anos pasou de 100 euros a 101,64, sube 1,64% fronte ao incremento de 26,5 da presión fiscal, 110 euros máis ao ano en impostos para recibir 1,64 euros en investimentos ,a execución do gasto o 83% como digo un descadre de case o 17% entre o que se ingresa e o que se gasta, 20 millóns de euros que irán como digo para outro lado.

Un ano máis se demostra a imposibilidade, incapacidade de xestión do orzamento, superávit ano tras ano que se suman aos anteriores. Imos a ver en que gasta o Concellos os cartos, gastos de persoal, pois aí tería que gastar o 100% porque loxicamente se fago unha previsión do cadro de persoal e miro que son os custos que ten que son fixos e pago pois non, o 89%, gastos correntes iso si o 94%, gastos correntes o Concello é un campión, transferencias correntes, é verdade que se incrementan 93, pero investimentos o 47%, o Concello executa moi ben o gasto corrente porque vai por inercia é o que ten aprobado, é o que está nos contratos, é o que está nas concesionarias entón pois, por certo concesionarias, 5 anos máis de condena con Vitrasa, 5 anos máis recibindo un servizo dos anos 90, 5 anos máis cun servizo que non da expectativa da cidade que somos agora e que é moi distinta da que eramos nos anos 90.

Concesionarias por certo, inacción deliberada, que pasa co abastecemento da auga, estamos no mes de agosto, practicamente, non temos noticias de ningún prego, nin contrato que vaia a substituír a actual concesionaria que remata este ano, non pensarán vostedes que nos imos a crer que somos capaces de sacar unha concesión de abastecemento de auga en tres ou catro meses, non van a ser capaces, iso xa o sabemos, están preparando outra prórroga, iso si, como sempre o gasto corrente seguirá ben con esa prórroga. Din que van facer outra cousa, que imos a cobrar o consumo real, pois haberá que cobrar o consumo real pero a concesionaria hai que garantirlle o equilibrio económico do contrato, xa o sabemos, co cal o comido polo servido. Que pasa co gasto que non é un gasto de inercia, que pasa, non necesitamos persoal no Concello? Hai que facer unha boa execución das ofertas de emprego público, non hai suficientes policía para atender tódalas medidas que se necesitan sanitarias nas praias e no ocio nocturno, é público e notorio que non os hai, como tampouco hai bombeiros, que van facer coa Policía para dar esa medida? Van a quitarlle tamén os descansos e vacacións e van poñelos a traballar todo o verán como fixeron cos bombeiros, iso é a realidade do Concello, unha inexecución naquilo que deriva da necesidade de xestión municipal e que non é un gasto de absoluta inercia, como dicía o capítulo II por exemplo, e as estadísticas como sempre lle desmestén no gasto social, cultural, lle desmenten tamén noutro tipo de asuntos como na xestión do Aeroporto, agora imos a dicir unha cousa, nós imos a votar en contra da Conta Xeral porque nós

cremos que non é de recibo que con estes datos a execución do Orzamento que se aprobou aquí teña só este nivel de execución.

SR. ANEIROS PEREIRA: Eu entendo que o Sr. Marnotes fale para o seu público, pero o goberno e o papel deste concelleiro é de falar para tódolos públicos, polo tanto, aportando datos, solucións para todo o mundo, porque miren, temos unha execución orzamentaria dun 83%, polo tanto, unha execución practicamente total do Orzamento, o que non se executa no ano 2019 se incorpora como remanente no ano 2020, polo tanto, continúa executándose as obras no ano 2020, imos a centrarnos nos investimentos, se saímos a Gran Vía vemos que está practicamente rematada esa obra que transforma a cidade, que mellora a accesibilidade da Gran Vía para as persoas especialmente maiores, para as crianzas que van a acompañados dos seus avós/as ou dos seus pais e polo tanto que transforma esa cidade nese proxecto estrela que é o Vigo Vertical, con humanizacións tamén moi preto de aquí, na Ronda de Don Bosco, coa mellora dos campos de fútbol, coa mellora dos colexios, facendo o que a Xunta de Galicia non fai, polo tanto, adicando os recursos ás necesidades da cidade e a mellorar as condicións de vida da cidade.

Pero miren, fan referencia tamén a outra cousa que é moi sinxela e imos a comezar na sesión docente dos Plenos porque a presión fiscal de Vigo, datos oficiais, é a máis baixa das cidades de Galicia, acompañada da débeda cero significa que tódolos recursos se adican a satisfacer ás necesidades das persoas, pero miren é que a presión fiscal é relevante se a comparamos con algo, se a comparamos co gasto por habitante e co investimento por habitante, polo tanto, nesa balanza de presión fiscal, gasto por habitante, investimento por habitante, a balanza é sempre favorable ao cidadán, porque o cidadán recibe máis do Concello de Vigo do que paga ao Concello de Vigo, por supostos estamos a falar dun cidadá medio, non estamos a falar dun cidadá que paga 2.000 ou 3.000 euros de IBI porque ten unha casa moi grande, estamos a falar dun cidadán medio, da clase media, das persoas que traballan en Vigo, dos profesionais, dos asalariados que traballan en Vigo e que viven en Vigo, polo tanto, a balanza é sempre moi favorable para o cidadán, e polo tanto, o que facemos é adicar eses recursos á cidadanía, a pagar servizos sociais nosos, a investir na cidade, a becas para

rapaces/as, a becas de inglés, de libros, de comedor, etc. E neste caso hai que lamentar o que di o concelleiro non adscrito, que milita nun partido político que é o Bloque Nacionalista Galego e parece que está empeñado en defender á Xunta de Galicia porque quen ten competencia en escolas infantís? Quen ten competencia en emprego, en igualdade? A Xunta de Galicia, polo tanto, non defendamos a Xunta de Galicia, pidámoslle á Xunta de Galicia que invista en Vigo porque senón nos convertemos no Sr. Marnotes. Mire a Xunta de Galicia no capítulo I teno moi sinxelo, a Xunta de Galicia amortiza prazas, nós non amortizamos prazas, nos creamos emprego, a Xunta de Galicia reduce emprego, esta é a nosa política.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente, atópase ausente tamén a Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

- a) Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2018), correspondente á Entidade Local, saldo acredor, 27.636.126,27 euros e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, saldo debedor, 1.434.038,75 euros, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).
- b) Aprobar a dotación de amortizacións na entidade por unha contía de 6.620.160,32 euros e 6.720.213,19 euros nos estados consolidados.

- c) En aplicación do previsto na Base 54ª das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 45.720.261,44 euros na Entidade é 47.405.911,73 euros para os estados consolidados.
- d) Aprobar a Reclasificación da débeda en relación coa liquidación negativa da cesión de tributos e FCF dos anos 2008/2009/2017 de longo prazo a curto prazo polas compensacións que corresponden ao ano 2020, por una contía de 5.189.418,02 euros.
- e) Aprobar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao ano 2019, composta polos seguintes estados e contas anuais:
- Balance.
 - Conta de resultado económico-patrimonial.
 - Estado de cambios no Patrimonio Neto.
 - Estado de fluxos de efectivo.
 - Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.
 - Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron no transcurso do ano 2019.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase tendo en conta a Resolución de 2 de decembro de 2015, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 26 de novembro de 2015, polo que se aproba a Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato da devandita Conta, a partir da correspondente ao exercicio 2015, modificada pola Resolución de 15 de xaneiro de 2020, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 19 de decembro de 2019 (BOE núm. 15 de 17 de xaneiro de 2020), que será de aplicación a partir da rendición das Contas Xerais das entidades locais correspondentes ao exercicio 2019, así como o Convenio vixente asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas sobre

medidas de coordinación en relación coa rendición telemática das contas xerais e a remisión de información relativa a os contratos, os convenios e o control interno das entidades locais do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia

En relación co formato, terase en conta a Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado de data 13 de novembro de 2015.

6(100).- SUPRESIÓN DO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO, APERTURA DE TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA. EXPTE. 9603/320 (REXISTRO PLENO 2472/1101).

ANTECEDENTES: Con data 26 de xuño de 2020, a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local co concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá emite o seguinte informe proposta,

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución española
- Estatuto de Autonomía de Galicia (L.O. 1/1981 de 6 de abril)
- Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia
- Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Parellas de Feito da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- Lei 5/1997, de 2 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
- Acordo do pleno do Concello de Vigo de 3/11/1994 polo que se crea o Rexistro municipal de Parellas de Feito
- Acordo da Comisión de Goberno do Concello de Vigo, de data 12/05/1995 polo que se aproba o Regulamento do Rexistro municipal de Parellas de Feito

ANTECEDENTES DE FEITO

O pleno da Corporación en sesión de data 3.11.1994 adoptou acordo de apertura de rexistro municipal con carácter administrativo para que as parellas de feito que,

con independencia da orientación sexual dos seus integrantes así o desexaren, poidan inscribirse.

En data 12.05.1995 a Comisión de Goberno prestou aprobación ás normas de organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Parellas de Feito.

En data 19/06/2020 incóase expediente de supresión do rexistro municipal de parellas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-

PRIMEIRO.- Do Rexistro de Parellas de Feito.-

A Constitución española establece no seu artigo 9.2 que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos que a integren sexan reais e efectivas. Doutra parte, o artigo 39 encomenda aos poderes públicos a protección social económica e xurídica da familia.

A disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2007, do 28 de xuño, sinala no seu punto dous que terán a condición de parellas de feito as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio.

En desenvolvemento do disposto na Lei de Dereito Civil de Galicia aprobouse o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que, se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, adscrito á Consellería competente en materia de xustiza. Este Rexistro xestiónase a través das delegacións provinciais, baixo a dependencia directa da Dirección Xeral de Xustiza que asume as funcións de coordinación, información e aprobación de directrices comúns.

O Decreto 248/2007, do 20 de decembro regula os requisitos de inscrición, organización e funcionamento, publicidade rexistral do rexistro autonómico de parellas e respecto a coordinación con outros rexistros sinala que, as inscricións de parellas de feito practicadas nos rexistros municipais de parellas naqueles concellos que contasen cun rexistro deste tipo, terán acceso ao Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos da Lei de dereito civil de Galicia do Regulamento deste Rexistro. Así mesmo, a inscrición no Rexistro Municipal de Parellas de Vigo, non produce, por si mesma, a inscrición no Rexistro de Parellas de Galicia, xa que, conforme ao disposto no artigo 27.7 do dito regulamento "En todo caso, a constitución da parella de feito só se entenderá efectuada a partir da súa inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia".

En definitiva, as inscricións practicadas no rexistro municipal non producen efectos constitutivos nin o período de inscrición se pode facer valer para o exercicio de dereitos ou o acceso a servizos ou prestacións cuxa efectividade dependa da inscrición ou da acreditación dun período de carencia no rexistro autonómico.

SEGUNDO.- Das competencias municipais.-

O réxime de competencias municipais establecido pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) deu lugar á existencia de disfuncionalidades xenerando situacións de concorrencia competencial entre varias administracións públicas e duplicidade na prestación de servizos.

Neste senso a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (en diante, LRSAL) que modificou a LRBRL pretende a eficiencia no uso dos recursos públicos locais e racionalizar a Administración local para asegurar a súa sostibilidade e o cumprimento das esixencias de estabilidade orzamentaria establecendo, entre outros obxectivos, a clarificación das competencias locais, conforme ao principio “una Administración, una competencia”.

Concretamente o preámbulo de dita lei determina << *Con este propósito se plantea esta reforma que persigue varios objetivos básicos: clarificar las competencias municipales para evitar duplicidades con las competencias de otras Administraciones de forma que se haga efectivo el principio «una Administración una competencia», racionalizar la estructura organizativa de la Administración local de acuerdo con los principios de eficiencia, estabilidad y sostenibilidad financiera, garantizar un control financiero y presupuestario más riguroso y favorecer la iniciativa económica privada evitando intervenciones administrativas desproporcionadas.*

Respecto al objetivo de clarificar las competencias locales y avanzar en el principio «una Administración una competencia», se trata de evitar los problemas de solapamientos competenciales entre Administraciones hasta ahora existentes.>>

No ámbito do noso municipio concorren en materia de rexistro de parellas de feito competencia municipal e autonómica. Así mesmo, a existencia dunha Lei autonómica que, con suficiente precisión, ordena a inscrición nun rexistro de parellas de feito, con previsión tanto dos requisitos para acceder a el como as súas consecuencias xurídicas, habilita para afirmar que a presentación dun documento de inscrición no rexistro autonómico outorga maior seguridade xurídica fronte ao rexistro de parellas municipal. Así mesmo a experiencia demostra que o funcionamento do rexistro municipal, a pesar da información subministrada polo persoal do servizo, segue a xerar nos cidadáns falsas expectativas ou crenzas respecto da tipoloxía de relación xurídica constituída, o seu réxime económico e sucesorio e sobre a titularidade e efectividade de determinados dereitos, prestacións, e beneficios tributarios (por exemplo, os beneficios fiscais do Imposto de Sucesións, cuxa desestimación por non acreditar a inscrición no dito rexistro autonómico ten sido avalada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia).

Polo exposto co fin de evitar duplicidade no exercicio das competencias en materia do rexistro de parellas de feito e co fin de garantir a seguridade xurídica dos cidadáns e considerando que no noso termo municipal existe unha delegación territorial da Xunta de Galicia perante a cal os cidadáns poden tramitar a súas solicitudes, considérase conveniente cara ao interese xeral a tramitación de expediente de supresión do Rexistro Municipal de parellas.

No entanto, por parte do servizo de Participación Cidadá e, como réxime transitorio, continuarase coa tramitación das seguintes actuacións:

- Certificacións das inscricións xa practicadas no Rexistro durante a súa existencia, que seguirán producindo os efectos xurídicos que viñeron producindo ata a data.
- Solicitudes de cancelación de inscrición (baixas)

V. ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE PARA FORMULAR A PROPOSTA

En virtude da Resolución de Alcaldía de 26 de xuño de 2019, correspóndelle ao Concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, entre outras, a competencia en materia de *“administración do Rexistro Municipal de Parellas de Feito, nos termos establecidos pola normativa reguladora de aplicación”* e *“formular, aos órganos competentes, cantas propostas resulten precisas para a completa xestión da súa área Delegada”*

Respecto ao órgano competente para adopción do acordo procede acudir ao principio de *“contrarius actus”* que require que para a modificación ou anular dun acto ou disposición é preciso outro do mesmo rango ou forza de xeito que a competencia do órgano e o procedemento a seguir para a derogación dunha disposición ou acto deben de ser os mesmos que para a súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía e por acordo da Xunta do Goberno local do 18 e 20 de xuño do 2019, respectivamente, elévase ao Pleno, idéntico órgano municipal que o creou o rexistro, a seguinte:

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que consta transcrita na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade, Normalización Lingüística, Distritos e Participación Cidadá ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Incoar expediente de supresión do Rexistro Municipal de Parellas de Feito do Concello de Vigo, creado no ano 1994, e deixar sen efecto a súa normativa reguladora para novas inscricións, aprobada por acordo da Comisión de Goberno de data 12/05/1995.

SEGUNDO. Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles para o trámite de información pública, durante o cal calquera persoa pode comparecer e achegar as alegacións que estime oportunas ao expediente conforme o artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

TERCEIRO.- Someter o expediente a aprobación do Pleno da Corporación unha vez transcorrido o prazo de información pública.

CUARTO.- Publicar anuncio de exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia, no Portal de Transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

7(101).- DAR CONTA DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE LIMPEZA NO EDIFICIO SEDE DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO MEDIANTE TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA (COVID-19). EXPTE. 12589/407 (REXISTRO PLENO 2511/1101)

ANTECEDENTES: O día 18/06/2020 a vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu:

“Con data 18 de xuño de 2020, pola técnica de Administración Xeral, co conforme do xefe dos Servizos Centrais, asíñase informe-proposta co contido que a continuación se transcribe literalmente:

Redáctase o presente informe de conformidade e en cumprimento co establecido pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP) xunto co Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, subscribíndose mediante a súa sinatura a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (XMU) na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

ANTECEDENTES.

Como xa indicou o Real Decreto 7/2020, do 13 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico da COVID-19, a evolución da crise causada pola COVID-19 supón unha situación excepcional que require unha resposta áxil por parte das diferentes Administracións Públicas a fin de atender ás necesidades derivadas da protección das persoas.

A XMU atópase inmersa nun proceso de adaptación das súas instalacións e da prestación de servizos á cidadanía que deriva da necesidade de reaccionar, con urxencia a tal situación, tanto na adopción de medidas de seguridade como de aquelas que permitan unha maior axilidade no funcionamento presencial en aras a favorecer a reactivación da actividade económica no termo municipal, e dando resposta ao estipulado no Plan de actuación para a recuperación da actividade ordinaria da XMU do Concello de Vigo tras a crise derivada da COVID-19, aprobado por resolución da Vicepresidenta da XMU en data 15 de maio de 2020.

Dito plan de actuación sinala como un dos seus obxectivos a acadar o iniciar a recuperación da nova normalidade laboral na XMU coa máxima observancia das condicións de seguridade e saúde no desempeño da actividade profesional do persoal municipal, adoptándose determinadas medidas correctoras e preventivas dirixidas a garantir a saúde dos traballadores e do público que acceda ao edificio sede da XMU.

Pola súa parte, o Plan de Prevención de Riscos Laborais ante a reincorporación ao traballo presencial, do que se deu conta ao Consello da Xerencia en sesión ordinaria de data 26 de maio de 2020, tamén recolle a necesidade de adopción de medidas hixiénicas para frear o contaxio da COVID-19 e protexer tanto a cidadanía como ao persoal da XMU.

Debido a urxencia na adopción de medidas garantes da hixiene necesaria e a non posible planificación pola incerteza da situación sanitaria existente, procedeuse á contratación puntual do reforzo do servizo de limpeza, por un importe mensual de 1600,00 euros IVE non incluído, para dar cobertura a prestación dos servizos de carácter crítico para a XMU e continuar co seu funcionamento en cumprimento do disposto na Resolución do 15 de marzo de 2020 do Alcalde do Concello de Vigo e Presidente do organismo autónomo.

Manténdose a día de hoxe unha situación sanitaria que precisa da adopción de medidas hixiénicas que aseguren a saúde de cidadáns e persoal da XMU, e existindo actualmente en vigor a contratación coa entidade ITMA S.L.U con CIF B-33349978 para a prestación do servizo de limpeza na sede da XMU (expte. 11166/407) faise preciso proceder á modificación do dito contrato para dar cobertura ao servizo extraordinario prestado, ao constituir a necesidade a satisfacer unha unidade funcional co obxecto da contratación antes indicada, sen que tal modificación supoña unha alteración da natureza do contrato orixinal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1.- Normativa de aplicación.

- Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 7/2020, do 13 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP núm 193, do 6 de outubro de 2010).

2.- Tramitación de emerxencia.

O artigo 120 da LCSP establece a tramitación de emerxencia como mecanismo para actuar de maneira inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional.

Tal e como se recolle no Real Decreto-lei 7/2020 de 12 de marzo, polo que se aproban medidas urxentes para responder ao impacto económico da COVID-19, este réxime excepcional na contratación pública encaixa á perfección na situación actual para facer fronte á COVID-19, xustificando a súa adopción.

3.- Expediente de contratación.

Seguindo o sinalado no artigo 120 da LCSP exímese ao órgano de contratación da obriga de tramitación do expediente podendo ordear a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeición aos requisitos formais establecidos na dita lei, mesmo o da existencia de crédito suficiente.

O prazo de inicio da execución da prestación non poderá ser superior a un mes, contado dende a adopción da presente resolución.

4.- Xustificación da tramitación de emerxencia na presente contratación.

Soamente en determinados supostos absolutamente excepcionais, os principios de concorrencia e igualdade dos licitadores deben ceder, e isto acontece cando existe desequilibrio entre o pleno mantemento de todas as garantías de que está investida a contratación pública e o adecuado respecto ao interese xeral que persegue a actuación que vai ser obxecto de contratación.

A utilización da contratación de emerxencia debe someterse a unha serie de límites fundamentais, tal e como recolle a Resolución 102/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, debéndose valorar se a presente contratación sométese a cada unha das condicións establecidas polo Tribunal.

- I) Que concorran algún dous supostos que taxativamente establece a LCSP.
- II) Que non sexa suficiente para resolver a situación a utilización doutros procedementos menos restritivos da libre competencia.
- III) Que a emerxencia sexa apreciada polo órgano de contratación, quen se responsabiliza de motivar a concorrencia dunha circunstancia excepcional e de acreditar a súa existencia.
- IV) Que a tramitación se limite ao estritamente indispensable no ámbito obxectivo e temporal para previr ou remediar danos derivados desta situación.
- V) Que a causa da emerxencia non sexa imputable ao propio órgano de contratación, é dicir, que a situación de emerxencia non poidera ser evitada polo órgano de contratación mediante unha actuación dilixente.

Pola súa parte, o Tribunal de Contas, no seu Informe nº 1.178, de 27 de outubro de 2016, sinala que a tramitación de emerxencia, ao implicar limitacións aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, transparencia e publicidade, debe limitarse estrictamente ao indispensable no ámbito obxectivo e temporal para previr ou remediar os danos derivados da situación de emerxencia.

Como xa se xustificou nos antecedentes do presente informe, a tramitación desta modificación cumpre todas e cada unha das condicións sinaladas por ambos Tribunais, incluíndo o suposto plantexado dentro dos enmarcados pola LCSP.

Polo tanto, non sendo posible tramitar de xeito ordinario a presente modificación en aras a acadar a axilidade e eficacia que permita garantir a seguridade da

ciudadanía nas súas xestións presenciais, a do persoal que desenvolve as súas funcións na sede da XMU e o correcto funcionamento e non paralización da actividade a desenvolver no organismo autónomo municipal, debe primar o interese xeral a satisfacer, aplicando a tramitación de emerxencia á modificación contractual pretendida, tendo en conta, ademáis, o réxime de colexialidade aplicable ao o órgano de contratación, para aqueles procedementos que non supoñan a utilización da contratación menor.

5.- Posibilidade de modificación do contrato.

O artigo 205 LCSP, recolle a posibilidade de realización de modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- “a) que se atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no seu apartado segundo.*
- b) que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.”*

Pola súa parte no indicado apartado 2 do artigo 205 LCSP sinálase no punto b) como xustificación que posibilita a realización da modificación a seguinte:

“Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

- 1º. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non poida previr.*
- 2º. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.*
- 3º. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa cuantía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.”*

Dado que, segundo queda xustifico nos antecedentes do presente informe, estamos ante unha situación excepcional, que cumpre todos e cada un dos requisitos de modificación indicados, e constituíndo a prestación unha unidade funcional xunto co contrato no seu día asinado, cómpre proceder á modificación da contratación realizada, respectando os principios de necesidade, idoneidade e eficiencia que a LCSP establece.

Os efectos da modificación pretendida limítanse tanto obxectiva como temporalmente. Así, o obxecto da mesma o constitúe a prestación do reforzo do servizo de limpeza, en horario de mañá para manter desinfectadas as zonas de tránsito público.

Fíxase como limitación temporal un período máximo de prestación deste reforzo de 3 meses, podendo en caso de que a evolución da crise ocasionada pola COVID-19 o requira proceder, unha vez rematado o dito prazo, á prórroga mensual da presente modificación ata o 31 de decembro do 2020 como data final.

6.- Obriga da modificación do contrato.

Tendo en conta o establecido no artigo 206 LCSP, a presente modificación ten carácter obrigatorio para o contratista, non sendo necesario o recoller a súa conformidade ao ser unha modificación temporal, non terse modificado con anterioridade e non supoñer un importe superior ao 20 por cento do prezo inicial do contrato (86.235,66 € IVE excluído), estimándose unha duración de 3 meses e un coste mensual de 1.600,00€ máis IVE. (5,57%)

7.- Existencia de crédito.

O artigo 39.2 b) da LCSP recolle, como causa de nulidade de pleno dereito a carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido na Lei 47/2003 de 26 de novembro Xeral Orzamentaria ou nas normas orzamentarias das restantes Administracións Públicas suxeitas a esta Lei, salvo nos supostos de emerxencia, único suposto no que a LCSP permite iniciar a contratación sen aterse aos requisitos formais establecidos na dita norma, incluído o da existencia de crédito.

No presente expediente consta documento acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para a realización da presente modificación, por un importe total de 5.808,00 euros (IVE engadido), con cargo á partida 1510 2270001.

8.- Órgano competente.

O artigo 120 da LCSP atribúe a competencia para a tramitación dos procedementos de contratación baixo o réxime de tramitación de emerxencia ao órgano de contratación. Nembargantes, na lexislación básica do Estado sobre réxime local atopamos preceptos que regulan a actividade contractual das entidades locais, de aplicación con carácter supletorio a LCSP e ó Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e sempre que non contradiga o establecido nestas normas básicas.

Debemos ter en conta que, nos mesmos supostos, do artigo 120 da LCSP, o artigo 117 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local faculta ó Presidente da Corporación a “ordear a directa execución das obras” ou a contratalas libremente, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais legalmente establecidos”, recollendo o no seu apartado primeiro a necesidade de dar coñecemento ao Pleno da Corporación das actuacións realizadas.

De conformidade coa Resolución de data 11 de xullo de 2019, ditada en aplicación das facultades que como Presidente da XMU lle atribúe a normativa de aplicación, en especial os artigos 124. 4 e 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril; 43 e seguintes do RD.2568/1986, de 28 de novembro e 5 dos Estatutos da XMU, delegase a dita competencia na Vicepresidenta da XMU, dando conta da presente modificación ao Consello da Xerencia e Pleno da Corporación.

De igual xeito, mediante Resolución do 15 de marzo de 2020, o Alcalde do Concello de Vigo e Presidente da XMU, ante o avance dos contaxios pola COVID-19 e o incremento progresivo das medidas de prevención e contención adoptadas polas autoridades sanitarias, resolveu manter o funcionamento de todos os departamentos, e habilitar á Vicepresidenta da XMU para a adopción dos procedementos de urxencia, emerxencia ou extraordinarios contemplados na lexislación vixente, así como a ampliación ou suspensión de prazos e procedementos afectados por esta situación excepcional, sinalando no punto noveno que a duración das medidas de carácter extraordinario establecidas en tal resolución sería a imprescindible para dar resposta á situación, podendo revogarse por necesidades excepcionais do servizo e, en todo caso, cando cesen as recomendacións das autoridades sanitarias.

Á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, e en uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación de réxime local, pola presente, propónse á Vicepresidenta da XMU do Concello de Vigo, como órgano competente para a formalización da presente contratación, a adopción da seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Subscribir a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

SEGUNDO.- Declarar de emerxencia a tramitación da modificación do contrato de limpeza na sede da XMU, por motivos de urxencia e seguridade das persoas, derivados da crise ocasionada pola COVID-19.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de acordo ao disposto no artigo 185 do R.D. Legislativo 2/2004, do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas por importe de cinco mil oitocentos oito euros (5.808,00 €) IVE engadido, pola modificación do contrato de limpeza na sede da XMU con cargo á partida 1510 2270001.

CUARTO.- Aprobar a modificación extraordinaria do contrato de limpeza no edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, a fin de dar resposta a situación creada pola COVID-19, adxudicado por acordo do Consello da Xerencia de data 11 de abril de 2019 á entidade ITMA S.L.U. con CIF B-33349978 (expte 12589/407), consistindo no reforzo do dito servizo en horario de mañá para manter desinfectadas as zonas de tránsito público, por un prazo máximo de 3 meses, supoñendo a modificación un incremento no importe total de 5.808,00 euros IVE engadido, e permitíndose, en caso de que a evolución da crise ocasionada pola COVID-19 o requira, proceder unha vez rematado o dito prazo á prórroga mensual da presente modificación ata o 31 de decembro do 2020 como data final.

QUINTO.- Dar conta desta resolución e das actuacións levadas a cabo ao Consello da Xerencia e Pleno da Corporación, na primeira sesión ordinaria que se celebre.

SEXTO.- Publicar o presente modificación no Perfil do Contratante na forma prevista no artigo 63.3 da LCSP.

SÉTIMO.- Notificar a presente resolución aos interesados facendo constar que contra a mesma, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes, a contar dende o seguinte ao da recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do 30 de xuño 2020, toma coñecemento e ratifica a modificación extraordinaria do contrato de limpeza no edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante a tramitación de emerxencia (COVID-19).

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

8(102).- NOMEAMENTO DE NOVO MEMBRO DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 543/406 (REXISTRO PLENO 2508/1101)

Retirado da Orde do Día

9(103).- MODIFICACIÓN DO USO DOTACIONAL DA PARCELA MUNICIPAL SITA NA “AOD A-3-10 ESTURÁNS” PARCELA 3 DE 1511 M2. PARA DESTINALA A OUTRO USO DOTACIONAL DE SERVIZO PÚBLICO. EXPTE. 17616/411 (REXISTRO PLENO 2510/1101)

ANTECEDENTES: O día 25/06/2020 a técnica de administración xeral da Área de Desenvolvemento Urbanístico co conforme do xefe de Urbanización e Infraestruturas informa:

Con data do 10.11.2015 o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación num.: 1658/20141, polo que, estimou o recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Alternativa Veciñal de Vigo e declarou a nulidade da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia, de data 16 de maio de 2008, pola que se aproba definitiva e parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo e contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 13 de xullo de 2009, pola que se aproba definitivamente o documento de cumprimento da citada Orde en canto as cuestións que na mesma quedaron en suspenso. Como consecuencia de dita anulación e conforme a xurisprudencia e (STS 22.01.2006, STS 2.03.2016 entre outras) a anulación xudicial de todo o plan comporta que recobre a súa vixencia a ordenación urbanística preexistente (Neste caso o PGOU 1993 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 29.04.1993).

Deste xeito o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, trátase do PGOU de 1993, que constitúe un documento de adaptación do PGOU de 1988 á Lei 11/1995, do 22 de agosto, de adaptación do solo de Galicia (LASGA), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993 (DOG núm. 87, do 10.05.1993; BOP núm. 133, do 14.07.1993, coas súas modificacións puntuais.

Con data do 24.07.2019 o Pleno do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria, prestou aprobación ao Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (en diante IOP), elaborado polos servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo, con data da sinatura de 26.04.2019, (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019) e inscrito no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia por Resolución do 11.09.2019 e que tal e como se reflicte na memoria informativa e xustificativa, a súa tramitación responde a finalidade e espírito que recolle a LMFAO (artigo 84); Trátase dunha ferramenta posta a disposición das administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos aos efectos, de que ao teor do pautado na LMFAO poidan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto en canto non contén cun novo PXOM definitivamente aprobado.

Deste xeito, e no que aquí nos interesa, o IOP definitivamente aprobado recupera a ordenación detallada do referido PXOM08 en determinadas zonas de solo urbano consolidado, nalgúns sistemas xerais e en dous polígonos de solo urbano non consolidado dado o grao de desenvolvemento acadado neles no seu momento (A-3-37 Tomás Paredes 1 e o polígono 2 do AOD A-3-10 Esturáns), mantendo os terreos restantes as condicións urbanísticas establecidas no PXOU93.

O Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) adicada a Ordenación detallada da AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, as ordenanzas propias da presente ordenación, os criterios seguidos para a implantación dos servizos (anexos: cálculo de demandas), xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e planimetría, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e que se incorpora e forma parte da presente proposta (Anexo I) e na

que se reflicte entre outra orde de consideracións que, a presente ordenación detallada, se corresponde coa prevista no interior do polígono núm. 2, no ámbito do solo urbano non consolidado previsto no PXOM de Vigo de 2008, identificado como APR, A-3-10, ESTURANS, cuxa superficie abrangue 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como ámbito completo.

Dita ordenación provisional soamente inclúe o Polígono 2, coas seguintes características

POLÍGONOS	SUPERFICIE m2	SUPERFICIE COMPUTABLE	EDIFICABILIDADE (M2)	EDIF. PONDERADA	APROV. TIPO
POLÍGONO 2	11.227	10.126	15.428	16.129	1,593

Este polígono desenvolveuse polo sistema de concerto, e o seu proxecto de equidistribución, tramitado no expediente núm. 4855/401 acadou a aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 07.12.2012.

Así as cousas, con data do 27.02.2020 a Xunta de Goberno Local, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa,

" (...) Primeiro.- Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o 21.12.2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao "Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns», instrumento urbanístico promovido pola entidade "Prasadouro, SL", documento redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de Galicia de día 02.09.2010 e documentación reformada -sen visar- integrada no referido proxecto como "reformado" coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401); e no mesmo acto prestar aprobación con carácter inicial a documentación complementaria da anterior, que divide o proxecto en fases, presentada no rexistro xeral desta XMU con data do 16.05.2013 (doc. 130057020) suscrita por EAM - "Enxeñería e análise medioambiental"- en data maio de 2013, coa documentación que o integra, consistente en: Memoria descritiva do proxecto, estudo de seguridade e saúde, planimetría, prego de condicións e orzamento; así como ao documento nomeado "Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS", redactado por "Urbing ingeniería", e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019, documentación toda ela que se incorpora e forma parte do presente expediente.

Segundo.- Subsecuentemente e a teor da nova documentación que se incorpora ao presente expediente e a que se presta aprobación inicial, sometese a información pública o presente proxecto de urbanización, segundo o exposto no parágrafo anterior, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no "Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia e no "Taboleiro de Edictos" da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo-computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de información/Rexistro da XMU do Concello de Vigo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións

pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos.

Terceiro.- Solicitar, consonte á normativa sectorial de aplicación, ao abeiro do disposto no artigo 226.4 do RLSG, os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos, de ser o caso.

Cuarto.- Advírteselle á promotora de que, con anterioridade á aprobación definitiva, poderá esixirse documento refundido da documentación aprobada coas modificacións que se puideran introducir por mor das alegacións que sexan estimadas no proceso de información pública e dos informes sectoriais que se emitan, e requirir a "Prazadouro, SL" para que se proceda a redactar e achegar a esta XMU, con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto de urbanización, un proxecto de estatutos da futura entidade urbanística de conservación, consonte ao determinado no art. 324 e concordantes do RLSG, coa advertencia de que, unha vez aprobados polo órgano municipal competente, deberá proceder á constitución da entidade urbanística de conservación con carácter previo á recepción das obras de urbanización.(...).

En cumprimento do nel disposto, o dito acordo, foi publicado na sede electrónica do Concello de Vigo, na web municipal, no Taboleiros de editos da XMU e do Concello de Vigo, no BOP do 05.03.2020, e no Faro de Vigo do 06.03.2020.

Neste estado da tramitación, con data 14.05.2020 recibíase na Área de desenvolvemento urbanístico desta XMU, solicitude e informe a el xuntado suscrito polo xefe do servizo de extinción de incendios no expediente , no expediente da súa referencia (Exp. 6126-213) no que conclúe que, "(...)tendo coñecemento da existencia dunha nave de propiedade municipal sita no camiño Esturáns, que na actualidade conta cun uso dotacional público, clase asistencial, solicita que por parte desta Xerencia municipal de urbanismo se realicen os trámites necesarios para cambiar este uso dotacional público a outro apropiado que permitira albergar un parque de bombeiros(...)".

A vista do solicitado, con data do 20.05.2020 a Vicepresidenta da XMU ditou Resolución de incoación do presente procedemento, da que extractamos a continuación integramente o seu contido para unha mellor comprensión do sentido do adoptado:

"(...) ANTECEDENTES E FEITOS

I. Con data do 10.11.2015 o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación num.: 1658/20141, polo que, estimou o recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Alternativa Veciñal de Vigo e declarou a nulidade da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia, de data 16 de maio de 2008, pola que se aproba definitiva e parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo e contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 13 de xullo de 2009, pola que se aproba definitivamente o documento de cumprimento da citada Orde en canto as cuestións que na mesma quedaron en suspenso. Como consecuencia de dita anulación e conforme a xurisprudencia e (STS 22.01.2006, STS 2.03.2016 entre outras) a anulación xudicial de todo o plan comporta que recobre a súa vixencia a ordenación urbanística preexistente (Neste caso o PGOU 1993 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 29.04.1993).

Deste xeito o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, trátase do PGOU de 1993, que constitúe un documento de adaptación do PGOU de 1988 á Lei 11/1995, do 22 de agosto, de adaptación do solo de Galicia (LASGA), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993 (DOG núm. 87, do 10.05.1993; BOP núm. 133, do 14.07.1993, coas súas modificacións puntuais.

II. Con data do 24.07.2019 o Pleno do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria, prestou aprobación ao Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (en diante IOP), elaborado polos servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo con data da sinatura de 26.04.2019 e publicado no DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019) e inscrito no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia por Resolución do 11.09.2019 e que tal e como se reflicte na súa memoria informativa e xustificativa, a súa tramitación responde a finalidade e espírito que recolle a LMFAO (artigo 84); Trátase dunha ferramenta posta a disposición das administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos aos efectos, de que ao teor do pautado na LMFAO poidan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto en canto non contén un novo PXOM definitivamente aprobado.

III. Neste senso, e no que aquí nos ocupa, o IOP definitivamente aprobado recupera a ordenación detallada do referido PXOM08 en determinadas zonas de solo urbano consolidado, nalgúns sistemas xerais e en dous polígonos de solo urbano non consolidado dado o grao de desenvolvemento acadado neles no seu momento (A-3-37 Tomás Paredes 1 e o polígono 2 do AOD A-3-10 Esturáns), mantendo os terreos restantes as condicións urbanísticas establecidas no PXOU93.

Concretamente, é o Anexo 2.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) a que se adica a Ordenación detallada da AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, as ordenanzas propias da presente ordenación, os criterios seguidos para a implantación dos servizos (anexos: cálculo de demandas), xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e planimetría, e na que se reflicte entre outra orde de consideracións que, a presente ordenación detallada, se corresponde coa prevista no interior do polígono núm. 2, no ámbito do solo urbano non consolidado previsto no PXOM de Vigo de 2008, identificado como APR, A-3-10, ESTURANS, cuxa superficie abrangue 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como ámbito completo.

IV. Así as cousas, con data do 27.02.2020 a Xunta de goberno local, adoptou, entre outros pronunciamentos, o seguinte Acordo:

“(…) Primeiro.- Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o 21.12.2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao “Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns», instrumento urbanístico promovido pola entidade “Prazadouro, SL”, documento redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de Galicia de día 02.09.2010 e documentación reformada -sen visar- integrada no referido proxecto como “reformado” coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401); e no mesmo acto prestar aprobación con carácter inicial a documentación complementaria da anterior, que divide o proxecto en fases, presentada no

registro xeral desta XMU con data do 16.05.2013 (doc. 130057020) subscrita por EAM - "Enxeñería e análise medioambiental"- en data maio de 2013, coa documentación que o integra, consistente en: Memoria descritiva do proxecto, estudo de seguridade e saúde, planimetría, prego de condicións e orzamento; así como ao documento nomeado "Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS", redactado por "Urbing ingeniería", e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019, documentación toda ela que se incorpora e forma parte do presente expediente.

Segundo.- Subsecuentemente e a teor da nova documentación que se incorpora ao presente expediente e a que se presta aprobación inicial, sometese a información pública o presente proxecto de urbanización, segundo o exposto no parágrafo anterior, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no "Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia e no "Taboleiro de Edictos" da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo-computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de información/Rexistro da XMU do Concello de Vigo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos.(...)"

En cumprimento do nel disposto, o dito acordo, foi publicado na sede electrónica do Concello de Vigo, na web municipal, no Taboleiros de editos da XMU e do Concello de Vigo, no BOP do 05.03.2020, e no Faro de Vigo do 06.03.2020.

Asemade, faise constar expresamente que, o proxecto de equidistribución do referido eido tramitado no Expte. 4855/401 foi aprobado definitivamente pola Xunta de goberno local na sesión celebrada o 07.12.2012.

V. Neste estado da tramitación, con data do 14.03.2020 publicouse no BOE o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, cuxa disposición adicional terceira baixo o epígrafe "Suspensión de prazos administrativos" dispón: 1. Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. 2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. 3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo. 4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, dende a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación de aqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vencelladas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos. 5. A suspensión dos termos e a interrupción dos prazos a que se fai referencia no apartado 1 non será de aplicación aos procedementos administrativos nos ámbitos da afiliación, a liquidación e a cotización da

Seguridade Social. 6. A suspensión dos termos e a interrupción dos prazos administrativos a que se fai referencia no apartado 1 non será de aplicación aos prazos tributarios, suxeitos a normativa especial, nin afectará, en particular, aos prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións tributarias.

Máis aló da enorme casuística existente no tipo de procedementos existentes na tramitación municipal, o que subxace tras dos efectos suspensivos impostos polo antedito Real decreto é a debida garantía dos dereitos da cidadanía nun momento extraordinariamente excepcional. É por elo, que calquera decisión que afecte á continuación dun procedemento administrativo deberá considerar, xunto a esta excepcional normativa de aplicación, a protección dos dereitos da cidadanía e nomeadamente das persoas interesadas, nas súas relacións coa Administración.

Neste contexto, a incoación e tramitación do presente procedemento de “ Modificación do uso dotacional dunha parcela municipal sita na “AOD A-3-10 ESTURÁNS”, M2, PARCELA 3, de 1511 m² para destinala a outro uso dotacional de servizo público” , Categoría 15ª. Centros destinados á prestación de servizos públicos, subcategoría 3.Seguridade Cidadá, inxírese nesa variedade procedimental de estrita garantía do interese público e dos dereitos da cidadanía, que permitirá adiantar as actuacións que sexan necesarias de cara a súa protección, e que lonxe de toda dúbida, trátase dun servizo público obrigatorio que compre reforzar, sendo as súas funcións prioritarias e esenciais, na súa atención as emerxencias que se producen neste eido municipal, relacionadas con incendios, rescates, salvamentos...; velando pola protección civil e pola seguridade da cidadanía dun xeito interrompido todos os días do ano, e ao tratarse dun servizo público obrigatorio á prestar por este termo municipal. (art. 26.1 C LBRL 7/1985, do 2 de abril).

Razóns todas elas que requiren abordar esta actuación de forma urxente, e que lonxe de poder deterse neste intre, precisa dun forte compromiso e impulso por parte desta administración, satisfacendo e superando as demandas xurdidas do novo modelo de convivencia que o contexto actual nos amosa.

Sentando o anterior, compre insistir en que a garantía dos dereitos da cidadanía en todo este proceso resulta fundamental e non pode verse minguada en modo algún nun momento no que as circunstancias demanda a maior protección de tales dereitos.

VI. Así as cousas, con data 14.05.2020 recibise na Área de desenvolvemento urbanística desta Xerencia municipal de urbanismo solicitude e informe a el xuntado suscrito con data do 13.05.2020 polo xefe do servizo de extinción de incendios, no expediente da súa referencia (Exp. 6126-213) e que deu lugar a apertura do presente expediente, que neste intre é obxecto de incoación, e que se relaciona co expediente de razón, no que conclúe que, “(...)tendo coñecemento da existencia dunha nave de propiedade municipal sita no camiño Esturáns, que na actualidade conta cun uso dotacional público, clase asistencial, solicita que por parte desta Xerencia municipal de urbanismo se realicen os trámites necesarios para cambiar este uso dotacional público a outro apropiado que permitira albergar un parque de bombeiros(...)”.

VII. Con data do 19.05.2020 e en cumprimento do peticionado mediante dilixencia suscrita pola Técnica xurídica da área de desenvolvemento urbanístico na mesma data, a arquitecta

municipal adscrita á área de desenvolvemento urbanístico, emite informe técnico, do seguinte teor literal,

“(…)Á vista da dilixencia de data 19/05/2020 da Área de Desenvolvemento Urbanístico, no que se solicita informe técnico, no que se reflicta as condicións urbanísticas da parcela que nos ocupa, (clasificación e cualificación urbanística) sita “AOD A-3-10 ESTURÁNS”, M2, PARCELA 3, de 1511 m2 para destinala a outro uso dotacional de servizo público, emprazada no ámbito de aplicación do instrumento de ordenación provisional (IOP), de acordo cos datos catastrais e da base de datos informática municipal, esta Oficina Técnica

INFORMA:

I. PLANEAMENTO VIXENTE

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana De Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG nº87, do 10/05/1993; BOP nº133, do 14/07/1993), coas súas modificacións puntuais, habida conta da declaración de nulidade contida na sentenza de 10.11.2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16.05.2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008) e do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).1 O planeamento xeral vixente con anterioridade ao ano 2008, coñecido como PGOU 93 ou Plan Xeral de 1993, en realidade trátase do denominado Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia.

Así tamén, o Instrumento de Ordenación Provisional (o cal recupera parte do solo urbano do Plan Xeral do ano 2008 que foi anulado por sentenza do Tribunal supremo), en adiante IOP, aprobado definitivamente por acordo plenario do 24/07/2019, publicación do acordo no DOG o 26/08/2019 e da normativa no BOP do 20/09/2019, e inscrito no rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia (por resolución de 11/09/2019).


II. CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA

A parcela obxecto do presente informe, está dentro do ámbito do Instrumento de Ordenación Provisional (IOP).


A ordenación urbanística do IOP inclúe a parcela en solo urbano non consolidado, no ámbito con ordenación detallada AOD A-3-10 Esturáns (Polígono II).

Consta aprobación definitiva do proxecto de equidistribución (Expte. 4855/401) en sesión da XGL de 07/12/2012, Aprobación inicial do Proxecto de Urbanización (Expte. 4856/401) de data 21/12/2012, así como Aprobación inicial do Proxecto de Urbanización (Expte. 5250/401) en sesión da XGL de data 27/02/2020.

A ordenación detallada cualifica a parcela P.3 da couzada 2 (M.2) de superficie 1.511 m² como Sistema Local Dotacional. O uso pormenorizado previsto é a Clase Asistencial (Anexo 3 do IOP).(…)"



Fragmento da folla 10-J da Serie 2B do IOP (parcela sinalada en cor vermello)



Fragmento do plano 3.3 de ordenación da AOD A-3-10

De conformidade co artigo 26 “Equipamentos públicos” da memoria, establécese como única parcela de equipamento a parcela M.2-P.3.

No mesmo artigo sinálase que, as condicións de aproveitamento e edificación serán as da Ordenanza 13 coas características da Clase de uso Dotacional Público que se establece no cadro ou aquel que o Concello lles atribúa en razón das necesidades.

O capítulo 4.5 da Normativa Urbanística “USO DOTACIONAL”, define as clases e categorías dos posibles usos dotacionais.

Para a Clase Asistencial, prevista pola ordenación detallada do AOD A-3-10, establece a prestación de asistencia non especificamente sanitaria ás persoas, mediante os servizos sociais: Categoría 10ª. Centros de servizos sociais sen residencia colectiva anexa, tales como club de anciáns, garderías, etc., de titularidade pública ou privada.

A Clase Servizos Públicos, á que se fai referencia na solicitude de informe, corresponde cando a dotación se destina á Prestación de Servizos Públicos, pola administración ou por particulares: Categoría 15ª. Centros destinados á prestación de servizos públicos. Entre as seguintes subcategorías se encadra o uso sinalado:

“1.- Abastecemento Alimentario: Instalacións para a provisión de produtos de alimentación para o abastecemento da poboación como mercados centrais, mercados de distrito, matadoiros ou outros similares. Inclúense nesta categoría os mercados de abastos e centros de comercio básico xestionados directamente pola Administración ou suxeitos ó réxime de concesión administrativa. Cumprirán, en todo caso, as condicións aplicables do Uso Terciario de Comercio.

2.- Mantemento e limpeza da cidade Instalacións destinadas ó mantemento e limpeza dos espazos públicos, parques e xardíns, así como outros servizos xerais para a cidade, tales como cantóns de limpeza, centros de protección animal, centros de hixiene e outros servizos esenciais

*3.- Seguridade Cidadá: Instalacións destinadas á salvagarda das persoas e os bens en tódolos seus aspectos: comisarías, **parques de bombeiros**, centros de formación e academias de policía, etc.*

4.- Defensa e Xustiza: Instalacións para o acuartelamento dos corpos armados e aqueles outros destinados á administración da xustiza ou ás actividades penitenciarias.

5.- Funerarios: Instalacións relacionadas co velorio, tratamento e depósito ou enterramento de cadáveres ou restos humanos.

6.- Outros servizos públicos: Instalacións públicas ou privadas que presten algún tipo de servizo non incluído nalgún dos anteriores e que non poidan ser incluídos dentro de usos comerciais. Poden incluírse nesta Subsección xenérica os Recintos Feirais, espazos relacionados con actividades esporádicas ou continuadas das persoas, sen carácter sanitario ou residencial, ou co coidado ou a garda de animais, ou outros análogos.”

Aínda que este informe responde exclusivamente á solicitude das condicións urbanísticas na devandita dilixencia, apúntase que no que atinxe ao cambio de uso dotacional, deberase estar ao disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; ao Decreto 314/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia, así como ao artigo 4.5.4 das NN.UU do IOP que regula a Substitución de usos dotacionais.

III. APLICACIÓN DA LEI DO SOLO DE GALICIA

En todo caso, terase en conta o apartado 1 da Disposición Transitoria Primeira (Régime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de de Galicia (en diante LSG), que establece: “O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras: a) Ao solo urbano, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo[...]”.

IV. INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, SERVIDUMES E AFECCIÓNS

Legislación sectorial en materia aeronáutica e na disposición sobre servidumes aeronáuticas do Plan de Ordenación do Litoral.

Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas (en redacción dada pola Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas) e o seu Regulamento (Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas), no relativo á Zona de influencia de Costas.

O que se informa sen prexuízo do réxime de autorizacións aplicable derivado da normativa sectorial que lle sexa de aplicación.

V. VIXENCIA DO IOP

De conformidade co disposto no artigo 90.2 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (LMFAO), a ordenación provisional, unha vez aprobada, estará en vigor ata que se substitúa pola prevista no novo instrumento de ordenación para ese ámbito ou, de ser o caso, ata que transcorra calquera dos prazos sinalados no artigo 87 da LMFAO.

De conformidade co nomeado artigo 87, desde a data de publicación do acordo de aprobación definitiva do instrumento de ordenación provisional, o concello deberá:

- presentar o borrador do novo instrumento de planificación no prazo dun ano,*
- aprobar inicialmente o novo instrumento no prazo de dous anos e*
- aprobar provisionalmente o novo instrumento de ordenación no prazo de tres anos e seis meses.*

Transcorrido calquera dos prazos sinalados sen se cumpriren os trámites previstos, o IOP aprobado esgotará a súa vixencia por ministerio do previsto na presente lei e quedará inmediatamente sen efecto, volvéndose ao establecido no PXOU 1993. O PXOU93 clasificou

a parcela como SOLO URBANO, parte no PERI II-08 Tomas A. Alonso e parte coa ordenanza 2.2 Industria (Folla 14-27 Réxime solo).(...)"

VIII. Á presente proposta de incoación do procedemento aos efectos de cambio do uso dotacional solicitado, de asistencial a servizo público, resúltalle de aplicación, tal e como se ten indicado, o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) do Concello de Vigo, aprobado definitivamente por acordo plenario do 24.07.2019 (DOG do 26/08/2019 e publicación da súa normativa no BOP do 20.09.2019).

Tal e como se reflicte no antedito informe técnico, a ordenación urbanística do IOP inclúe a parcela en solo urbano non consolidado, no ámbito con ordenación detallada AOD A-3-10 Esturáns (Polígono II), cualificando a parcela P.3 da couzada 2 (M.2) cunha superficie 1.511 m2 como **Sistema Local Dotacional**. O uso pormenorizado previsto é a Clase Asistencial (Anexo 3 do IOP), e consonte co artigo 26 "Equipamentos públicos" da memoria, establécese como única parcela de equipamento a parcela M.2-P.3.

No mesmo artigo sinálase que, as condicións de aproveitamento e edificación serán as previstas na Ordenanza 13 coas características da Clase de uso Dotacional Público que se establece no cadro ou aquel que o Concello lles atribúa en razón das necesidades.

O capítulo 4.5 da Normativa Urbanística "USO DOTACIONAL", define as clases e categorías dos posibles usos dotacionais.

Deste xeito, para Clase Asistencial, prevista pola ordenación detallada do AOD A-3-10, establece a prestación de asistencia non especificamente sanitaria ás persoas, mediante os servizos sociais: Categoría 10ª. Centros de servizos sociais sen residencia colectiva anexa, tales como club de anciáns, garderías, etc., de titularidade pública ou privada.

Pola súa banda, e no que respecta a Clase Servizos Públicos, corresponde cando a dotación se destina á Prestación de Servizos Públicos, pola administración ou por particulares: Categoría 15ª. Centros destinados á prestación de servizos públicos. Entre as seguintes subcategorías se encadra o uso sinalado: 3.- Seguridade Cidadá: Instalacións destinadas á salvagarda das persoas e os bens en tódolos seus aspectos: comisarías, parques de bombeiros, centros de formación e academias de policía, etc.

No que atinxe á tramitación do presente expediente, compre indicar que será o Pleno da corporación o órgano competente para adoptar o acordo que proceda, previa tramitación do procedemento previsto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e en similares termos no artigo 65.7 do seu Regulamento de desenvolvemento (Real decreto 143/2016 , do 22 de setembro), resultándolle de aplicación o previsto no artigo 4.5.4 das NN.UU do IOP que regula a Substitución de usos dotacionais.

IX. É competente para adoptar a presente resolución a Vicepresidenta da XMU en virtude das competencias conferidas pola Resolución do Alcalde-Presidente do Concello de Vigo do 11.07.2019 e dos Estatutos da XMU.

Por canto antecede propónse a adopción da seguinte, RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Incoar o presente procedemento de modificación do uso dotacional dunha parcela municipal sita na "AOD A-3-10 ESTURÁNS", M2, PARCELA 3, de 1511 m² para destinala a outro uso dotacional, de dotacional asistencial a dotacional de servizo público-Categoría 15^a. Centros destinados á prestación de servizos públicos, subcategoría 3-Seguridade Cidadá: Instalacións destinadas á salvagarda das persoas e os bens en tódolos seus aspectos: parques de bombeiros, emprazada no ámbito de aplicación do Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo, elaborado polos servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo, con data da sinatura de 26.04.2019, e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 24.07.2019, e publicado no DOG núm. 160 do 26.08.2019 e a súa normativa no BOP núm. 181 do 20.09.2019, e inscrito no rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia por Resolución do 11.09.2019, con base á fundamentación xurídica exposta, e ao abeiro do disposto na Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, por considerarse preciso para garantir a protección da cidadanía e do interese xeral.

SEGUNDO: Notificar a presente Resolución de incoación do presente procedemento, ao departamento municipal de Extinción de incendios e salvamento para o seu coñecemento, así como aos correspondentes departamentos municipais, con competencias na materia que resulten afectados, recadando destes os informes que se estimen oportunos.

TERCEIRO: Dar conta da presente Resolución ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio das funcións de control que estatutariamente ten conferidas (art.10º.3 da XMU).

Da antedita Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria que tivo lugar o 26.05.2020.

En cumprimento do disposto na antedita Resolución, e así consta acreditado no expediente de razón, notificouse a mesma, ao departamento municipal de Extinción de incendios e salvamento para o seu coñecemento, así como aos correspondentes departamentos municipais, con competencias na materia que resulten afectados, recadando destes os informes que se estimen oportunos.

Así as cousas, e superado amplamente o prazo conferido polo artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 do outubro, para a emisión dos correspondentes informes, constan emitidos logo do seu pedimento, e se incorporan ao presente expediente, os seguintes informes municipais:

- informe emitido con data do 25.05.2020 suscrito conxuntamente polo Xefe da área de benestar social, do asesor xurídico adxunto a dita área, con conforme da Concelleira delegada de política de benestar social;

- informe emitido con data do 27.05.2020 polo xefe do servizo de comercio, co conforme do concelleiro de parques e xardíns, comercio, distritos e Festas especiais

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993 (DOG núm. 87, do 10.05.1993; BOP núm. 133, do 14.07.1993, coas súas modificacións puntuais.
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións que poidan afectar

II. Modificacións de usos dotacionais. Procedemento

A presente proposta de modificación do uso dotacional invocado, de dotacional asistencial a dotacional de servizo público, resúltalle de aplicación o disposto no artigo no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e en similares termos o previsto no artigo 65.7 do seu Regulamento de desenvolvemento,(Real decreto 143/2016 , do 22 de setembro), que dispoñen que, *o Pleno da corporación por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do Plan, poderá acordar o cambio de uso de terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementas as zonas verdes e os espazos libres públicos.*

Asemade resúltalle de aplicación o disposto no artigo 4.5.4 das NN.UU que regula a substifución dos usos dotacionais.

O acordo que se adopte publicárase no DOG e no BOP (seguindo o “iter procedimental” dos acordos plenarios de modificación de uso tramitados neste servizo, e será remitido á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, na forma regulamentariamente prevista, para o seu coñecemento e efectos., e aos efectos da súa inscrición no Rexistro de planeamento da Xunta de Galicia.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo, entre outras, Sentenza do 03.03.2015, expresa que o feito de que o *artigo 47.4 da Lei 9/2002* (* que se expresa en similares termos que o artigo 42.5 da LSG) permita que o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto pódase acordar por acordo plenario municipal, adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, non significa que dito cambio non sexa unha modificación do plan, senón que cabe realizala sen seguir a tramitación establecida para os demais supostos de modificación; é máis, o establecer expresamente tal excepción reforza o carácter de modificación do plan que ten dito cambio, pois se non o fose non sería necesario establecela, xa que non lle afectarían as normas que regulan a modificación do plan. En consecuencia, considerando o exposto, en aplicación da LSG, remitírase un exemplar dilixenciado do acordado á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

En similares termos, se expresan senllas sentenzas do TSX de Galicia, da Sala do Contencioso-administrativo, sección 2ª, entre outras, de datas 25.03.2010 e 08.01.2015, ao confirmar que o referido precepto da nese intre en vigor LOUG *está regulando un procedemento especial (aprobación polo pleno, por maioría absoluta) de cambios de usos dotacionais que exime tramitar modificacións puntuais de plan.*

Á presente proposta de cambio de uso dotacional, de asistencial a servizo público, se sitúa sobre a totalidade da parcela sita dentro do ámbito do Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) do Concello de Vigo, aprobado definitivamente por acordo plenario do 24.07.2019 (DOG do 26/08/2019 e publicación da súa normativa no BOP do 20.09.2019), que inclúe a parcela en solo urbano non consolidado no ámbito da ordenación detallada, “AOD A-3-10 ESTURÁNS”, M2, PARCELA 3, de 1511 m², cualificada como Sistema Local Dotacional. O uso pormenorizado previsto é a Clase Asistencial (Anexo 3 do IOP).

De conformidade co artigo 26 “*Equipamentos públicos*” da memoria, establécese como única parcela de equipamento a parcela M.2-P.3.

No mesmo artigo sinálase que, as condicións de aproveitamento e edificación serán as da Ordenanza 13 coas características da Clase de uso Dotacional Público que se establece no cadro ou aquel que o Concello lles atribúa en razón das necesidades.

O capítulo 4.5 da Normativa Urbanística “*USO DOTACIONAL*”, define as clases e categorías dos posibles usos dotacionais.

A presente modificación supón o cambio do uso da indicada parcela de 1511 m², de dotacional asistencial (categoría 10. Centros de servizos sociais sen residencia colectiva anexa) a dotacional servizos públicos (Categoría 15. Centros destinados á prestación de servizos

públicos. Subcategoría 3.-Seguridade Cidadá: Instalacións destinadas á salvagarda das persoas e os bens en tódolos seus aspectos: comisarías, parques de bombeiros, ...).

III. Vixencia do IOP

De conformidade co disposto no artigo 90.2 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (LMFAO), a ordenación provisional, unha vez aprobada, estará en vigor ata que se substitúa pola prevista no novo instrumento de ordenación para ese ámbito ou, de ser o caso, ata que transcorra calquera dos prazos sinalados no artigo 87 da LMFAO.

De conformidade co nomeado artigo 87, desde a data de publicación do acordo de aprobación definitiva do instrumento de ordenación provisional, o concello deberá:

- presentar o borrador do novo instrumento de planificación no prazo dun ano,
- aprobar inicialmente o novo instrumento no prazo de dous anos e
- aprobar provisionalmente o novo instrumento de ordenación no prazo de tres anos e seis meses.
-

Transcorrido calquera dos prazos sinalados sen se cumpriren os trámites previstos, o IOP aprobado esgotará a súa vixencia por ministerio do previsto na presente lei e quedará inmediatamente sen efecto, volvéndose ao establecido no PXOU 1993. O PXOU93 clasificou a parcela como SOLO URBANO, parte no PERI II-08 Tomas A. Alonso e parte coa ordenanza 2.2 Industria (Folla 14-27 Réxime solo).

Faise constar expresamente que o Concello de Vigo ten iniciado, mediante acordo plenario do 18.12.2015, o expediente de Revisión do PXOU de 1993 (Expediente 15313/411); A data da presente proposta tanto o Documento Inicial Estratéxico como o Borrador de plan (previstos nos artigos 60.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 144.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo se que se aproba o Regulamento da LSG, na súa relación co artigo 17.2 e concordantes da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental), atopase no trámite de consultas para a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, de conformidade co previsto no artigo 46.1 b) da LSG en relación co artigo 60.4 do dito corpo legal, por un prazo de dous (2) meses dende o 8 de xuño ata o 10 de agosto de 2020.

IV. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo o Pleno da Corporación (artigo 42.5 da LSG e artigo 65.7 do seu Regulamento de desenvolvemento) por maioría absoluta legal dos seus membros, por proposta do Consello da XMU (art.10.1j) dos Estatutos da XMU).

Xa que logo, visto o que antecede e de conformidade co informe técnico que obra no expediente, de data 19.05.2020, que se incorpora ao texto do presente e lle serven de fundamentación ao abeiro do previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte,

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que consta transcrita na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do 30.06.2020, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Neste punto o que traemos a este Pleno é a modificación dun uso permitido no Planeamento, dun uso que antes era asistencial a un uso de prestación dun servizo público vinculado á seguridade para a instalación de Bombeiros, nunha parcela que é titularidade municipal que ten unha extensión de 1.511 metros cadrados, que se pode desenvolver porque está vinculado a un ámbito desenvolvido na ordenación provisional e que polo tanto cumpre tódolos requisitos que poden dar lugar a instalacións do servizo de Bombeiros e ademais non esquezamos que a petición que se traslada á Xerencia de Urbanismo sobre modificación de uso desta parcela, pois ven do propio xefe de Servizo de Extinción de Incendios que nos indica que tanto por ubicación como por tamaño, extensión desta parcela é a parcela e ubicación idóneo para achegar un bo servizo da prestación do Servizo de Extinción de Incendios e Emerxencias aos cidadáns de Vigo, por iso dado é un procedemento previsto a modificación da cualificación urbanística dunha parcela dotacional con este trámite que é a aprobación en Pleno, por iso a traemos a este Pleno.

Solicito por suposto o apoio a esta iniciativa.

SR. PÉREZ IGLESIAS: A Concelleira di que o informe do Xefe de Servizo di cousas que non di o documento, o documento asinado polo Xefe de Servizo de Bombeiros di que “tendo en coñecemento a existencia dunha nave propiedade municipal no

camiño de Esturáns, esta xefatura atopa razoable a súa reforma para a adaptación como parque de Bombeiros en substitución do de Balaídos” en ningún caso se fala de idoneidade e toda a información técnica que ven recollida nese sorprendente informe.

Hai unha cuestión, hai un elefante na sala do que parece que non queren falar porque non se fai o parque de Bombeiros proxectado en Bouzas? Por que razón, por que ese cambio de criterio? Porque vostedes foron cambiando o criterio, primeiro dixeron que como a reforma de Balaídos en principio ía estar máis avanzado do que está, veremos como acaba, Balaídos non ía poder permanecer onde está o parque de Bombeiros, se podía asumir unha ubicación provisoria e falaban xa daquela, xa hai algún tempo de Esturáns como destino provisional mentres non avanzaba a construción do novo parque de Bombeiros en Bouzas, porque non se vai facer alí e hai outra cuestión tamén importante, non hai proxecto, teñen vostedes un anteprojecto, non coñecemos a cargo de que partida orzamentaria, se cadra é a de non execución dos ingresos que se fan por parte de Unespa, non sabemos a cargo de que partida van executar ese proxecto, nin con que prazos se vai poñer en marcha, polo tanto, é unha resposta improvisada, e o que nos parece máis grave, o propio colectivo de Bombeiros xa advertiu que a ubicación se ven podía ser aceptable para unha instalación provisional, non reúne as condicións polo seu encaixe na rede viaria, porque non se fixo ningún estudo ao respecto de tempos de resposta dende esa ubicación, simplemente viron unha parcela que tiñan alí morta de risa, que estaba destinada para usos de Benestar Social e que decidiron agora destinala a parque de Bombeiros, nos gustaría que nos explicara por que o cambio deste criterio, e dende logo que se dean garantías, os bombeiros o que nos din que de reforma nada, que a reforma non vai a adecuar as instalacións para os usos que necesita unha instalación moderna cun parque de bombeiros.

SR. PÉREZ CORREA: Hai unha obviade que creo que se propuxo durante tódolos anuncios, da posibilidade de colocar o parque futuro de Bouzas de Bombeiros dentro dos terreos portuarios a evidencia é que non se pode, entre outras cousas porque o Porto non ten nin delimitación de espazos de usos portuarios porque está anulado por sentenza xudicial e porque tampouco ten un Plan especial acorde á

legalidade e mentres o Porto non faga os seus deberes e mentres non se clarexe determinados usos compartidos ou cesións que poida facer o Porto ao Concello de Vigo ou a outras administracións pois creo que era bastante evidente que sabíamos que se unha delimitación de espazos de uso portuarios e unha clasificación acorde dos solos pois era case imposible ubicar unha infraestrutura de servizo público municipal dentro dos terreos portuarios, nos seguimos a entender que sen eses dous documentos aprobados e un aprobado antes doutro, non os dous aprobados “ad hoc” como pretende o presidente da Autoridade Portuaria, pois vai a ser difícil non só isto senón propoñer algún de tipo de ordenamento diferente no Porto e polo tanto dende aquí volvemos a reiterar que se poña ao fronte do Porto de Vigo unha persoa solvente e non a un marruñeiro que sistematicamente o único que está a buscar é que o Porto sexa un escenario de intereses aos amigos como se quere ver agora cos terreos de Vulcano, e volvendo ao que nos interesa, que é o parque de Bombeiros claro, a única obviade que hai aquí, hai dúas obviades, unha que seguramente non se traerá ou non ten retorno neste punto, a situación de falla de persoal e recursos dos Bombeiros evidente e creo que máis que nada expresada nunha sentenza xudicial que anula o decreto de reforzos pero que ademais é un problema recorrente que viu aquí ao Pleno e outra é que Balaídos é unha infraestrutura absolutamente deficitaria para un tempo de resposta mínimo, e tamén para unhas instalacións acordes, e o que se trae aquí é efectivamente unha improvisación porque a nós nos gustaría saber cales son os informes que sosteñen a ubicación do parque de Bombeiros en Esturáns, outros concellos cando fan unha ubicación, miden os camións, fan un estudo do xiro dos camións con grúa, fan un estudo do tempo de sacar vehículos ou introducir vehículos no parque, hai un estudo técnico solvente, que sustancia que esa sexa ubicación do parque de Bombeiros. Home, dicir que é a ubicación ideal porque é unha das posibles ubicacións dos terreos que son propiedade do Concello de Vigo, pois xa é limitante, porque estamos a limitar a posibilidade de ter un parque de Bombeiros en resposta rápida ao patrimonio, ao inventario municipal porque estas cousas como xa as vimos, xa vimos aquel informe que dicía que o único sitio magnífico e solvente para ter a Uned era o Auditorio Mar de Vigo, e que non había outra, ademais dicía literalmente, non hai outro sitio en Vigo para ter a Uned como o Auditorio Mar de Vigo, home, facer ese tipo de

aseveracións cando o que se trata é un interese concreto, ben de inxectar 800.000 euros ao Auditorio Mar de Vigo, ben de utilizar unha infraestrutura e unha ubicación municipais que está agora mesmo a barbeito, pois pode xustificarse como unha idoneidade pero nós o que queremos é un informe técnico serio, e con cálculos de tempo de resposta porque ao mellor nos atopamos que os tempos de resposta de Balaídos ata eran mellores que os tempos de resposta para a área que cubría, por iso nós queremos saber ese estudo que sustancia é un estudo que obviamente non pode facer o xefe de Bombeiros, creo que é un estudo que supera as capacidades do xefe de Bombeiros e que polo tanto, ten que ser unha cuestión seria que inclúa incluso cuestións que teñen que ver coa lexislación autonómica en materia de extinción de incendios e de tempos de resposta, e nós nos imos abster porque entendemos que obviamente todo o que mellore Balaídos pode ser unha resposta, pero imos absternos mentres non se nos poñen enriba da mesa informes serios e técnicos de acordo á lei autonómica e a tódalas leis que teñen que ver precisamente cos servizos públicos de Extinción de Incendios e Emerxencia e mentres non se nos poñan pois nós imos a absternos porque consideramos que isto é unha enésima improvisación, e creo que a resposta como fixemos un anuncio grandilocuente cunha nova ubicación para o parque de Bombeiros, pois temos que dar resposta e isto é como cando llo pides ao express e logo chégache a casa o resultado do que pediches.

SR. GONZÁLEZ CASTILLO: A principal función dun parque de Bombeiros é a de chegar o antes posible a tódolos barrios, para iso a estación debe estar conectada directamente a unha vía principal con núcleos de comunicación da cidade. A súa proposta non cumpre con ningún destes requisitos, nin limitación, nin tamaño, nin extensión, imos ver a deficiencia do parque que vostedes propoñen. Un, non sae a unha vía principal da cidade, sae a un camiño de núcleo rural, dous, ao incorporarse a Tomás Alonso non é unha saída directa limpa, é unha saída con moitos cruces, visibilidade nula con risco de accidentes e con retencións de tráfico. Tres, non existe unha saída alternativa, pola rúa Chouzo non pasa un camiión. Catro, é imposible facer un xiro cun camiión escaleira cun brazo articulado que mide 10 metros de largo, que necesita 12 metros de xiro cando o ancho da rúa mide 10 metros. Agora centrémonos nas dimensións, a instalación que propoñen

en Esturáns mide a súa parcela principal 17 metros de largo e 40 de fondo, a fachada do parque ten que ser multisaída, cada vehículo coa súa propia porta como é no parque de Teis, na fachada que propoñen collen dous vehículos estacionados en batería e iso non é operativo, ralentiza o servizo e o tempo de resposta. O Alcalde propón un parque auxiliar e non o é, neste momento o parque de Balaídos é o parque que realiza máis servizos que ten que ser apoiado moitas veces polo parque de Teis, a liña de actuación de división ven sendo a Avenida de Madrid, Praza España e Gran Vía ata Colombia, aunha Tesis e outro lado Balaídos, saben cal é o índice de saída do parque de Balaídos? Como é iso de que é un parque auxiliar se teñen máis saídas que o parque de Teis? Non teñen nin idea do que é a xestión da licenza, antes da partida hai que facer un estudo, que inclúe ese estudo? Eu voulo a dicir, ese modelo de parque de zonas e sectores ao que serven fíxose un informe de valoración, de contraste co modelo do parque pero como se vai mellorar así o servizo? Se fixo un estudo de posibles ampliacións a futuro, saben cal a regra? En decembro de 2019, vostedes incluíron no orzamento 800.000 euros para a construción deste parque de Bombeiros en Bouzas, este parque que presentan é unha ocorrencia, hai seis meses non tiñan nin idea, o seu son ocorrencias e improvisacións, escoitaron o que opinan os Bombeiros? Nós si, e non atopará a ninguén, a ninguén llo aseguro que queira este parque, o que vostedes propoñen é unha encerrona, é un castigo aos Bombeiros e un castigo á cidade, no que se refire á capacidade de xestión dos medios humanos deixa moito que desexar, palabras dos propios Bombeiros; o Alcalde incumpre de forma reiterada as garantías mínimas do servizo do parque de Bombeiros e está a poñer en perigo tódolos días a seguridade dos bombeiros e dos vigueses, non respecta os períodos mínimos de descanso que ten que ter un traballo perigoso como é o dos bombeiros, van a colocar un parque de Bombeiros pegados a unha zona residencial que se vai a construír a futuro e outra que xa existe na Praza da Industria, consultaron vostedes cos residentes? Votaron non a este parque que castiga aos Bombeiros e á cidade.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Se me permiten eu sinceramente creo que as afirmacións que se acaban de facer son un pouco fortes de máis, é dicir, o Concello de Vigo pon en risco aos vigueses, castiga aos vigueses, sinceramente castiga aos

bombeiros a pesares de contar con equipamento e proteccións que son dos equipos mellores de España, eu creo que esas afirmacións descualifícanse por se mesmas, polo tanto, eu simplemente lle vou a afirmar que probablemente para o modelo do Partido Popular o ideal sería que o parque de Bombeiros o situáramos ao carón do Concello de Mos, porque tampouco non había un sitio máis lonxe onde levar o hospital, pois estarían encantados, iso si, despois cobrarían o aparcamento para que poideran obviamente facer unha caixa, como fan no caso do hospital Álvaro Cunqueiro. En calquera caso, os servizos de Bombeiros todo indica que deben estar preto das necesidades que ten a cidade, polo tanto, especialmente este parque de Bombeiros que ten que dar servizo fundamentalmente a unha zona urbana da cidade, por suposto complementada con outros servizos de bombeiros e o que lle podo afirmar é que ademais este expediente conta cos informes preceptivos que é preciso para acadar unha boa ubicación desta instalación, tanto os de seguridade que polo tanto, analizan e avalían a posición que ocupa, como o propio informe do xefe de Bombeiros e por suposto tamén o informe de Benestar Social que advirte que pode cambiar este uso dado que neste momento non se está a utilizando esa parcela, iso si reclama tamén que nas previsións da revisión do Plan Xeral ocupemos un espazo axeitado para dar servizo ás necesidades de Benestar Social que poidan acontecer no futuro, como é lóxico, hoxe o único que vimos a dicir, por certo, que falan vostedes dun proxecto de urbanización que como saben está mutando, porque o proxecto de urbanización de Esturáns se modifica, acaba de aprobarse, polo tanto, entendo que nesa peza en particular existe unha reubicación de instalacións derivadas de que o proxecto e a ordenación do plan de Esturáns, recuperouse na ordenación provisional e acaba de ser aprobada e ratificada, polo tanto, con esas melloras introducidas nese proxecto de urbanización, a ubicación en opinión do propio xefe de Servizo de Bombeiros é adecuada para a prestación dese servizo, o departamento municipal correspondente en particular os servizos da oficina de proxectos do Concello de Vigo están a desenvolver o proxecto obviamente este paso é previo ao desenvolvemento do proxecto concreto, os recursos xa están dotados para este ano e se dotarán os oportunos para completar este investimento no vindeiro ano, e polo tanto, o camiño comezou a camiñar, teñen vostedes dicir, por certo, a instalación que teñen en Balaídos como saben os camións entran dando marcha

atrás, polo tanto, terán que afirmar se a ubicación que eliximos lles parece correcta e queren investir nos bombeiros de Vigo e polo tanto, mellorar a calidade tamén da prestación dos servizos de Bombeiros de Vigo ou negarse ao progreso desta cidade.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e en similares termos co previsto no artigo 65.7 do seu Regulamento de desenvolvemento,(Real decreto 143/2016, do 22 de setembro), e con base á fundamentación xurídica exposta, a modificación do uso dotacional da parcela municipal sita na "AOD A-3-10 ESTURÁNS", M2, PARCELA 3, de 1511 m² , para destinala a outro uso dotacional, de dotacional asistencial a dotacional de servizo público- Categoría 15ª. Centros destinados á prestación de servizos públicos, subcategoría 3- Seguridade Cidadá: Instalacións destinadas á salvagarda das persoas e os bens en tódolos seus aspectos: parques de bombeiros, emprazada no ámbito de aplicación do Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo, elaborado polos servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo, con data da sinatura de 26.04.2019, e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 24.07.2019, e publicado no DOG núm. 160 do 26.08.2019 e a súa normativa no BOP núm. 181 do 20.09.2019, e inscrito no rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia por Resolución do 11.09.2019,

Segundo.- Publicar o presente acordo no BOP e no DOG, e notificalo para o seu coñecemento á Consellería de Política Social e á Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Remitir o presente acordo, xunto cunha copia autenticada do expediente electrónico, debidamente foliado, autenticado e dilixenciado (artigo 26 da LPACAP en relación co art. 70 do dito corpo legal) á Dirección xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento, e aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia consonte co previsto no artigo 88 da LSG e consonte co previsto no artigo 209.2 b) do RLSG. No anuncio de aprobación, referido no apartado dispositivo segundo do presente acordo, farase constar dita remisión.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao departamento municipal de Extinción de incendios e salvamento para o seu coñecemento, así como aos correspondentes departamentos municipais, con competencias na materia que resulten afectados.

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estimen máis conveniente.”

10(104).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA 2ª MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 15666/411 (REXISTRO PLENO 2512/1101).

ANTECEDENTES: O día 30/01/2020 a técnica de admón. xeral, o xefe da oficina de Desenvolvemento Urbanístico e a xefa da Área Técnica informan:

“I. O Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente foi aprobado definitivamente mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29.04.1993 e nel prevese un ámbito de solo urbanizable non programado clave «PAU 4 NAVIA», cun uso característico residencial-dotacional, a xestionar polo sistema de expropiación, sendo a súa prioridade a obtención de solo urbanizado para a construción de vivendas de promoción pública, consonte o convenio asinado o 30.01.1992 entre o Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

II. O día 08.02.1996, o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o Programa de Actuación Urbanística do ámbito de solo urbanizable de San Paio de Navia do PXOU-93 e o día 03.06.1996 aprobou definitivamente o Plan Parcial de Navia (exp. 2444/411).

III. Con data 25.04.2005, aprobouse o documento refundido da modificación

puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia (exp. 7849/411).

IV. Por orde de data 16.05.2008 da Conselleira da CPTOPT foi aprobado definitiva e parcialmente o PXOM/08 (DOG nº. 106, do 03.06.2008; BOP nº. 151, do día 06.08.2008) e por orde de data 13.07.2009 do Conselleiro da CMATI foi aprobado o documento de cumprimentación das deficiencias observadas na orde do día 16.05.2008 (DOG nº. 144, do día 24.07.2009; BOP nº. 175, do 10.09.2009).

V. En xaneiro de 2009, o Concello de Vigo e a Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia asinaron un Protocolo de colaboración para a modificación do Plan Parcial devandito, co obxecto de adaptalo ao PXOM/08 e á normativa de vivenda e habitabilidade, polo que, o día 09.02.2009, o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu incoar o expediente para a tramitación da modificación puntual do Plan Parcial de Navia (4887/401).

VI. Con data 10.03.2011, a Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental decidiu sobre a necesidade de somemento da modificación puntual do Plan Parcial de Navia a avaliación ambiental estratéxica, notificándose o documento de referencia mediante oficio do 16.03.2011 do subdirector xeral de Avaliación ambiental que tivo entrada no Rexistro xeral da XMU o día 25.03.2011 (doc. 110041197).

VII. O PXOM/08 foi declarado nulo mediante sentenza do Tribunal Supremo de data 10.11.2015, e outras sobre as que proxectou os seus efectos, co que produciuse a reviviscencia do PXOU-93.

VIII. O día 28.04.2016, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 160053981) o oficio do subdirector xeral de Avaliación ambiental polo que solicita información sobre o estado de tramitación da modificación puntual do Plan Parcial de Navia ao considerar que, ao non contar con aprobación inicial, deberá adaptarse plenamente á LSG. Copia deste oficio foi remitido pola vicepresidenta da XMU ao IGVS, para o seu coñecemento e procedentes efectos.

IX. Mediante oficio do 03.05.2016, a vicepresidenta da XMU informou á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental que a nomeada modificación puntual non contara con aprobación inicial, ao non terse presentado polo IGVS (promotor da actuación) un documento enteiramente axustado á normativa de aplicación que permitise a superación dese trámite.

X. O día 26.05.2016, o xerente da XMU ditou a Instrucción 2/2016 relativa á capacidade modificativa do planeamento de desenvolvemento respecto da limitación do número máximo de vivendas do PXOU-93 (BOP número 115 do día 16.06.2016).

XI. Con data 06.06.2016, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 160073626) o oficio asinado pola xefa da Área Provincial de Pontevedra do IGVS, achegando o documento *"MODIFICACIÓN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA. Adaptacións das etapas III-B, IV, V, VI ao Plan Xeral vixente e as novas normativas"* e solicitando a *convalidación da tramitación ambiental en proceso*.

XII. Con data 11.06.2016, tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo (doc. 160077306) o oficio asinado pola xefa da Área Provincial de Pontevedra do IGVS polo que achega solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, xunto cun borrador de plan e un documento inicial estratéxico para a súa remisión á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

XIII. O día 05.07.2016, a vicepresidenta da XMU resolveu ter por formulada a dita solicitude de inicio (doc. 160077306) e remitir a documentación presentada polo IGVS á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que practique a tramitación procedimental oportuna do Documento Inicial Estratéxico e do Borrador presentados, consonte á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

XIV. O 20.09.2016, o secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental resolveu non someter esta modificación puntual ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria (DOG número 194 do 11.10.2016).

XV. Con data 30.11.2017, o subdirector xeral de Explotación (P.D. do director xeral de Estradas (Orden FOM/1644/212 do 23 de xullo) da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento resolveu informar favorablemente a modificación puntual.

XVI. O día 15.01.2018 o Interventor Xeral emitiu o informe que obra no expediente e cuxa conclusión segunda expón que a actuación de referencia resulta sostible dende unha perspectiva económica e financeira.

XVII. Con data 15.10.2018, a técnica de admón.xeral adscrita á Oficina de Planeamento e Xestión e o secretario da XMU, co conforme do xerente da XMU, vista a normativa que figura no informe proposta asinado, propoñen a aprobación inicial da 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia.

XVIII. Con data 25.01.2018, a Xunta de Goberno Local aprobou inicialmente a 2ª Modificación do Plan Parcial de Navia, abríndose o trámite de información pública mediante anuncios publicados no DOG do 07.03.2018 e Faro de Vigo do 16.02.2018. A documentación inicialmente aprobada, xunto co resumo executivo, incorporouse á web municipal para xeral coñecemento e o acordo de aprobación inicial foi tamén exposto no taboleiro municipal de anuncios (diligencia do secretario da XMU do 18.05.2018). Practicáronse, por parte do Concello de Vigo un total de 5.366 notificacións individualizadas a todas as persoas propietarias catastrais, de acordo co disposto no artigo 75.1 a) da LSG, e realizáronse durante este proceso unhas 911 publicacións no BOP, de acordo coa lexislación procedimental común.

XIX. Segundo o certificado asinado polo secretario da XMU en data 20.09.2018, consta a presentación dos 2031 escritos de alegacións que nel se relacionan.

XX. Durante a tramitación do procedemento recabáronse, ademais, os seguintes informes sectoriais favorables:

- Informe do conselleiro técnico da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. de data 20.02.2018.
- Informe do director xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información de data 07.03.2018.
- Informe da xefa de Sección de Planificación e do xefe de Servizo de Planificación, co visto e prace do xefe de Área de Planificación e Proxectos e co conforme do director da Axencia Galega de Infraestruturas, de data 09.03.2018.
- Informe da directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo de data 22.11.2018.
- Informe da xefa de Área de Autorizacións e Concesión e do subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de datas 25 e 26.09.2019.

Constan, igualmente, os seguintes informe/oficios:

- De data 28.2018 do director do Departamento Técnico de Estudos do IET sobre a non preceptividade de obter informe sectorial do órgano competente en materia de paisaxe.
- De data 09.05.2018 da secretaria xeral técnica e do patrimonio da Consellería de Facenda, informando que as propiedades da Comunidade Autónoma que se atopan dentro do plan parcial non se atopan afectadas pola modificación do plan por estar fora do ámbito que abarca dita modificación.

XXI. O 15.05.2019, o xefe de Urbanización e Infraestruturas emitiu informe técnico relativo á adecuación das infraestuturas viarias e dos servizos urbanos, remitíndose en varios apartados ao informado o 09.01.2018.

XXII. Logo de diferentes requirimentos para a emenda da documentación presentada, os días 23 e 27 de decembro de 2019 tivo entrada no Rexistro da XMU o documento para aprobación definitiva que agora se informa.

XXIII. Os servizos técnico-xurídicos da XMU asinaron con data 27 e 28.01.2020 o informe das alegacións presentadas e o informe de calidade e legalidade da ordenación proposta, someténdose ao que corresponda informar polo secretario da XMU- secretario xeral do Pleno e polo interventor xeral.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (derrogada agás no relativo ao parágrafo primeiro do apartado 1 do artigo 40 e no apartado 1 do artigo 44).
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.
- Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.
- Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia
- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)

Inclúese, en observancia do seu punto 3, a Instrucción da XMU 2/2016 relativa á capacidade modificativa do planeamento de desenvolvemento respecto da limitación do número máximo de vivendas do PXOU-93.

II. Natureza, obxecto e contido documental.

Tramítase neste expediente a 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia, instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no vixente PXOU-93, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo co obxecto de reordenar as etapas III-B, IV, V e VI (pendentes de desenvolvemento) a fin de, segundo o solicitado, adaptar a ordenación destas etapas á normativa vixente e corrixir as disfuncións detectadas polo dito órgano, sen alterar as determinacións urbanísticas orixinalmente previstas para as etapas xa urbanizadas e executadas. Con todo, a versión que se somete a aprobación definitiva completa o seu corpo documental e incorpora, en esencia, as modificacións propostas como consecuencia do estudo dos informes sectoriais, as alegacións e as suxestións recibidas e que figuran tratadas no punto 3.1.3 do Título II *Memoria Xustificativa* e no Anexo VIII. *Contestación de Alegacións* do instrumento sometido a aprobación definitiva.

A ordenación detallada propón para os terreos pendentes de transformación, unha ordenación mixta de edificación en bloques de IV e V plantas e vivendas unifamiliares que se asentarán de forma gradual na transición entre o tecido extensivo da parroquia de Navia e os bloques de vivenda de maior altura do polígono xa executados.

A edificabilidade total lucrativa que se propón é de 717.775 m²c (605.528 m²c residenciais e 112.247 m²c para usos terciarios). Tendo en conta a edificación xa materializada nas etapas xa executadas (416.413 m²c de uso residencial e 67.246 m²c terciarios), a edificabilidade remanente que se propón nesta modificación para as etapas que restan por executar ascende a 234.116 m²c (189.115 m²c en uso residencial e 45.001 m²c de uso terciario), para aproximadamente 1.599 vivendas máis, que sumadas ás 3.732 xa executadas farán un total de aproximadamente 5.331 vivendas.

A modificación puntual propón para as fases pendentes de desenvolvemento urbanístico unha dotación de 22.757 m² de zonas verdes, 23.946 m² de equipamentos, 1.213 prazas de novos aparcamentos públicos e a plantación de 2.341 árbores, o que cumpre as reservas mínimas establecidas na LSG para todo o sector de solo urbanizable.

Consonte o disposto nos artigos 84.1 da LSG e 201.1 do RLSG, o instrumento que nos ocupa ten natureza de disposición de carácter xeral.

O dito instrumento de planeamento de desenvolvemento, na súa versión para aprobación definitiva, confórmase polos seguintes documentos:

Título I. Memoria Informativa, asinado o 20.11.2019

Título II. Memoria Xustificativa, asinado o 09.12.2019

Título III. Ordenanzas reguladoras, asinado o 21.11.2019

Título IV. Plan de etapas, asinado o 21.11.2019

Título V. Estudo económico financeiro, asinado o 20.11.2019

Título VI. Informe de sustentabilidade económica, asinado o 20.11.2019

Título VII. Relación de planos, asinado o 20.11.2019

Anexo I. Cadro de características, asinado o 20.11.2019

Anexo II. Resolución de acordos, asinado o 20.11.2019

Anexo III. Catálogo de elementos e fichas patrimoniais, asinado o 20.11.2019

Anexo IV. Estudo da paisaxe urbana, asinado o 20.11.2019

Anexo V. Estudo de avaliación da mobilidade, asinado o 20.11.2019

Anexo VI. Informes previos, informe avaliación ambiental e informes sectoriais, asinado o 09.12.2019

Anexo VII. Propietarios catastrais, asinado o 20.11.2019

Anexo VIII. Contestación de alegacións, asinado o 09.12.2019

Anexo IX. Informe de impacto de xénero, asinado o 09.12.2019

Esta documentación complétase co documento ambiental estratéxico, un estudo acústico e os seus anexos, un estudo electromagnético e unha memoria e prospección arqueolóxica.

III. Tramitación procedimental

De acordo co definido nos artigos 186 do RLSG e 46.2 da LSG e 81.2 do RLSG, unha vez emitida a decisión de data 20.09.2016 do secretario xeral de Calidade e

Avaliación Ambiental da entón Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de sometemento da modificación puntual a avaliación ambiental simplificada (informe publicado no DOG número 194 do 11.10.2016), a Xunta de Goberno Local, previo informe favorable do subdirector xeral de Explotación (P.D. do director xeral de Estradas (Orde FOM/1644/212 do 23 de xullo) da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento, de data 30.11.2017, acordou en sesión de data 25.01.2018 aprobar inicialmente a 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia, abríndose o trámite de información pública mediante anuncios publicados no DOG do 07.03.2018 e Faro de Vigo do 16.02.2018.

III.1. Exame dos informes sectoriais recabados.

Obran no expediente, ademais do informe favorable do Ministerio de Fomento, recabado con carácter previo á aprobación inicial do instrumento, e os incorporados de acordo co consignado na proposta de aprobación inicial, os seguintes informes emitidos con sentido favorable ou de non incidencia desta modificación puntual nas súas competencias sectoriais:

- Informe do conselleiro técnico da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. de data 20.02.2018.
- Informe do director xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información de data 07.03.2018.
- Informe da xefa de Sección de Planificación e do xefe de Servizo de Planificación, co visto e praxe do xefe de Área de Planificación e Proxectos e co conforme do director da Axencia Galega de Infraestruturas, de data 09.03.2018.
- Informe da secretaria xeral técnica e do patrimonio da Consellería de Facenda do 09.05.2018.
- Informe da directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo de data 22.11.2018.
- Informe da xefa de Área de Autorizacións e Concesión e do subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de datas 25 e 26.09.2019.

Os ditos informes foron considerados na documentación técnica que se somete a definitiva aprobación. Non se advertiu por parte dos servizos técnicos a necesidade de recabar ningún outro informe atendidas as características do ámbito de actuación.

III. 2. Estudo das alegacións presentadas

Consta o certificado do 20.09.2018 do Secretario da XMU de exposición pública e práctica de notificacións individualizadas, no que figura a relación de escritos de alegacións recibidos nesa fase. As diferentes alegacións foron estudadas polo

técnico redactor do instrumento que se tramita, así como no informe de contestación de alegacións emitido polos servizos técnico-xurídicos da XMU obrante no expediente e a cuxo contido compre remitirse por razón do volume e diversidade de alegacións analizadas.

O documento presentado para aprobación definitiva incorpora certas modificacións como resultado da proposta de estimación e parcial estimación dalgunhas das alegacións recibidas, ademais de certos axustes menores derivados do seu estudo. Estas modificacións son coherentes coa análise e proposta realizada no dito informe dos servizos técnico-xurídicos da XMU de contestación de alegacións. Con todo, as modificacións operadas a respecto do instrumento inicialmente aprobado non supoñen cambios substanciais a respecto da proposta de ordenación contida naquel.

III.3. Tramitación restante

Rematada a información pública, estudadas as alegacións e incorporado ao expediente o informe de calidade e legalidade emitido polos servizos técnicos e xurídicos da XMU (artigo 186.1.d) do RLSG), compre continuar coa tramitación procedimental e, sen prexuízo do informe que corresponda emitir polo titular da Secretaría Xeral (secretario da XMU-secretario Xeral do Pleno) e do interventor Xeral, o Concello procederá, segundo o artigo 186.1.f) do RLSG, a súa aprobación definitiva.

IV. Publicidade e entrada en vigor

De acordo co establecido no artigo 186.4 do RLS a aprobación definitiva dos plans parciais corresponderá ao órgano municipal competente (artigo 75.4 da LSG) e *“En todo caso, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionados a súa publicación de conformidade co establecido nos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no artigo 199 deste regulamento, á inscrición do instrumento no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, e ao que dispoña ao efecto a lexislación vixente en materia de réxime local. Sen prexuízo do indicado, o acordo de aprobación definitiva notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás que se lle notificase a aprobación inicial do mesmo, de acordo co establecido no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro”*.

A aprobación definitiva do instrumento pon fin, en todo caso, á suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas que tivera lugar con fundamento no artigo 47 da LSG e 86 do RLSG.

V. Órgano competente

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello (artigos 75.4 da LSG e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU (AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa condición de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP).

Polo anteriormente exposto, e sen prexuízo do que corresponda informar preceptivamente polo secretario da XMU-secretario xeral do Pleno e polo interventor municipal, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

De seguido a funcionaria informante emite a proposta que consta transcrita na parte dispositiva deste acordo.

O día 6.02.20, o secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo emite informe.

Con data 6.02.20 o Interventor emite informe de fiscalización.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 11.02.2020, ditamina favorablemente dita proposta.

O día 23.07.2020, o secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo emite ampliación do informe.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu creo que hoxe con esta iniciativa traemos a Vigo unha boa nova, teño que dicir dende o principio que teño o corazón partido no que nesta actuación se refire porque dun lado damos saída a unha necesidade, unha demanda social que é a necesidade de vivenda protexida, especialmente na nosa cidade, unha demanda de vivenda protexida sometido ao réxime de aluguer que é intensa, a máis importante de toda Galicia con máis de 5.000 solicitantes de vivenda de protección, máis do 30% de toda a demanda galega se produce nesta cidade e ademais porque ven a permitir a materialización no futuro desas preto de 1.600 novas vivendas que como dicía vai a permitir cubrir esa parte desa demanda social que se ven producindo dende hai moito tempo, porque claro cando un bota a

ollada atrás o protocolo asinado entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia para dar saída a esta necesidade social xa detectada naquel momento, de 1.600 novas vivendas, de xaneiro do ano 2009, tiveron que pasar tres lexislaturas para que a Xunta de Galicia do Sr. Feijóo decidira, pois agora a ver si polo menos o Plan Parcial está aprobado e polo tanto aínda nos queda moito camiño por percorrer ata que vexamos como os novos cidadáns de Navia poden ocupar esas novas vivendas. Polo tanto, dicía aínda chega moi tarde porque chega 11 anos tarde, tardaron 11 anos en facer esta modificación do Plan Parcial de Navia, 11 anos nos que moitas familias de Vigo buscaron ubicación noutro sitio porque aquí non atoparon con vivenda protexida porque ademais non se fixo vivenda protexida noutro ámbito, pois a pesar diso hoxe é unha boa nova porque habilitase un camiño para intentar solventar este problema, ao longo deste proceso da modificación puntual que vai a permitir materializar preto de 230.000 metros cadrados edificables novos, dos que pois practicamente o 80% vai a ser para vivenda residencial e o 20% vai a ser de usos terciarios, tamén se vai permitir mellorar as dotacións e equipamentos de Navia, dotacións aparecerán 22.700 metros cadrados novos de dotacións, de equipamentos 23.000 metros cadrados, novas prazas de aparcamentos públicos en 1.200 novas prazas, 2.300 novas árbores plantadas, pero ao longo deste proceso presentáronse moitas alegacións, en particular presentáronse 2.031 alegacións, algunhas delas do Concello, unha en particular, que pretendía o Concello de Vigo e os cidadáns de Navia pretendíamos que se rebaixaran as alturas en algunhas das edificacións, pretendíamos que se mellorara o viario de conexión coa Avenida de Europa, pretendíamos que se mellorara a accesibilidade ao Lagares, ou que non se esnaquizaran masas arboladas ou que mellorara o acceso peonil ou se reducira o ruído, ou se presentara un proxecto de soterramento da VG-20 e sobre todo que se construíra Instituto de Navia porque o Instituto de Navia é unha necesidade hoxe, non para resolver as necesidades que teñan a maiores as 1.600 familias que cheguen a Navia, non, é unha necesidade hoxe, polo tanto, lle puxemos como condición á Xunta de Galicia que asinara un convenio co Concello de Vigo para que unha das parcelas de equipamento que será municipal, que queremos adicar a ese instituto se puidera materializar un protocolo de colaboración para que a xunta de Galicia comprometera ese instituto xa necesario a día de hoxe, desafortunadamente non foi posible que a Xunta de

Galicia entendera que Navia precisa un novo instituto e prefire que os rapaces de Navia circulen 13 quilómetros para poder ir ao instituto de Valadares, e co que está a caer, a pesares polo tanto desta situación, si conseguimos que se eliminasen dúas plantas dalgún edificio desta actuación, que se mellorara o viario de conexión coa Avenida de Europa, que se mellorara o acceso ao Lagares cunha senda verde, que ademais se conservaran as masas arboladas, polo tanto, conseguimos algunhas melloras ao longo deste proceso, eu creo que o Sr. Feijóo ten que escoitar aos cidadáns de Navia, e ten que escoitalos xa, non podemos seguir esperando porque o día das eleccións autonómica xa deron unha resposta clara, dos 4.199 votantes de Navia só 964, o 22%, votaron ao Partido Popular, o 80%, é dicir, 8 de cada 10 cidadáns de Navia lle dixeron non ao Sr. Feijóo, e o situaron como terceira forza política en Navia, polo tanto, esta iniciativa é moi importante vai a permitir executar 1.600 vivendas pero o instituto de Navia é unha reclamación do que non decaemos.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Gracias Alcalde por retornar á sesión plenaria, en todo caso para este respecto di a concelleira a Sra. Caride que non se renuncia, renunciar a condicionar o desenvolvemento do Plan Parcial a que houber un compromiso real por parte da Xunta de Galicia, non foi unha condición que puxera este concelleiro nin o BNG, foi unha condición que puxo de maneira firme o propio Alcalde, vostedes non teñen nin protocolo, nin convenio, nin compromiso da Xunta de Galicia e agora non se sabe por que razón, maila non ter nada diso uns meses despois, pasadas ás eleccións galegas agora si procede a aprobación do Plan Parcial, é evidente, e raro naquela estratexia, daquela o BNG lle dicíamos que tiña que ten haber instituto si ou si, se desenvolvera antes ou despois o Plan Parcial, que non podíamos condicionar a execución dunha instalación tan importante como o instituto do desenvolvemento dese ámbito, vostede optaron por outra versión, agora rectifican e eu creo que as viguesas/es, sobre todo a veciñanza de Navia merecen que expliquen por que cambian de criterio.

Houbo varios miles de alegacións veciñais que non se atenderon e que non se respostaron aínda ás persoas que as formularon, alegacións que falaban da necesidade de dotar aínda máis o barrio con dotacións de carácter social e cultural, de reducir o número de vivendas, non por nada, senón para evitar de

sobrecargar un ámbito como é do PAU de Navia que xa ten unha importante poboación máis arrastra importantes déficits en materia de dotacións e servizos, que reclamaban o soterramento da VG-20, o soterramento que o Ministerio do goberno español di que non ten previsto nin tan sequera estudar ou que apostaban por unha maior protección ambiental, ningunha destas cuestións foi considerada no trámite de alegacións por parte do Concello de Vigo e por iso que o BNG non podemos votar favorablemente e imos a abstermos e dende logo insistir na esixencia de que o barrio de Navia ten que dispoñer canto antes do instituto que merece.

SR. PÉREZ CORREA: É evidente que o barrio de Navia é un fronte de batalla permanente, un caldeiro importante de votos, tódalas forzas políticas que estamos aquí representados nalgún proceso electoral, forzas importantes, que diminuímos o apoio é un barrio que nos últimos 5 ou 6 anos tivo expresións de voto moi diferentes dependendo dos procesos electorais.

Pero ademais é un barrio que afortunadamente ten claro unha serie de demanda e e unha serie de necesidades vitais para o seu desenvolvemento e ampliación, e sistematicamente deron traslado delas non só aquí no Concello de Vigo senón a outras administracións públicas e unha das cuestións que creo que é bastante vergoñenta é que habendo un núcleo importante de alegacións, é certo que moitas delas, como pon o informe de alegacións e alegacións tipo pero alegacións tipo subscribas por miles de veciños/as, ata practicamente o día de onte non superan cal é o resultado das respostas a esas alegacións, porque ademais hai cuestións nos informes que acompañan a este expediente que deberían ser coñecidos polos veciños/as de Navia e se responder a 3.000 alegacións xera un problema burocrático importante sempre está a opción que fixeron aquí no grupo Socialista e o goberno Socialista co Plan Xeral de respondelas directamente unha especie de delegación de funcións a través do movemento veciñal, se os veciños de Beade se nos dixo que as alegacións estaban contestadas ao movemento veciñal, pois fixeran vostedes o mesmo e tiveran polo menos a pequena reserva de darlle algún tipo de información sobre como se estaban a responder o informe da alegación da segunda modificación puntual que fixo a Xerencia de Urbanismo e a oficina de Desenvolvemento Urbanístico que aquí figura no expediente, porque ademais hai

cuestión que son inexplicables, bueno si hai unha explicación que é os pertinaces procesos electorais, porque isto non viu antes cando xa hai meses que estivo na Xerencia de Urbanismo, cal é o único motivo para que isto veña agora uns días despois dun proceso electoral? Pois ao mellor, tempo tivemos dende febreiro do 2020 que está emitido este informe de alegacións pois para facer unha explicación pormenorizada aos veciños/as afectados, porque ademais hai algunhas cuestións de erros, polo menos preocupantes, que incluso informe diga que hai alegacións contestadas afirmativamente aos veciños/as que logo non se incorporan no texto ou que digan que diferentes dilixencias remitidas ás distintas áreas municipais de Educación e Deporte solicitando un informe sobre as necesidades dotacionais concretas das súas respectivas competencias sen que foran trasladadas as necesidades nestas materias, este informe di que se pediron informes ao departamento de Educación e de Deportes do Concello de Vigo sobre as necesidades dun novo instituto, sobre necesidades dotacionais e non emitimos ese informe? Se tiñamos un consenso amplo e un consenso importante en que ou había unha dotación educativa tan importante como un novo instituto para evitar a proposta de zonificación que propuxo da Xunta de Galicia por mandato militar, publicando na web do instituto de Valadares que os alumnos de Navia ían a Valadares, e non se emite un informe dicindo que necesitamos ese instituto porque ese informe podería ter condicionado incluso a aprobación desta modificación se se considera que as dotacións públicas non estaban claramente delimitadas, en vez diso se opta agora por dicir que non sei se porque perdemos unha batalla ou porque agora co resultado electoral ou coas eleccións xa non se explica que se poida ter nun caixón a modificación puntual do Plan Parcial de Navia e agora se nos trae aquí cando as condicións seguen sendo exactamente as mesmas agás un anuncio bastante surrealista da Delegada da Xunta de Galicia dunha ubicación dun instituto na contorna da rúa Lalín, pois nós queremos saber tamén cales son os motivos para traer agora sen completar esa demanda de dotacións públicas, non só o que ten que ver co instituto senón o que ten que ver con determinados accesos e ademais recoñecen que a problemática do acceso do tráfico dende a avenida de Europa a Teixugueiras é complexa pero que se irá resolvendo a medida que se vaia desenvolvendo a modificación, isto pono aquí non informe, cando menos é unha improvisación sobre a principal arteria que vai a surtir de tráfico ao

barrio e cremos ademais que se non hai unha solución de maneira inmediata, debería poñerse polo menos algunha alternativa como ben pedían os veciños/as de Navia, o barrio de Navia non pode crecer máis se non temos resolto o transporte, se non temos resolto servizos sociocomunitarios, a cuestión dos equipamentos deportivos, educativos e ademais se non temos resolto tamén cuestións que teñen que ver sobre as tipoloxías de edificios que se están a poñer enriba da mesa que cando menos son discutibles como vivenda de protección pública.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Que significativo é este expediente, porque ven hoxe aquí e que significativas son as intervencións dos voceiros e da concelleira que me antecederon. Caladero de votos, iso é para vostedes Navia, resultados electorais, non hai nin un só obstáculo ou trámite no expediente que non se utilizase electoralmente. Ano 2015, se presenta a ampliación do Plan Parcial, novembro do 2015 cae o Plan Xeral que caeu porque estivo dous anos metido nun caixón esperando a que o Sr. Caballero se presentara de candidato á Alcaldía e gañase e logo o aprobase, e iso mesmo fixeron co Plan Parcial, coa ampliación do Plan Parcial de Navia, cae o Plan Xeral que fai o Concello de Vigo, mandarlle a pelota á Xunta de Galicia e dicirlle que aplique a Lei Vigo, por que? Porque co Plan Xeral do 93 presuntamente había un límite de vivendas que se excedía e non se podía aprobar a ampliación do Plan Parcial. Que lle di a Xunta de Galicia? Vostede Concello competente, faga vostede o que teña que facer, o Concello enreda, segue enredando, como remata este asunto que comezou cunha derogación polo Tribunal Supremo do Plan Xeral, cunha solicitude do Concello da aplicación da Lei Vigo? Sabe como rematou? Cunha instrución do Xerente dicindo que non pasaba nada e se podía tramitar como estaba. No camiño se perderon meses, meses, logo veu a impresionante saída do Alcalde de que quería que se soterrase a VG-20, pediuno o 7 maio do 2018, "Caballero exige soterrar la VG-20 a su paso por Navia", tres semanas despois caeu ese goberno, o goberno que entón estaba, non volveu a falar do soterramento de Navia, pois a ver se teñen máis sorte cos rúidos dos viais aos veciños de Teis, Sr. Alcalde, que os veciños de Navia porque cabezou daquela unha reivindicación que logo meteu tamén nun caixón cando cambiou o goberno e agora se acaba de decatar que os veciños de Teis tamén teñen rúidos e que Audasa non vai facer nada por limitalos, nin Audasa nin o Ministerio de

Transportes, a ver se temos máis sorte con Teis que coa reivindicación do soterramento da VG-20 por Navia.

Despois veu o consabido instituto de Navia ao que ninguén se opoñía, ninguén dixo que non se ía facer un instituto en Navia, vostedes forzaron dunha maneira Esmominiosa utilizando electoralmente aos veciños/as de Navia, a esas 1.600 familias que queren residir aí dicindo que ían acondicionar a ampliación do Plan Parcial á construción dun instituto. Duroulle o que lle duraron as eleccións e agora quitaron a careta xa non lles importa, xa non é necesario, xa non hai que condicionar nada aquel protocolo vinculante xa non o é, xa nos esquecemos daquilo, acabouse a xogada, quitaron a careta e por iso digo que non hai nin un só trámite, nin un só obstáculo que vostedes utilizasen con este expediente demorando e inventando excusas peregrinas para non aprobar o Plan Parcial de Navia ata que fosen ás eleccións autonómicas nas que pasou o que pasou, en Galicia, en Pontevedra e tamén en Vigo, si, se as eleccións autonómicas fosen locais hoxe teríamos 10 concelleiros e vostede 9, miren vostedes, catro maiorías absolutas leva o Sr. Feijóo, cantas leva o Sr. Caballero? Dúas, leva catro mandatos, dúas perdendo e dúas con maioría absoluta, 4-2 Sr. Alcalde, pero non vou a entrar niso porque eu non quero facer un uso electoral disto, non o fixemos nunca, o fixeron vostedes, un uso electoral que puxo, demorou en máis dun ano a aprobación dun proxecto esencial para Vigo, Vigo creceu porque creceu Navia, e Vigo crecerá porque se ampliou Navia e senón se fixo antes é porque vostede Sr. Abel Caballero non quixo, porque puxo tódolas pedras no camiño, e este expediente Sr. Aneiros, é a proba evidentes de que vostede estivo toda a primeira parte da intervención dicindo unha mentira, a Xunta de Galicia non inviste en Vigo, non? Á vista está o fácil que llo puxeron vostedes para que a Xunta de Galicia faga un investimento de case 40 millóns de euros na urbanización deses terreos e vai a mobilizar máis de 200 millóns de euros na edificación, si, o que se pica allos come, fixeron vostedes unha utilización electoral, quítanse a careta, veñen hoxe aquí sen ningún tapuxo no primeiro Pleno despois das eleccións, non me corto un pelo, nós por suposto como sempre votaremos a favor.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu sinceramente creo que vostede Sr. Marnotes ten unha empanada na cabeza porque todo o que dixo é absolutamente falso, mire, a única

información válida que hai aquí é que unha cuestión nun protocolo aparece sen nada no ano 2009, 11 anos máis tarde aprobamos o Plan Parcial e se de algo se lle pode acusar a este Concello é de intentar por tódolos medios que Navia teña un instituto xa e con estado alarma incorporado se quere chamarlle vostede demora, é de 5 meses en 11 anos, polo tanto, leccións as xustas, di vostede que se pediu a aplicación de Lei Vigo, para nada, di que vostedes que o Xerente asinou algo, sabe por que? Porque a Xunta de Galicia intentou paralizar Navia non ano 2016, intentou paralizar Navia porque saían vivendas moi grandes, entón non cumpría os requisitos e tivemos que dicirlle que non existía limitación ao número de vivendas para que puidera continuar a súa tramitación, e polo tanto, para continuar esa tramitación en tempo rápido, respostamos a unha pregunta da que a Xunta de Galicia se desinhibiu, preguntou o Concello de Vigo porque non quería executar o Plan de Navia. Di vostede, o Bloque Nacionalista Galego que 1.600 novas familias en Vigo non lle importan, a este goberno municipal si, nos importan 1.600 novas familias en Vigo que poidan ter unha vivenda protexida, claro que si e nos importa que teñen un instituto e un instituto axeitado e tanto nos importan que teñan un instituto que nos reunimos co Instituto Galego de Vivenda e Solo para dicirlle se a parcela que está pegado a VG-20, que vai a ser do Concello de Vigo, ten os requisitos necesarios para ser un instituto e nos afirmaron que si, para contar con instalacións deportivas axeitadas, polo tanto, información de primeira man trasladada en persoa nunha reunión na Xerencia de Urbanismo co Instituto Galego de Vivenda e Solo, e por suposto o Concello quere que dentro dos equipamentos e dotacións poida atender as necesidades que vaian xurdindo como é lóxico e razoable neste Plan e en calqueira outro.

Os accesos á Avenida de Europa se melloran, notablemente, hai dous accesos gracias a intervención do Concello de Vigo, os 2% bidireccionais, cousas que non eran no proxecto que presentou a Xunta de Galicia, polo tanto, claro que se mellora de xeito substancial esta intervención.

Polo tanto, o Concello de Vigo non demorou, esixiu, o Concello de Vigo non renuncia a nada, segue esixindo o instituto de Navia, os cidadáns de Navia falan alto e claro, o Partido Popular a terceira forza, o Partido Socialista a primeira forza en Navia, a máis 13 puntos do Partido Popular, o Partido Popular marxinal en Navia, tomen nota vostedes, non podemos ter aos nenos de Navia percorrendo 13

quilómetros para ir a un instituto, cando teñen a necesidade alí, ao seu carón e déixense de ocorrencias que xa chegaron.

(No momento da votación atópase ausente a Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Estimar, estimar parcialmente e desestimar os escritos de alegacións presentados logo da aprobación inicial da 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia e que se relacionan no certificado do Secretario da XMU de data 20.09.2018, de acordo cos fundamentos expostos no informe contestación de alegacións emitido polos servizos técnicos e xurídicos da XMU obrante no expediente e no sentido expresado neste.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia promovida polo IGVS e redactado polo arquitecto D. Rodrigo J. Portanet Fontana, conformado pola documentación técnica asinada electronicamente en datas 20.11.2019, 21.11.2019 e 09.12.2019 xunto coa documentación que incorpora, que tivo entrada os días 23 e 27.12.2019 no Rexistro xeral da XMU (docs.190203081 e 190205253).

TERCEIRO: Ordenar a publicación do presente acordo no DOG (consignando a referencia do DOG no que se publicou o informe ambiental estratéxico) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial de Pontevedra.

CUARTO: O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico

http://hoxe.vigo.org/movemonos/urb_plan_gest_1a.php, xunto co informe de resposta ás alegacións recibidas, e no Portal de Transparencia.

QUINTO: Notificar individualmente o presente acordo na forma prevista no artigo 184.4 *in fine* do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

SEXTO: Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

11(105).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, PROPOÑENDO QUE O PLENO DO CONCELLO INSTE Á XUNTA DE GALICIA A ACTUALIZAR E AMPLIAR A PARTIDA ORZAMENTARIA ADICADA AO SAF PARA O VINDEIRO 2021, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2513/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xullo de 2020, número 2513/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Méndez Fuentes, formulan a seguinte,

“MOCIÓN INSTANDO AO PLENO DO CONCELLO DE VIGO A MELLORAR AS CONDICIÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E A ESTUDAR A MUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO

O Servizo de Atención no Fogar ten un obxectivo fundamental na nosa sociedade: restablecer a autonomía das persoas, facilitando a permanencia no seu propio fogar e evitando situacións de desarraigo e desintegración. Un obxectivo que, ademais, adquiriu un valor incalculable na loita contra a pandemia. Trátase dun servizo esencial dentro do campo sociosanitario que, segundo Resolución do 3 de novembro de 2015, esixe ás traballadoras e traballadores a acreditación e a titulación correspondente para acometer servizos na atención á dependencia.

No papel, a Constitución e a Lei de Protección de Riscos Laborais aseguran o dereito á vida, esixen condicións de traballo dignas, velan pola seguridade e a hixiene no traballo, recoñecen a igualdade salarial e prohiben que as persoas, en ningún caso, sexan sometidas a escravitude ou trato degradante. Pero, no SAF, e nomeadamente en Vigo, estes dereitos póñense en cuestión cada día, pois nin se está garantindo a seguridade das traballadoras, nin se aseguran condicións dignas de traballo. É o momento de visibilizar esta situación e, se hai vontade política no Pleno do Concello de Vigo, poderase corrixir e mellorar as condicións non só das traballadoras senón do conxunto do servizo que é, non esquezamos, un servizo público de Vigo, é dicir, sufragado cos cartos das viguesas e vigueses.

Nestes momentos, coñecemos o novo prego de condicións que rexerá a licitación da xestión deste servizo durante os vindeiros 5 anos, que se encontra en prazo para recibir alegacións á súa redacción final. Por iso agora é fundamental escoitar as demandas das representantes sindicais no SAF de Vigo e ás traballadoras organizadas na Plataforma SAF Galiza. No punto de vista do grupo municipal da Marea de Vigo, con este

prego que, sinxelamente, alonga para cinco anos as condicións xa existentes, o Goberno local afonda na precarización. Porque, ao seguir primando os criterios económicos sobre os técnicos á hora de adxudicar un servizo a unha empresa concesionaria, esta rebaixa afecta inevitablemente ás condicións de traballo do persoal. Mentres isto non cambie, seguiremos vendo numerosas empresas, coma Clece neste caso, enriquecéndose a base desas “rebaixas”.

E se o camiño da precarización, da inestabilidade, da falta de protección por parte do Concello a un servizo e a unhas traballadoras públicas era o camiño equivocado; agora, coa crise da COVID19, é un camiño insostible. A crise sanitaria puxo sobre a mesa de xeito descarnado a necesidade de protexer o público, de crear institucións e sociedades capaces de coidar ao conxunto da cidadanía, comezando polos servizos máis próximos e directos, os servizos municipais. Lamentablemente, son numerosos os exemplos das enormes carencias do servizo que veñen sinalando tanto o comité de empresa como a recente Plataforma creada a nivel galego, sendo fundamental ter en conta:

-A insuficiencia de Equipos de Protección Individual foi flagrante durante a pandemia, mais agora continúa. Para atender a beneficiarios que son, na súa maioría, persoas de alto risco fronte á COVID19, as traballadoras reciben 20 máscaras para 15 días. Cada día aténdense, con traballo físico esforzado que inclúe o contacto coa auga, 5 ou 6 fogares distintos. Polo tanto, as máscaras deixan de ser eficaces ao cabo do servizo nun só domicilio, sendo optimistas.

-Actualmente xa existen en Vigo 1.140 persoas beneficiarias do SAF e a previsión é de que esta cifra aumente considerablemente, mais o prego elaborado polo Goberno local dá como previstos para os próximos 3 anos, aos que se poderán engadir dúas prórrogas de un ano, só 1.000 usuarios.

-A denominada “axuda técnica”, é dicir, camas sanitarias, cadeiras de rodas ou guindastres, é completamente insuficiente. Só se recoñece unha por cada 3% dos usuarios. Isto é, subminístrase material de axuda técnica por cada 34 usuarios.

-Tendo en conta os salarios a todas luces insuficientes e os contratos inestables que padecen as traballadoras, o Goberno local debe recoñecer o dereito a estacionamento prioritario mediante unha tarxeta municipal ou sufragado pola empresa para que non se vexan obrigadas a unha perda de ingresos cando estes son xa exiguos.

-Cómpre recoñecer os tempos reais de desprazamento entre domicilio para que as traballadoras non se vexan nunha carreira constante, con enormes dificultades para chegar en tempo a cada servizo.

-Cómpre que se determine unha distinción clara entre as funcións do Persoal de Coidados e do Persoal de Limpeza para un funcionamento ordenado do servizo, sen sobre cargas e reducindo ao mínimo as interpretacións individuais sobre as funcións a desempeñar.

-As batas das traballadoras deben ir rotuladas co distintivo do Concello, tal como establece o prego, e non co distintivo da empresa concesionaria. Pode parecer e pode ser, de feito, unha cuestión menor a respecto das outras condicións xa referidas, mais é un síntoma claro da vontade da empresa concesionaria: borrar a imaxe do SAF como servizo público.

Só chegaremos a construír unha sociedade mellor, máis xusta e fraterna, coidando a quen nos coida. E non se trata dunha consigna baleira de significado, ao contrario, trátase dunha premisa cargada de sentido que aprendemos para sempre co acontecido nas Residencias: se hai negocio, non hai coidados.

Por todo iso, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes ACORDOS:

1. O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a actualizar e ampliar a partida orzamentaria adicada ao SAF para o vindeiro 2021 en base á demanda real do servizo.

2. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a reunirse coas representantes sindicais no SAF de Vigo para escoitar e incorporar as súas demandas concretas ao prego de condicións para a nova licitación, así como tamén a reunirse coas traballadoras da Plataforma SAF Galiza para escoitar as súas denuncias e propostas de melloras no servizo.

3. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Concello de Vigo a estudar a municipalización deste servizo público para que deixe de estar xestionado por unha empresa privada que prima o negocio sobre o dereito aos coidados.

4. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a garantir o control do cumprimento das condicións laborais das traballadoras do servizo como a institución responsable da contratación do servizo que é.

DEBATE:

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Se atendemos ao decreto 99/2012, de 16 de marzo, da Xunta de Galicia polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, veremos que o servizo de Axuda no Fogar recoñécese neste decreto da Xunta de Galicia e defínese como un servizo que ten por obxecto atender ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no domicilio habitual, especialmente naquelas situacións que afecta a súa autonomía ou noutras situacións de risco social, polo tanto, o servizo de Axuda no Fogar como servizo esencial recoñecido pola Xunta de Galicia é de titularidade municipal, ten un obxectivo claro na nosa sociedade pois restablece a autonomía das persoas e evita situacións de desarraigo, un obxectivo que ademais adquiriu un valor incalculable diante a loita que aínda estamos a librar contra a pandemia, agora máis que nunca e fundamental tamén en Vigo deseñar políticas públicas que blinden os coidados e nesa tarefa a voz das traballadoras do servizo de Axuda no Fogar debe ser escoitada, elas e digo elas porque son na súa inmensa maioría mulleres, representan o eslavón máis feble, son dalgún xeito como algunhas delas ten dito, as temporeiras da dependencia, pero esta condición de vulnerabilidade pode mudar e pode mudar no Concello de Vigo, só depende da vontade política do goberno local, nestes momentos está aberto un proceso de licitación para a xestión deste servizo durante do os vindeiros 5 anos por iso cremos que antes de adxudicar a unha empresa a xestión deste servizo é prioritario escoitar as demandas das representantes sindicais no servizo de Axuda de Fogar de Vigo e agora organizadas na plataforma SAF Galicia. A Marea de Vigo prego que rexe as condicións da licitación, ao goberno local sinxelamente afondou na precariedade porque ao seguir primando os criterios á hora de adxudicar este servizo a unha empresa concesionaria, esta rebaixa afecta notablemente as

condicións de traballo do persoal e mentres isto non se corrixa, mentres isto non cambie seguiremos vendo numerosos casos de empresas como CLECE neste caso enriquecéndose destas rebaixas, se o camiño da precarización e a inestabilidade, da falta de protección por parte do Concello ao servizo e ás traballadoras municipais, que haxa un camiño abocado agora coa crise da COVID-19 é un camiño insostible. Lamentablemente son numerosos os exemplos das enormes carencias deste servizo, veñen as cuestións recollidas no texto da moción, polo tanto só teño que salientara algunhas que para este grupo municipal e para esta concelleira son cruciais, en primeiro lugar, salarios, traballadoras dun servizo de titularidade municipal que son traballadores en precario e non chegan na maior parte dos casos ao fin de mes, ao salario mínimo, por que? Pois en primeiro lugar, porque a Xunta de Galicia leva dende o 2012, dende a publicación do decreto 29/2012, ao que me referín ao inicio da miña intervención, polo que se regula e se recoñece o servizo de Axuda no Fogar e o seu financiamento, leva dende entón sen actualizar a cantidade de horas por servizo recoñecido aos concellos, é dicir, a Xunta de Galicia destina aos concellos só 9,7 euros por hora de SAF recoñecido, non é de recibo, non é sostible, por iso o primeiro acordo que propoñemos nesta moción consiste en instar á Xunta de Galicia a actualizar e aumentar esta cantidade necesariamente, mais tamén no que compete ao goberno local non son de recibo contratos de moi poucas horas, tan poucas e desorganizadas que dificultan aínda máis chegar a fin de mes, que obrigan en numerosos casos a un pluriemprego que a cotío se traduce como sabemos, en pluriprecariedade, en segundo lugar, a insuficiencia de EPIS moi fragante durante toda pandemia, pero agora continua máis alá do estado de alarma, se existe unha nova ola de COVID-19 en Vigo non permitírnos que continúe a desprotección, o goberno local ten que vixiar, controlar e ser garante de que se cumpran as condicións.

En terceiro lugar, falar dos salarios insuficientes, dos contratos inestables que padecen as traballadoras, o goberno local ten que recoñecerlles o dereito ao estacionamento, ao aparcamento prioritario mediante por exemplo, tarxeta municipal ou sufragalo pola empresa para que as traballadoras non se vexan obrigadas a mermar os ingresos que son xa exiguos.

E por último, quero incidir en que goberno local controle a distinción clara entre as funcións do persoal de coidados, que conta coa titulación correspondente para desenvolver a atención á dependencia e o persoal de limpeza.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego concordamos con esta moción que trae a Marea de Vigo, compartindo plenamente o que son as motivacións tamén as súas propostas. A crise do COVID-19 o que puxo de relevo é a importancia fundamental que teñen os coidados e dentro dos coidados un servizo como o servizo de Axuda no Fogar tornouse imprescindible, indispensable para moitas familias para poder afrontar esta situación complexa. E diante diso o primeiro que queremos trasladar é que en opinión do BNG é inxustificable que o goberno municipal máis dunha vez, como xa ten sucedido no caso doutros servizos municipais xestionados por outras empresas privadas, se negue mesmo a recibir, a atender ao Comité de Empresa do Servizo de Axuda no Fogar, á representación sindical das traballadoras, non parece de recibo que a única relación que ten o Concello sexa coa empresa e non tamén coas representantes sindicais que algo coñecerán das condicións concretas nas que se desenvolve na práctica ese servizo. E nese sentido temos que lamentar que o novo prego se teña convertido nunha oportunidade perdida para mellorar e aumentar este servizo tan importante e dende logo para poñer fin á precariedade de condicións no que se está a prestar, se falaba de baixo salario, falamos dun servizo fundamentalmente empregado por mulleres que non teñen nin tan sequera unha xornada completa, falamos de xornadas parciais cun mínimo garantido de 25 horas á semana, e falamos tamén dalgunhas precariedades por exemplo no desenvolvemento da súa xornada de traballo, onde non se computa axeitadamente os tempos necesarios para se trasladar dende un domicilio a outro o que obriga a traballar á carreira mesmo expoñéndose á sinistralidade laboral ou viaria. E por último, a cuestión dos medios preventivos non se lle pode seguir consentindo á empresa concesionaria actual, a CLECE, que distribúa 1,3 mascarillas por día ás traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar e hai que esixirlle que se aprovisione de maneira inmediata para afrontar calquera tipo de rebrote.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Despois de escoitar durante toda a mañá este ataque frontal constante ao que estamos acostumados, me gustaría dicirlles que nós con dicir unha mentira mil veces non se converte en verdade, en canto a políticas sociais, dito isto lles informo que a Xunta de Galicia se preocupa polos nosos maiores, claro que se preocupa, destina en iso moitos cartos, tanto a maiores como a persoas con dependencia, uns 450 millóns de euros, catro veces máis que os 196 millóns que se destinaban no ano 2019, Galicia podía chegar ao 100% da atención se o goberno central cumprise coa súa parte en canto ao financiamento dos servizos de atención á dependencia, debe 300 millóns de euros anuais aos galegos/as neste campo.

En canto ao Servizo de Axuda no Fogar, dende o ano 2019 multiplicouse por 16 a extensión do Servizo de Axuda no Fogar, que pasou de beneficiar a 1.500 galegos/as a beneficiar 24.000, é unha prestación onde é necesaria a colaboración institucional entre administracións, xa que a administración autonómica asume a maior parte do financiamento mentres que a administración local se encarga da súa prestación, polo tanto, consideramos que o Concello de Vigo non pode ter problemas, nesta lexislatura se incrementou un 144% das horas asignadas ao Concello de Vigo, a Xunta de Galicia abona ao Concello 4,2 millóns de euros, falamos polo tanto, do dobre que se ingresaba no ano 2019, a parte de todo anterior mencionado a Xunta de Galicia puxo en marcha un SAF extraordinario cunha soa atención domiciliaria ás persoas dependentes como para aquelas que sen ter recoñecida a súa dependencia necesitaba empregados, un recurso que existe a maiores e que o Concello de Vigo está desaproveitando, por que o Concello non o utiliza? Das 23.243 horas mensuais asignadas ao Concello o Concello só presta 4.439 horas, como mensaxe extraordinario habilitado pola Xunta de Galicia se poderían atender a 790 persoas pero como non utiliza tódalas horas dispoñibles so chega a 150 persoas.

Ten que quedar claro que a Xunta de Galicia se ocupa do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar pero non da súa xestión, polo tanto, as relacións existentes entre a empresa e os profesionais non é competencia da Xunta de Galicia, é do Concello de Vigo.

Gustaríame neste punto facer unha votación por puntos se é posible, e se non é posible nos absteremos neste moción.

SRA. AGUIAR CASTRO: En primeiro lugar dicirlle que coincidimos no punto da moción que vostede presenta tanto é así que nos temos dirixido dende este goberno en reiteradas ocasións á Xunta de Galicia para demandar con urxencia o incremento do financiamento do servizo de Axuda no Fogar e a última vez hai escasamente uns días. Sen embargo non podemos subscribir con algún matiz o resto dos puntos da moción por discrepancia co seu fondo.

O financiamento raquíctico que a Xunta de Galicia realiza no Servizo de Axuda no Fogar é un mais dos miles de exemplos do maltrato que a Xunta de Galicia somete aos concellos galegos en canto ao financiamento do Servizos Sociais no seu conxunto, se o Sr. Marnotes non fose delegado da Xunta de Galicia neste Pleno debería vir aquí a dicirlle aos vigueses e a reclamar un financiamentos axeitado dos servizos sociais por parte da administración que ten atribuída a competencia dos servizos sociais e que non é outra que a Xunta de Galicia, na súa practica compartimos competencias tamén nos impuxo por lei o copago dos servizos sociais, dos centros de días, das escolas infantís, dos centro de prevención de drogodependentes e así un largo etc., diso o Sr. Marnotes non fala, porque ten que facer méritos para ver se na próxima ocasión en vez de 20, vai uns postos máis arriba, porque os servizos sociais dos concellos e que temos xestionar por mandato legal, insisto, descoñece que os concellos de máis de 100.000 temos que compartir o copago ao 33% do financiamento do servizos sociais, a realidade é ben distinta, verémolo mañá na Xunta de Goberno que levamos a aprobación do Plan Concertado deste ano, a cantidade que o Concello de Vigo está a financiar neste momento co 70% dos servizos sociais deste Concello fronte ao 33% que achega a Xunta de Galicia. Para que se fagan unha idea, o ano pasado, o Concello de Vigo solicitou no Plan Concertado máis de 10 millóns de euros e a Xunta de Galicia só financiou 3,8 millóns de euros, no servizo de Axuda no Fogar pasa exactamente o mesmo, dicía a concelleira a Sra. Méndez que o decreto 99/2012, é dicir, o ano 12 establecía unha contía de 9,70 euros hora para o Servizo de Axuda no Fogar, pois dende hai 8 anos a Xunta de Galicia non ten incrementado nin un céntimo á contratación por hora que fai un servizo esencial ás persoas dependentes, a teoría do Sr. Feijóo de que a Xunta de Galicia invita e o Concello de Vigo paga. Na actualidade estamos no proceso de nova adxudicación do contrato que supón un

incremento de 1,3 millóns de euros estimable por prezo do contrato para este nova adxudicación, isto que quere dicir? Que eses 1,3 millóns de euros que se incrementa o contrato vaino asumir integramente o Concello de Vigo porque a Xunta de Galicia non vai a modificar a súa achega por hora, polo tanto, despois deste contrato o 50% da hora de Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes pagarano o Concello de Vigo e os vigueses, polo tanto, o Servizo de Axuda no Fogar para dependencia é unha transacción especializada porque é exclusiva da Xunta de Galicia e contemplada ademais no sistema estatal de dependencia, Vigo está nunha absoluta indefensión porque cada ano se incrementa máis a achega municipal e ademais cada ano a Xunta de Galicia de forma unilateral comunica xa a mediados do exercicio presupostario o número de horas que lle vai asignar ao Concello de Vigo, sen posibilidade algunha por parte dos servizos municipais de facer unha modificación porque non sabemos cantas horas se nos van a asignar, precisamente para garantir o salario das traballadoras, Sra. Méndez, o Concello de Vigo vai a implementar notablemente a súa achega porque somos nós os que imos repercutir os dous incrementos de salario mínimo do último contrato.

Por outra banda, no anterior concurso primouse efectivamente maioritariamente o prezo unha adxudicación de 95 puntos ao prezo no prego de condicións, quero dicirle que pola contra neste proceso de adxudicación Sra. Méndez, en vez de 95 puntos o prezo vai a recibir nada máis que 45 puntos e que rebaixouse notablemente a valoración na rebaixa do prezo porque se incrementou notablemente a valoración da calidade do servizo.

A Xunta de Galicia debe financiar o Servizo de Axuda no Fogar, polo tanto, garantir o dereito das persoas dependentes é unha prestación que se atopa no catálogo do sistema de dependencia.

E Sr. Marnotes, póñase a valorar as 12.600 dependentes que teñen vostedes sen valorar a día de hoxe.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Vostede sabe que agora máis que nunca é fundamental para toda a sociedade democrática que tamén por suposto, para a sociedade viguesa, limitar os coidados, sábeo por iso nós rexistramos hai exactamente dous meses unha moción polo defensa da xestión pública dos centros socio-sanitarios á

atención da dependencia, é dicir, das residencias, pois con elas aprendemos durante a pandemia que se hai negocio non hai coidados, por iso, ademais da cuestión fundamental do financiamento nós tamén solicitamos nesta moción por suposto, que exista un recibimento, unha reunión por parte do Concello, do goberno local coas representantes sindicais, en Vigo coas traballadoras organizadas na plataforma SAF Galicia e tamén que se estude a municipalización do servizo para que deixe de estar xestionado por unha empresa que necesariamente prima o negocio sobre o dereito aos coidados, cando falamos do SAF falamos dun servizo esencial dentro do campo socio-sanitarios e falamos de que a prioridade dun concello ten que ser protexer a súa veciñanza, cando dicimos viva Vigo, nós non dicimos a unha consigna valeira, nós estamos a dicir viva a defensa da sanidade pública universal, viva a defensa da educación pública e de calidade, vivan os servizos públicos que nos fan mellorar como sociedade, viva o servizos públicos que liberan os ombros das mulleres que durante séculos levaron todo o peso na familia e non a trasladan, non trasladan esas condicións e esa clase de escravitude ás traballadoras do SAF senón que protexen ás garante para traballadoras e usuarios e so é cando eu digo e o digo con moita honra viva Vigo. Dende o noso concello podemos impulsar o deseño dun sistema de coidados construídos dende o público en coordinación coas administracións e que implique tamén a sociedade civil co recoñecemento dos seus dereitos, sobre todos nas súas mans, señora concelleira.

Non aceptamos a votación por puntos.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e mais do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezasete votos en contra dos membros do grupo Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro,

López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.07.2020 (Rex. Nº 2513/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Méndez Fuentes, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(106).- MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A SOLICITAR DO GOBERNO DO ESTADO A DERROGACIÓN DA LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA PARA PERMITIR ÁS ENTIDADES LOCAIS ATENDER ÁS COMPETENCIAS PROPIAS CON CARGO AOS REMANENTE E/OU SUPERÁVIT, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2514/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xullo de 2020, número 2514/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a situación de incertidume que se está a xerar nas administracións locais galegas, desde o BNG manifestamos o noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

Sorprendeunos que o pasado venres 17 de xullo a FEMP convocase unha xuntanza extraordinaria da súa Xunta de Goberno para presentar e aprobar un

acordo entre o Goberno de España e a FEMP para, segundo consta textualmente na convocatoria, “contribuír desde los municipios a desenvolver una mobilidade sosteñible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoio a la cultura”. Baixo este eufemismo, o que este acordo agocha non é nin máis nin menos que que o Estado faga unha operación para dotarse de liquidez a consta da incautación dos remanentes municipais. Compre suñar que estamos falando de que a cantidade de remanentes das entidades locais galegas estímase nuns 890 millóns de euros.

A reacción de rexeitamento xeneralizado fixo que o presidente da FEMP e alcalde de Vigo, Abel Caballero, se vira na obriga de suspender a Xunta de Goberno na que pretendía ditaminar este acordo.

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumprir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia.

A Comisión Europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid 19. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local parece non ser Estado e, en consecuencia, non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, cando o límite está fixado no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou “Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente”.

Todas as forzas políticas con representación na Corporación Municipal de Vigo temos expresado, mesmo en anteriores sesións plenarias, unha posición aparentemente unánime e firme de esixencia da libre disposición da totalidade dos remanentes e excedentes orzamentarios, que o propio alcalde cifrou o pasado mes de marzo en arredor de 67 millóns de euros. Unha medida que suporía poñer ao servizo da cidade de Vigo os recursos económicos que proveñen das viguesas e vigueses para a mellor atención das súas necesidades.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Instar a Xunta de Galiza a solicitar do Goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.
- 2 Reclamar que a interlocución do Goberno do Estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.
- 3 Mandatar os e as representantes institucionais do Concello de Vigo no seo da FEGAMP e da FEMP a se opor a calquera acordo que non permita a libre disposición dos remanentes e excedentes orzamentarios por parte da administración municipal para atender as necesidades da nosa cidade e afrontar as consecuencias derivadas da crise do coronavirus.

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: Teño que principiar por lamentar a ausencia do Alcalde concretamente no debate desta moción, dixo o Alcalde no último Pleno que quen se ausentaba das sesións plenarias era un mal servidor da democracia, supoño que fará acto de contrición no seguinte.

A moción que Bloque Nacionalista Galego traemos a esta sesión plenaria pretende abordar unha cuestión fundamental como é a utilización dos fondos municipais nomeadamente dos remanentes e dos excedentes orzamentarios, uns recursos que cifrados polo propio Sr. Caballero se sitúan en 67 millóns de euros e que tódalas forzas políticas, tódolos partidos aquí representados expresamos de maneira reiterada e unánime que entendíamos que o Concello de Vigo debe dispor libremente da súa totalidade para atender ás necesidades da cidade, mesmo o Sr. Caballero fixo intervencións en Pleno e fora deste, advertindo que non ía permitir que de ningunha maneira a Xunta de Galicia pretendese meter a man nos cartos de tódalas viguesas/es nestes remanentes, agora o mesmo o Sr. Caballero en forma de presidente da FEMP, decide patrocinar un intento claro de incautación do 65% dos recursos de Vigo porque a proposta do ministerio é como se un fose atracado na porta da Casa Consistorial e que lle obrigase a dar o 100% do que leva enriba e a resposta fora que en todo caso se libera un 35% e o 65% xa se verá cando se pode outorgar.

Houbo un intento falido o pasado 17 de xullo na FEMP, parece que vai a ver un novo intento neste e a moción do BNG é clara, propón tres cuestións fundamentais, en primeiro lugar derrogar a Lei Montoro que efectivamente inmovilizou de maneira inxusta recursos que lexitimamente tiña que poder dispor o Concello de Vigo, en segundo lugar, que a interlocución dos concellos galegos se faga a través da súa estrutura que é a FEGAM e en terceiro lugar algo que é moi importante, que tódolos representantes do Concello de Vigo desta cidade, na FEMP ou na FEGAM se opoñan, voten en contra de calquera acordo na FEGAM ou na FEMP que no garanta que Vigo vaia dispor plenamente dos recursos que son das viguesas/es, o Sr. Caballero dixo que non ía permitillo á Xunta de Galicia, o que non queremos é que siga facendo de fontaneiro de Ferraz e llo permita ao goberno español.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo con esta moción por dúas cuestións, primeiro, o expresamos antes nas nosas intervencións, foron moi sólidos e moi decididos os comentarios do presidente da FEMP, alcalde desta cidade, en dicir que baixo ningún concepto ía tolerar que se puidera facer unha incautación dos recursos municipais, incautación que pola vía dos feitos se leva facendo dende hai moitos anos, dende que existe esta Lei de racionalización e sostibilidade da administración pública, incautación que significa que as administracións máis coherentes co que ten ser un funcionamento económico, que pense no ben común, foron os concellos os máis coherentes e os que aforraron, os que evitaron incorrer en máis débeda e os puxeron enriba da mesa a asunción de moitos servizos que lles correspondían a outras administracións, exemplo disto pois o vivimos neste meses pola situación da COVID-19 e porque ademais hai dúas cuestións que cando menos son preocupantes, estes días dicía o presidente da FEMP o Sr. Caballero, que “el planteamiento de Hacienda es muy bueno para las entidades locales” está ben que se diga, pero home, está ben que os grupos que están na FEMP, algúns deles que formar parte da súa Xunta, coñezan por escrito cal é esa proposta porque algo que sistematicamente o grupo de Izquierda Unida-Comúns lle está reclamando a través do vicepresidente da FEMP e Alcade de Rivas, lle estamos a dicir que poñan enriba da mesa cales son as negociacións e cales son os acordos concretos e cal é a proposta concreta que o Ministerio de Facenda puxo enriba de

mesa, porque é descoñecida polo menos polos Alcaldes que están na FEMP e é descoñecida tamén polos membros do seu máximo órgano, e a FEMP ten funcionado por consenso, eu si que creo que a FEMP ten que ser o motor, nos as federacións autonómicas, por unha cuestión esencial porque se hai algún consenso que se conseguiu ao longo dos anos, é que tódolos partidos políticos entendéramos que os grandes esquecidos da democracia eran os concellos e que non se podía cometer o mesmo erro que o Estado autonómico coas entidades locais e o mesmo erro é que hai 17 intereses entre autonomías que chocan permanente na xestión dos recursos e iso axuda a que os concellos sistematicamente sexan esquecidos por esas 17 prioridades que son as comunidades autónomas, afortunadamente os concellos gobernados por partidos de toda cor, polo PNV, por Partido Socialista, por PP, por Izquierda Unida, hai un consenso dende a asemblea de A Coruña do 83, de que sexa a FEMP o mecanismo que vincule e onde traballen de maneira unánime tódolos concellos, e se conseguiron grandes cousas porque aí non houbo as presións das territorialidades, as presións das comunidades autónomas e tódolos concellos sexa un pequeno concello en Murcia ou un gran concello en Madrid, defenderon as mesmas cuestións en momentos moi duros para a democracia, en momentos cando se presentou unha proposta de reforma local que destruía a autonomía dos concellos e todos a unha, neste caso incluso con moitos alcaldes do Partido Popular, se conseguiu tumbar esa reforma da Lei de bases que supoñía un problema serio para o futuro dos concellos.

Agora estamos ante unha tesitura que é clara, o goberno de coalición ten que poñer enriba da mesa se está disposto a cumprir o seu programa, e no seu programa está claro a autonomía dos concellos está clara que non se ía a asumir a interpretación que facía o Partido Popular do Regulamento do Teito de Gasto que é unha cuestión esencial e que se ía a eliminar a Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local e iso está nun acordo de goberno que hai que cumprir, e ese é debate e se o Ministerio de Facenda, como ente autónomo que non parece entender eses consensos, pretende sumarse a estela do Ministro o Sr. Montoro, porque máis alá da coincidencia ou parecido dos apelidos, entendemos que non deba haber moita coincidencia no mecanismo económico e se están dispostos a sumarse a unha alternativa económica e que de solvencia aos

concellos, ou senón se quere cumprir esa parte do acordo porque senón xa estaríamos falando do incumprimento grave dunha cuestión esencial que levou ao Sr. Pedro Sánchez a ser presidente do goberno, porque o incumprimento non sería pois co Partido Popular, onde estamos nese escenario de puchingboll permanente, senón o incumprimento sería co conxunto dos alcaldes, incluídos os alcaldes do Partido Socialista que se están a levantar contra esta proposta do Ministerio de Facenda. Nós estamos a favor da moción, incorporamos algunhas solicitudes porque cremos tamén que ante os millóns de euros que vai poñer a Unión Europea non pode ser outra vez que os concellos non participen neses fondos de recuperación e reconstrución económica, cremos que tamén hai que poñelo e tamén poñemos enriba da mesa que había receitas e regalos e propostas que se trasladaron ao presidente da FEMP pero que cando chegan, por parte dos alcaldes, á reunión do Ministerio de Facenda desaparecen.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Resumindo esta moción, intenta impedir que tódolos aforros dos vigueses vaian directamente entregados ao goberno de España para que eles dispoñan dos nosos aforros para solucionarlles a eles a súa papeleta, é dicir, incrementar eles as súas arcas nun total 5.000 millóns de euros a costa dos aforros de tódolos concellos. E que realmente e resumido isto é do que se trata esta moción e por suposto dende deste Concello temos que impedir que iso pase, pero resulta que o Alcalde de Vigo ademais do presidente deste Concello é o presidente da Federación Española de Municipios e Provincias, moi esixente cando estaba o Partido Popular, moi esixente e moi protector do seu remanente, do seu superávit e moi protector cando se lle pedía aquí utilizalo para necesidades de Vigo e agora en cambio vai entregalo a mans abertas ao goberno de España, é unha auténtica tomadura de pelo, é unha chantaxe porque aínda por enriba eses cartos o que pretenden é que se lle devolvan despois a 10 anos, a modo de crédito, como se fora un banco e xa veremos como, miren, eu creo que isto é un auténtico despropósito, os alcaldes se revelan contra a proposta do goberno, mandan á quebra aos concellos, din, efectivamente, manda á quebra aos concellos porque xa seguramente as arcas do Estado de toda España estarán máis que quebradas cun goberno Socialista e de Podemos que non fai máis que tirar da vaca porque a diferenza entre Montero e Montoro que vostedes di que Montoro non

deixa gastar, Montoro e o Partido Popular o que fixo foi establecer unha lei para evitar precisamente isto, é dicir, para que teñamos un remanente, un superávit para que os concellos poidan ter cartos para cando fan falla como é unha situación actual, de crise absoluta que é o COVID-19 e que temos que empregalo para iso, que esixente estaba o Sr. Alcalde cando gobernaba ao Partido Popular coa posibilidade de poder aforrar e poder utilizar o superávit, si porque son os cartos nosos que van darllos directamente á Sra. Montero, para que ela os mande a Andalucía por exemplo, para que amplía o AVE de Andalucía que xa leva 35 anos AVE ou carenta, xa non lembro, para Valencia, para Cataluña, claro iso é o que facer o goberno central cos cartos dos vigueses e temos que impedir que iso pase, porque é unha auténtica tomadura de pelo. Mire, o Alcalde de Vigo, presidente da FEMP dixo nunha entrevista o 12 maio, non hai tanto tempo, “digo ahora lo mismo que decía cuando el ministro de Hacienda era o Sr. Montoro, los remanentes y los superávit los tiene que utilizar cada ciudad o provincia que los generó”, efectivamente Sr. Alcalde isto que hai que facer. Cambiou de opinión? Non di agora o mesmo a día 29 de xullo non di o mesmo? Nesa mesma entrevista se queixaba “algunas comunidades autónomas os estaban pidiendo para ellas, esos ahorros, pues le digo que es un disparate, mire” dixo o Sr. Caballero textualmente, “vamos a coger tus ahorros y los míos los vamos a juntar los dividimos por dos, los repartimos solidariamente, no, los tuyos son tuyos y los míos son míos, es el mundo al revés, ji, ji” pois sabe o que vai facer agora o Sr. Caballero, ademais de obrigar a tódolos concellos de España a facelo, coller os aforros de tódolos concellos de España, os aforros dos vigueses, 99 millóns de euros, creo eu 96, 90, dáme igual como si son 80, como si é un céntimo e se llos vai mandar directamente por transferencia ao goberno de España, é unha auténtica vergoña, encima despois a Sra Montero, hoxe cando se relevan os Alcaldes efectivamente sae moi digna ela, creo que lin hoxe pola mañá, “Hacienda descarta que haya alternativas para el superávit, ni siquiera les da opción a negociar e a poder buscar otra alternativa porque se pode hablar y buscar otra alternativa” non, ela di que “tras semanas de negociaciones Hacienda entregará al Presidente o Sr. Caballero”, ao mellor xa o ten no seu poder, un terceiro e último borrador que en palabras da ministra di que no substancial no varia nada o acordo inicial, non lle gusta ao alcaldes pero é o que hai, acabando dicindo que é o que hai, é dicir, que nós temos

que dar os nosos aforros a un goberno socialista e de Podemos que como xa acaba de dicir o Sr. Pérez Correa parece que non son un socios de fiar porque parece que tampouco aos seus socios lles informan nin sequera do que van a facer.

Mire, onte o Sr. Caballero declarou que este borrador non figuraba como asunto da Xunta de goberno da FEMP celebrada ese mesmo día.

Eu espero, nós esperamos que de marcha atrás e retroceda con esta decisión porque realmente, insisto, ter que solucionar a papeleta a un goberno Socialista que non sabe xestionar un euro de España cos aforros dos vigueses, de verdade que é maior trampa, agravio e o maior bochorno que lle podería pasar a esta cidade e a este Alcalde.

SR. LÓPEZ FONT: A verdade é que esta moción está certamente desenfocada, pero coas intervencións que se produciron a posteriori xa a sorpresa é absoluta porque claro, que a Sra. Egerique se adique a dicir todo o que acaba de dicir cando estamos aquí por unha lei do Partido Popular, por unha lei do Sr. Montoro e do Sr. Rajoy e por unha lei orgánica que necesita de 3/5 para modificarse nas Cortes Xerais, resulta certamente sorprendente, eu lle vou a inverter a situación, eu lles vou a dicir que estamos nun momento histórico para o municipalismo porque pola vía de acordo que é a única posibilidade, dado que pola vía lexislativa sería practicamente imposible, Sra. Egerique, Sr. Pérez Iglesias, estamos a punto de vencer esa Lei orgánica do Partido Popular que si se quedaba cos aforros de tódolos concellos, estamos a punto de vencer esta situación, que lastrou aos concellos permanentemente e non se preocupen, que a decisión que se vai adoptar, primeiro, será da FEMP no seu conxunto, e segundo, xa lles anticipo que vai a ser extraordinaria, vai ser un bo acordo para todos e vai ser un bo acordo dende logo para esta cidade, seguro que descoñecen vostedes os fondos que vai servir para que poida ter esta cidade e seguro que non son conscientes do que vai mobilizar para esta cidade, lles aseguro xa en principio e o comprobarán que será millóns de euros en beneficio desta cidade, Sr. Pérez Iglesias, na fúa formación política moito ocultar en campaña electoral súa histórica e permanente posición independentista pero aos 4 días de acababan as eleccións manteñen esta proposta porque parece que foramos un estado independente, parece que a Xunta de Galicia tivera que negociar co Estado, parece que a FEGAM tivera que negociar

individualmente co goberno de España, certamente Sr. Pérez Iglesias estaríamos bos se cada unha das federacións de municipalismo de todo o Estado español, tivera que negociar individualmente co Estado. Polo tanto, a interlocución co goberno de España para solucionar este grave problema no que nos meteu o Partido Popular, corresponde á FEMP e xa comprobei que o protagonismo que en toda esta solución ten o Alcalde de Vigo e presidente da FEMP é o que lles molesta a vostedes, xa o comprobei, pero miren, o Sr. Caballero é presidente da FEMP polo apoio que tivo nesta cidade, por ser o Alcalde máis votado en toda España co 70%, por iso é presidente da FEMP e por iso é a voz de todo o municipalismo de España, e non fagan xogos de palabras en relación coa posición mantida polo Alcalde de Vigo e presidente da FEMP, o Sr. Caballero en relación con esta proposta e en relación con esta posición, a posición do Alcalde foi firme co goberno do Sr. Montoro, co goberno do Sr. Montero e estano sendo permanentemente dende a FEMP e eu lles quero tranquilizar e lles quero levar ao bo camiño de que deixen traballar, de que un gran acordo como é este sempre require de seus tempos, e este gran acordo que se vai a obter entre a Federación Española de Municipios, recalco, entre a Federación Española de Municipios e Provincias e o goberno do Estado, verán que é un acordo bo e deixen traballar, o que pasa é que xa vexo aproveitando esta situación queren facer vostedes unha crítica ao Alcalde. Logo me sorprende moito que por parte da súa formación política Sr. Pérez Iglesias se fale de incautar, me imaxino que iso é o que querían facer vostedes, se lles deixaran seguro que a súa formación política faría iso porque certamente está no ADN da súa formación política e constatamos con esta moción de que do que se trata é do de sempre, de que o BNG está en contra da cidade, en contra da cidade de Vigo e habería que preguntar a que estratexia obedece absolutamente isto, o que se é certo como dicía ao comezo, é que estamos a punto de obter un acordo, que foi imposible obter co Partido Popular, que coloca ao municipalismo no centro do estado e que engadido a este acordo tamén haberá un acordo sobre os fondos europeos, e nisto o protagonismo do Alcalde de Vigo e presidente da FEMP é total e xa vexo que é o que lles molesta.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Sr. Font, que capacidade de elaboración de ficción para ocultar este triste papel de vir aquí a defender esa disquisición entre chantaxe ou

roubo, é dicir, ou os concellos entregan o seus remanentes ou non van poder facer uso deles, esa é a posición do Partido Socialista e aquí hai un Alcalde que dixo e reitera que el Alcalde polo partido Vigo non polo partido Socialista, supoño que por iso puxo o logotipo pequeno nos valados, a cuestión é que aquí non está a defender os intereses de Vigo, o que se discute o que se substancia nesta moción Sr. Font, e o que vai ter decidir que este Pleno é si o Pleno da Corporación esixe dispoñer do 100% dos remanentes deste Concello para atender as necesidades de Vigo ou seguimos a sucumbir a chantaxe do goberno español e entregarlle en forma de incautación o 65% do aforro das vigueses/as, iso é o que van decidir vostedes co seu voto por máis que intenten disfrazalo con outras cuestións.

Ao respecto da FEGAM, a posición do BGN creo que non se lle sorprenderá a ninguén, as posicións político-ideolóxicas da formación política que represento neste Pleno, dende logo o que me sorprende é esa disquisición que acaba de facer, o acaso os representantes do Partido Socialista na FEGAM non están no acordo unánime de que antes de calquera acordo na FEMP a FEGAM ten que coñecer e ditaminar a proposta, non está de acordo o Alcalde de Vilagarcía que preside a FEGAMP coa posición ou aquí din unha cousa e na FEGAMP din outra.

E por último, o do Partido Popular tamén é certo que é un pouco de traca, porque eu quero agradecer que se sumen agora a esta petición pero é hai unha evidencia e que é sen Lei Montoro, sen ese recortazo do Partido Popular non estaríamos debatendo esta moción, porque os primeiros responsables desta situación son precisamente o Partido Popular, vostedes immobilizaron os recursos dos concellos e agora o Partido Socialista, o goberno español do Partido Socialista quere incautalos, vostedes llo fixeron posible, se o Concello de Vigo e tódolos concellos poderamos dispoñer libremente dos nosos remanentes durante todos este anos non estaríamos discutindo todo isto, en todo caso esta votación vai a retratar e dende logo algúns van quedar descualificados no seu Vigo, Vigo, Vigo

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Queríamos solicitar a votación por puntos para apoiar a moción.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Non, e con respecto da emenda podemos compartir algunhas cuestión da emenda da Marea de Vigo, nós rexeitámola para non desviar a atención que é esixir a derogación da Lei Montoro.

PRESIDENTE: Votamos a moción como está.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezasete votos en contra dos membros do grupo Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 24.07.2020 (Rex. Nº 2514/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

13(107).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE NA ASIGNACIÓN QUE FAI AOS CONCELLOS AUMENTE A DO CONCELLO DE VIGO EN 30 MILLÓNS DE EUROS ANUAIS PARA ASÍ ACADAR A METADE DO QUE ASIGNA O ESTADO. REXISTRO PLENO 2515/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xullo de 2020, número 2515/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A pandemia xerada polo COVID19 puxo de manifesto, con maior intensidade que nunca, a importancia do Estado e das Administracións Públicas para garantir as condicións de vida dos cidadáns. Os distintos poderes públicos do Estado tiveron que facer fronte a necesidades e, polo tanto, a gastos imprevistos e atípicos pero necesarios.

O Goberno do Estado adoptou medidas financeiras para, por unha banda, minorar as tensións orzamentarias das Comunidades Autónomas e, por outra, achegar recursos económicos para poder facer fronte as necesidades das persoas e, especialmente, aos gastos derivados da pandemia. É dicir, se dotou ás Comunidades Autónomas de máis recursos.

Sen embargo, este sistema de solidariedade entre os distintos niveis de Goberno, e de Facenda, non ten continuidade, no caso de Galicia, entre a Administración autonómica e a Administración local. Os Concellos non só tivemos, e temos, que facer fronte aos gastos ordinarios senón que tamén tivemos que poñer en marcha medidas sociais, de seguridade, de sanidade e doutro tipo que van máis alá das nosas competencias legais e dos recursos ordinarios sen que a Xunta de Galicia, como administración competente, aporte recursos adicionais.

A elo debe engadirse a conxelación sistemática das cantidades correspondentes á participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, a inclusión nas Leis autonómicas de obrigas de gasto para os Concellos sen a necesaria compensación económica e outras medidas.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que incremente a asignación que fai aos Concellos de Galicia aumentando a asignación a Vigo en 30 millóns de euros anuais para así alcanzar a metade do que asigna o Estado.”

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Nesta moción queremos facer fincapé na necesidade de que a Xunta de Galicia aporte recursos adicionais a tódolos concellos de Galicia e singularmente ao Concello de Vigo como cidade máis poboada de Galicia, como cidade tractora da economía de Galicia, como a cidade que máis achega no Produto Interior Bruto, non só da provincia de Pontevedra senón tamén do conxunto das provincias galegas, esta relevancia habitacional digamos, persoal, económica, non ten sen embargo o apoio debido por parte da administración autonómica, por parte da Xunta de Galicia, por parte polo tanto, do goberno do Sr. Feijóo. Miren, é unha evidencia que mentres o estado achega recursos adicionais a todas as comunidades autónomas para que fagan fronte a gasto sanitario, a gasto dotativo, a gasto social, a gasto de favorecemento do emprego, a gasto de investimentos, a Xunta de Galicia en cambio non reporta eses fondos aos concellos, aos 313 concellos de Galicia e tampouco polo tanto, ao Concello de Vigo, polo tanto, a través desta moción queremos poñer de manifesto as mentiras da Xunta de Galicia singularmente do goberno do Sr. Feijóo e a falacia de bo xestor que ten o Sr. Feijóo, miren, primeira evidencia, a Xunta de Galicia só incrementou os fondos adicados ao Concello de Vigo mentres gobernaba na Xunta de Galicia un goberno do Partido Socialista, na etapa do Sr. Touriño ao fronte da Xunta de Galicia, os fondos asinados de cooperación local a Vigo, foron en aumento, mentres que cando chegou o Sr. Feijóo, eses fondos foron decrecendo para Vigo e polo tanto, tamén para outros concellos, polo tanto, está claro quen apoia aos concellos e quen non apoia a eses concellos. Pero miren imos sobre datos efectivos e sobre datos reais que figuran no propio orzamento da Xunta de Galicia, datos oficiais polo tanto, datos do orzamento da Xunta de Galicia, como saben este Orzamento ascende a 11.500 millóns de euros, cal é a cantidade que adica a Xunta de Galicia aos concellos? A tódolos concellos de Galicia? 135 millóns de euros, a evidencia é clara, un 0,01% do orzamento da Xunta de Galicia que se adica aos concellos. Polo tanto, a participación que teñen os concellos de Galicia nos orzamentos da comunidade autónoma, nos recursos, polo tanto, nas achegas que podería facer a Xunta de Galicia é dun 0,01% da Xunta de Galicia. Se contrastamos en cambio cal é o importe que recibe a Xunta de Galicia do Estado e lle sumamos tamén incluso o que recibe de Europa, a comparativa non é 0,01% do orzamento, miren, a Xunta de Galicia dese orzamento de 11.500 millóns de euros ten uns

recursos alleos de 9.500 millóns de euros, dito en porcentaxe, máis do 94% dos recursos da Xunta de Galicia ven de transferencias alleas, do que lle transfire o Estado singularmente a través do Fondo de Participación nos ingresos do Estado, do Fondo de Compensación Interterritorial e dos tributos que o Estado cede á comunidade autónoma de Galicia, claro así é sinxelo tomar decisións, se xestiona o que outros lle achegan, non se achega nada, practicamente a corresponsabilidade fiscal de Galicia se limita no capítulo III, do orzamento de ingresos, a 105 millóns de euros, chupado, o Sr. Feijóo así o entendemos, se queixa sempre que non lle dan porque ten as arcas cheas, sen embargo esas arcas cheas non as distribúe para apoiar ao comercio, ás familias, ás industrias, para favorecer que Galicia sexa un lugar atractivo para a implantación de novas industrias, para que non se vaian as industrias que xa temos, polo tanto, un desleixo absoluto de funcións por parte do goberno da Xunta de Galicia, o 94% dos recursos financeiros da Xunta de Galicia, veñen das achegas do Estado e de Europa, comprenderán que os concellos reclamemos ao menos se duplique esa cantidade ou se triplique incluso esa cantidade que achega a Xunta de Galicia.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Teño comezar por recoñecer a enorme de dificultade de defender esta moción despois de que o grupo Socialista veña de votar o que acaban de votar da moción anterior, votando en contra de que o Concello dispoña da totalidade do seus remanentes, acaban vostedes de aplaudir co seu voto que incauten 43 millóns de euros da cidade para a renglón seguido reclamar 30 millóns de euros da Xunta de Galicia, é un exercicio digno de estudo porque é dun nivel de elasticidade política que dende logo non ten moito parangón, á diferencia de vostedes o BNG imos apoiar esta moción, imos a votar a favor desta moción porque a diferencia do que acaban de demostrar unha vez máis, nós imos sumarnos á defensa dos intereses da cidade sempre, con independencia de quen governe nunha administración ou noutra porque a diferencia do que lles pasa ao Partido Socialista a tamén o Partido Popular no sentido contrario, as necesidades reais dos vigueses/as, os problemas da cidade, os retos que ten a principal cidade de Galicia, non desaparecen porque gobernen os seus en Madrid ou na Xunta de Galicia, non se resoven así e nós o que entendemos é que precisamente o que corresponde no ámbito municipal é defender os intereses xerais da cidade con

coherencia, nós imos sumarnos a esta moción, máis dende logo o Partido Socialista despois do que acaba de facer hoxe, rexeitando a moción pola que reclamamos o uso de remanentes ten moi pouca forza política e moita menos moral para esixirlle agora á Xunta de Galicia menos do que permiten, do que queren permitir que incaute o goberno español dos cartos de tódalas viguesas/es.

SR. PÉREZ CORREA: Hai unha evidencia que se ben a administración ou o goberno central aínda que insuficiente pon claro que cando menos quere liberar 5.000 millóns de euros para os concellos o certo é que a xunta de Galicia estamos aínda por saber que quere facer e como vai a evitar baleiro económico que se pode producir nos concellos de Galicia ante a asunción, non só polo coronavirus senón tamén antes, dun 40% de gasto impropio, xa sabemos, a nosa votación na anterior moción o explica, que a Ministra a Sra. Montero pon 5.000 millóns de euros dos 40.000 que hai nos concellos do Estado español, xa sabemos que son 5.000, insuficientes, e cun mecanismo para que participen pois practicamente que é un préstamo bancario, pero o que temos claro é que a Xunta de Galicia a día de hoxe nin sequera foi capaz de resolver os 300 millóns de euros, digo no conxunto global, a parte que lle corresponde deses 300 millóns de euros que é o fondo de continxencia que en marzo decretou o goberno do Estado aínda estamos esperando por saber que quere facer con ese recursos, que sería o primeiro que debería levar esta moción, é dicir, xa os recursos liberados polo goberno, o esforzo financeiro do goberno onde está, porque a Xunta de Andalucía o está a repartir a día de hoxe aos concellos, a comunidade Valenciana xa fixo un fondo directamente para os concellos, case todos, incluso concellos gobernados polo Partido Popular, comunidades gobernadas polo partido Popular como en Madrid, xa fixeron transferencias aos concellos da comunidade, cal é o compromiso da Xunta de Galicia co esforzo que están a facer os concellos asumindo o gasto impropio, 40% do gasto do Concello de Vigo, gasto impropio, pero gasto impropio é todo, non é o que a min me gusta ou non, porque as becas de inglés son gasto impropio e se nos poñemos exquisitos ata a iluminación do Nadal ou o programa de comercio pode ser un gasto impropio dun concello porque vostedes mesmos din que as competencias de comercio non son municipais, nunha moción que levan aquí, polo tanto, 800.000 despois da execución do promoción do Nadal ao mellor é un gasto

impropio, hai gastos impropios que nós gustan porque nos podemos facer fotos e gastos impropios que non nos gustan porque facerse fotos cos pobres ás veces resulta inmoral, pero esa cuestión ten que ver moito co que se debate aquí, e nós estamos a favor de que a Xunta de Galicia asuma primeiro, como se van a facer transferencias finalistas aos concellos, os concellos entre o 42 e 55% dos recursos do exercicio son transferencias da Xunta de Galicia ao goberno, sabemos que entre 2010-2017 o Estado aumentou en 62 euros por habitante as súas transferencias e que de tódalas transferencias finalistas só o 29% son da Xunta de Galicia, polo tanto, é lóxico que o que propón a moción, podemos entrar se son 30, 20 ou 50 pero é lóxico non só a cuestión de que se lle esixe á Xunta de Galicia que cumpra o compromiso de transferencia cos concellos e que o profesor o Sr. Corbacho ten un libro moi bo, "A educación democrática ou barbarie", publicado por Laiovento, creo que é o mellor estudo que se fai sobre como se están transferindo recursos da Xunta de Galicia ao concello e denuncia unha cuestión que tamén foi denunciada na lexislatura anterior no Parlamento que é a discrecionalidade dese fondos, a pesares dunha lei que regula por unha serie de criterios avaliáveis como as transferencia finalistas teñen que ir aos concellos, a Xunta de Galicia é capaz de que 8 de cada 10 euros que van aos concellos sexan de concellos do Partido Popular, e iso ademais con datos que xa digo non son datos nosos senón que o propio catedrático da económica pon enriba da mesa e quixo tamén, por certo di que no tempo do bipartito do PSOE-BNG tamén se facía así, cambiaba a variable dependendo de como estaba a correlación de forzas no goberno da Xunta de Galicia.

Nos estamos de acordo con esta cuestión, cremos ademais que a débeda que a administración autonómica ten cos concellos pero que ademais de como van a ser as asignacións a futuro, asumindo que os concellos están exercendo competencias impropias nos gustaría saber como se vai a resolver tamén os fondos que xa están nas arcas autonómicas, neste caso da Xunta de Galicia, e como se vai a resolver e volvo incidir, lamentamos que o BNG non apoiara a nosa emenda a súa moción por unha cuestión fundamental que son os fondos Europeos, que os concellos que nos imos quedar fora dese reparto de fondos europeos e estamos a falar de fondos europeos que cobren practicamente todo o que non cobren os usos do superávit que agora temos na lexislación do estado español e nos gustaría tamén que aquí

figurara como se van a transferir eses fondos europeos aos concellos, estamos a falar de máis 75.000 millóns de euros que esperemos que non queden só nas comunidades autónomas e acaben chegando catro migallas ás entidades locais.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que Sr. Aneiros a súa versión das contas, pois si é a súa, pero nós cremos que sexa correcta, aquí estase a poñer ademais pois en dúbida sempre como se xestionan os cartos de diferentes gobernos, que si o Partido Popular, que si o Partido Socialista, que a Xunta de Galicia, eu tamén teño que dicir que o Sr. Santiago Lago Peña é un economista recoñecido nesta cidade, nesta comunidade autónoma, colleu un extracto de El País no que se falaba do bo posicionamento do PIB en Galicia con respecto ao 2008 e dicía que eles xa o falaban naquel momento e que non son compatibles ser obxectivo e levar ben as contas e que o que falla ao mellor a Galicia é un pouco presumir fora da comunidade autónoma, el mesmo dicía que é un economista, eu non o dixen, eu quero dicir que nós temos que fiarnos das persoas que realmente coidan dos cartos públicos e fan un servizo público, non de quen vai confiscar os aforros dos concellos para arranxar as contas a si mesmos que que é o que dixemos antes, e iso é o que vai facer o PSOE, xestionar os nosos cartos, vostede falaba da xestión dos cartos, do que ten que facer a Xunta de Galicia con respecto dos concellos, pero sabe que vai facer o goberno central con respecto ao concellos? Usurparlle os aforros para arranxarse eles a papeleta. Voulle dicir, a evolución das finanzas autonómicas na última década é unha evolución moi complexa, si é verdade, é derivada de decisión erróneas, falou vostede do Sr. Touriño e doutros gobernos porque tódolos municipios de España xa participan nos ingresos correspondentes á recadación tributaria do Estado tal como establece a lexislación e non por decreto ou capricho dunha ministra, adicionalmente en Galicia existe o Fondo de cooperación local, arredor de 6 millóns aquí no Concello de Vigo a que se adica ese fondo de cooperación local Sr. Aneiros? En que o inviste, en que se gasta aquí no Concello de Vigo? Estoulle facendo unha pregunta cando lle corresponda me pode vostede falar.

Na anterior crise o goberno do Sr. Zapatero, volvemos outras vez ao un goberno socialista, cando fixo a previsión dos anos 2008-2009 vostedes sabe que inflou moito esas contas e iso provocou un buraco nas contas tamén da Xunta de Galicia,

nuns 2.200 millóns de euros, iso sábeo ben e persoas que están aquí que foron conselleiras neses gobernos. Eses 2.200 millóns de euros foron cartos que orzamentou e gastou o goberno bipartito e que o goberno do Sr. Feijóo a partir do 2009 tivo que ir pagando ano a ano e ata chegar ademais agora a esta situación, eu creo que o tempo pon a cada un no seu sitio e realmente como dicía o Sr. Marnotes, catro maiorías absolutas, as catro veces que se presenta por unha xestión determinada por algo ten que ser, gañar 4 veces por maioría absoluta por algo ten que ser, que fixo a Xunta de Galicia despois dese momento? Pois todo ao contrario que fixo o Partido Socialista, pese a caída brutal de ingresos a Xunta de Galicia mantivo o Fondo de Cooperación Local para que os concellos non tivesen que facer recortes e agora nos atopamos que en cambio un goberno Socialista do Estado o que fai nunha situación crítica non é manter os fondos aos concellos, é collerlle, usurparlle os cartos, os remanentes, o superávit aos concellos para gastalos eles, que son dúas maneiras diferentes de xestionar e que a xente ademais tampouco é parva e sabe perfectamente como se fan as contas, e non como se contan os contos, e non so se vive de boas intencións, porque eu vexo que o Sr. Pédro Sánchez rompe lanzas en favor dos países europeos que peor o pasan, pero despois os concellos e os pobos de España deixaos totalmente afogados. Todo o que sexa marketing e postureo dásele moi ben, pero o que é o sistema de contas públicas non se lle da nada ben.

O Fondo de Cooperación Local neste ano 2020, Sr. Aneiros, ascende a 135,8 millóns de euros, é un incremento do 17% dende o ano 2016, o que demostra o compromiso da Xunta de Galicia co financiamento das entidades locais, uns recursos que insistimos, son adicionais porque os concellos xa participan nos ingresos do Estado.

Sobre o Fondo COVID-19 foi anunciado polo goberno ao principio de maio cunha dotación de 16.000 millóns de euros, pero a día de hoxe Galicia aínda non recibiu nin un euro desta dotación, sen embargo insisto outra vez e vouno repetir, a ministra a través da FEMP quere coller todos eses cartos para levalos para Madrid, a Xunta de Galicia e outras comunidades autónomas consultáronlle ao goberno central se este fondo estaba dirixido en exclusiva a sufragar o gasto ao que teñen que facer fronte as comunidades autónomas por mor do COVID-19 ou se tamén estaban dirixidos a outras comunidades autónomas que non fora por estes

motivos, a contestación da ministra de Facenda foi que este fondo está dirixido en exclusiva para as comunidades autónomas, é máis a propia ministra dixo textualmente que o aumento dos fondos para as entidades locais que era unha cuestión que negociarían directamente o goberno central e a FEMP, e se cadra o problema está no fracaso desa negociación, do presidente da FEMP, volvemos ao mesmo punto en común que tiñamos na outra moción, e resulta que o presidente da FEMP, neste caso é o Alcalde de Vigo o Sr. Caballero. Polo temos moitos puntos en común aquí que debe ter.

SR. ANEIROS PEREIRA: Hai que recoñecer que ben len o que lles escriben en Santiago de Compostela, a situación real cal é? A situación real que temos é que nos 11.000 millóns de euros da Xunta de Galicia o 94% dos orzamentos de ingresos da Xunta de Galicia son con financiamento alleo, polo tanto, con 0 responsabilidade, se superan o que dirían non dirían esas cousas, insisto, dos 11.000 millóns de euros da Xunta de Galicia do Orzamento, 9.500 son financiamento alleo, polo tanto a responsabilidade de ingreso da Xunta de Galicia é escasa, non toman decisións sobre os ingresos porque lles veñen dados por parte do Estado central e como ben dicía tamén o voceiro de Marea de Vigo, a diferenza doutras comunidades autónomas onde eses ingresos do Estado si que permean aos concellos no caso de Galicia eses ingresos os queda a comunidade autónoma pagar para as súas miserias sen que os concellos recibamos nada da Xunta de Galicia, insisto, dos 135 millóns de euros do Fondo de Cooperación Social que representan o 0,01% do Orzamento total da Xunta de Galicia o Concello de Vigo tan só recibe 6 millóns de euros é de xustiza que cando a Xunta de Galicia nos impón por lei cofinanciar servizos da súa titularidade, como son servizos de atención a maiores, domiciliaria, de escolas, de campamentos, de bibliotecas, de cultura, tamén é de recibo que a Xunta de Galicia incremente as achegas á principal cidade de Galicia, á cidade máis poboada de Galicia e á cidade que máis achega ao valor engadido bruto da comunidade autónoma de Galicia, polo tanto, a situación é moi diversa, parece que temos dúas realidades cando a realidade é tozuda, cos orzamentos da Xunta de Galicia, insisto, publicación oficial no Diario Oficial de Galicia, elaboración do goberno da Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, que temos? Que o estado lle transfira á Xunta de Galicia 2.600 millóns de euros no capítulo IV, que

recibe dos impostos cedidos 2,6 millóns de euros do IRPF e do imposto sobre patrimonio, 2,2 do IVA, 988 millóns dos impostos especiais, e que ademais recibe do Estado 85 millóns de euros, iso é o que recibe Galicia, o que fai que Galicia viva das transferencia do Estado, o que fai que o Sr. Feijóo non teña que tomar decisións ningunhas sobre o ingresos da comunidade autónoma porque lle veñen dados por parte do Estado, parece e lamento que neste sentido Sr. Pérez Iglesias defenda ó Partido Popular porque a realidade é tozuda, debería de defender que ó Partido Popular achegase máis recursos ás cidades, aos concellos de Galicia.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.07.2020 (Rex. Nº 2515/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

14(108).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE EMPREGUE OS RECURSOS PÚBLICOS TRANSFERIDOS POLO GOBERNO CENTRAL NA DINAMIZACIÓN DO

PEQUENO E MEDIANO COMERCIO VIGUÉS AO OBXECTO DE FACER FRONTE Á CRISE XERADA POLA COVID-19. REXISTRO PLENO 2516/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xullo de 2020, número 2516/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rivas González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A crise económica xerada a consecuencia da expansión do COVID 19 está a supoñer un forte impacto económico para o pequeno e mediano comercio local olívico.

Vigo é a cidade máis grande de Galicia pero tamén a máis menosprezada polo goberno autonómico. Pese a que as competencias en materia de comercio interior e exterior correspóndenlle á Xunta de Galicia, o pequeno e mediano comercio de Vigo está inxustamente desatendido.

Consciente da urxencia da situación, o noso alcalde, Abel Caballero, elaborou un plan de reactivación económico forte e sólido, priorizando entre os seus proxectos as necesidades dos nosos comerciantes e promovendo actuacións enfocadas á dinamizar o sector a fin de incrementar o consumo e xerar emprego.

O goberno local converteuse hai tempo en valedor do pequeno e mediano comercio local con investimentos en mercados e a organización de eventos puntuais, concursos, actuacións musicais e campañas estacionais, como a de Nadal, orientadas a estimular o ámbito comercial. A postura municipal quedou clara coa oposición á creación de novos centros comerciais limítrofes.

Con motivo da crise do COVID-19, nos últimos meses intensificouse a comunicación cos representantes do sector, realizándose reunións telemáticas, telefónicas e diferentes encontros individuais, a fin de recoller as principais preocupacións e demandas, das que se lle deu traslado á Xunta de Galicia. O noso apoio incondicional púxose de manifesto coa condonación e aprazamento dos impostos e taxas municipais (lixo, auga, vados...) e a creación dunha plataforma de venda online na que se está a traballar para súa posta en funcionamento a maior brevidade posible.

Desde o decreto do Estado de Alarma, o Goberno de España estableceu unha serie de medidas enfocadas a paliar as consecuencias negativas do parón económico experimentado. Crucial foi a aplicación dos ERTES, a implantación da prestación extraordinaria por cese de actividade ou o establecemento de moratorias e aprazamentos de débedas fiscais, tributarias ou hipotecarias.

O Goberno estatal segue a achegar recursos económicos ás comunidades autónomas. A maioría investiu os fondos en axudas directas para a apertura dos locais, a adquisición de equipamentos de protección de seguridade de traballadores e traballadoras e para colaborar nos custes fixos do negocio. Sen embargo, a Xunta de Galicia tan só destinou unha partida de 16 millóns de euros para os máis de 30.000 comercios que existen en toda Galicia. Unha cantidade irrisoria tendo en conta as necesidades existentes.

É inxusta a falta de amparo amosada polo goberno autonómico aos nosos comerciantes nesta etapa que estamos a vivir polo que cómpre apremiar á Xunta de Galicia, que é a que dispón das competencias en materia de comercio, para que empregue eses fondos estatais en apoiar e dinamizar o pequeno e mediano comercio da nosa cidade.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

- Instar á Xunta de Galicia a que empregue os recursos públicos transferidos polo goberno central na dinamización do pequeno e mediano comercio vigués ao obxecto de facer fronte á crise xerada pola expansión do COVID 19, dotando unha partida orzamentaria específica para este fin.”

DEBATE:

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Como todos/as sabemos a crise económica xerada como consecuencia da expansión do COVID-19, está a supoñer un forte impacto para o comercio local, un sector que foi moi prexudicado e que resiste grazas á fortaleza dos seus traballadores e da súas xentes, porque pese a que as competencias en materia de comercio, como dicía o Sr. Correa, correspóndelle á Xunta de Galicia, o pequeno e mediano comercio de Vigo, está inxustamente desestimado, menosprezado polo goberno autonómico, por moito que se encha o Partido Popular en dicir que atende esta cidade. Consciente desta ausencia, desta situación o noso Alcalde o Sr. Caballero, elaborou un Plan de Reactivación económico forte e sólido, e priorizando as necesidades dos comerciantes, promovendo así diferentes actuacións enfocadas á dinamización comercial, artística e cultural da nosa cidade, a fin de incrementar o consumo, activar a economía e xerar emprego.

Este goberno municipal converteuse xa hai tempo en valedor do pequeno e mediano comercio local con distintas actuacións, con investimentos nos mercados, con humanizacións nas rúas e prazas, con creación de novos espazos de lecer, poñendo a taxa cero ás terrazas dende hai 10 anos, e así un sen fin de actuacións, e tamén como non coa organización de eventos puntuais, actuacións musicais e campañas estacionais como a do Nadal que tan importante foi para o sector e sendo unha envexa en toda España. Hai que dicir tamén e destacar que en todas estas actuacións está a oposición á creación de novos mrcacos, centros comerciais en zonas limítrofes. Nos últimos meses intensificouse a comunicación cos representantes do sector, realizando intervencións telemáticas, telefónicas, encontros presenciais e recollendo así tódalas inquiredanzas que se necesitaban no sector, unha vez recollidas este goberno púxose a traballar e de principio comezou xa con aprazamento dos impostos e taxas municipais, como dicía o noso concelleiro de Facenda, ata seis meses, sumándose á condonación durante toda a pandemia dos impostos de lixo, de auga, de vados, ampliación de terrazas, tamén, así como se comezou a traballar na creación dunha plataforma dixital, sen esquecer nos en todo isto do Plan de dinamización músico-cultural que se está levando adiante supoñendo todo isto un investimento de máis de 3 millóns de euros, por certo sen competencias neste Concello, e como dicía o noso concelleiro de Facenda e a Xunta de Galicia poñendo cero euros.

Igual estivo tamén o goberno España, dende o Estado de Alarma tomou unha serie de medidas que foron cruciais, dende a aplicación dos ERTes, a implatanción da prestación extraordinaria por cese de actividade ou axudas aos autónomos pagándolles un salario, condonándolles o pago á Seguridade Social, son medidas históricas no país xa que realmente isto nunca o fixo ningún goberno e é a forma de tratar unha crise diferenciando cando o goberna o Partido Socialista ou cando o goberna o Partido Popular.

Ase mesmo, segue tamén mandando e desviando medidas e partidas orzamentarias ás autonomías, autonomías que o que fan é trasladalas aos concellos en axudas directas, en adquisición de equipamento de protección ou simplemente para colaborar nos custes fixos do propio negocio, sen embargo a Xunta de Galicia con competencias nesta materia destinou meramente 16 millóns de euros para os máis de 30.000 comercios de Galicia, é unha cantidade que

poderíamos dicir irrisoria, si poderíamos dicir irrisoria, unha cantidade que como di o noso Alcalde simplemente chega ou non chegaría nin para cambiar a pechadura dun comercio, polo tanto, hoxe imos a premer á Xunta de Galicia para que entregue eses fondos estatais a apoiar e dinamizar o comercio de Vigo, algo imprescindible para non facer cidades desertas, porque o noso comercio quere feitos, resultados, quere accións, non como di a Sra. Egerique que fala de usurpar os cartos, os cartos os usurpa o Sr. Feijóo, levándose os que lle ten que dar ao comercio de Vigo e os leva a outros lados de Galicia, estamos fartos Sra. Egerique, por iso instamos á Xunta de Galicia a proposta que figura na moción.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego coincidimos na obxecto da moción, discrepando de maneira clara con algunhas cuestións que se veran na parte expositiva ou na intervención que fixo agora o concelleiro o Sr. Rivas. En todo caso quero lembrarlles que xa no pasado mes de abril o BNG trasladamos neste mesmo Pleno, a necesidade que se despregase na nosa cidade unha estratexia local de promoción económica e do do emprego con medidas concretas, non tiñamos a cifra redonda, 2.000 millóns que se anunciou a poucos días das eleccións pero si algunhas medidas concretas e algunhas delas, moitas delas, centradas no apoio do tecido comercial precisamente recollidas das demandas, das reivindicacións do tecido comercial da cidade, como a posta en marcha dunha liña de axudas directas por importe de 1.500 euros para aliviar as tensións de falla de liquidez na reapertura dos establecementos, como que se impulsara unha liña de microcréditos de ata 5.000 euros, sen xuros, a devolver durante os próximos 5 anos ou que se abordara en serio unha maior bonificación nas ordenanzas fiscais. A resposta do goberno municipal do Partido Socialista foi o silencio e un anuncio de 2.000 millóns mais nada.

Eu quero recoller a oposición da que facía bandeira agora o concelleiro Sr. Rivas a macro centros comerciais que son verdadeiramente un problema para o tecido comercial de Vigo pero a principiar polos que se queren instalar en Vigo, o problema do tecido comercial, do pequeno e mediano comercio son efectivamente as grandes áreas comerciais, pero non só en Mos, tamén no termo municipal da cidade e por iso nós insistimos en demandar unha moratoria de 10 anos na autorización deste tipo de instalacións.

O BNG trasladamos unha emenda a súa moción cun afán positivo, construtivo que é en todo caso instar ao goberno municipal a que atendan ás peticións que lle foron trasladadas por parte do tecido comercial e que dunha vez por todas convoquen xa a mesa local do comercio para acordar cos comerciantes a implantación de medidas concretas.

SRA. ORIANA MÉNDEZ: Nós estamos de acordo con esta moción pero seguramente non deixa de ser algo chamativo, sen ir máis lonxe no Pleno que tivo lugar o mes pasado, é dicir, o mes de xuño, aprobouse unha moción da Marea de Vigo que levaba por artigo instar ao Pleno do Concello a solicitar de xeito urxente axudas para o sector do comercio e hostalería locais antes do inicio da campaña de verán, e cuxas propostas de acordo dicían así, en primeiro lugar, instar á Xunta de Galicia a adicar ao comercio, hostalería e autónomos de Vigo unha cantidade non inferior a 10 millóns de euros, en base ao peso específico destes sectores económicos no PIB local e no emprego, en segundo lugar, instar ao Concello de Vigo a realizar as modificacións orzamentarias seguintes, das que facíamos unha proposta de modificacións concretas para créditos de partidas importantes sen execución previsible no ano 2020, e en terceiro lugar, reactivar a mesa municipal do comercio local como instrumento que debería priorizar os destinos finais destes recursos e que se rexe como o órgano e permanente habitual entre comercio local e administración pública. Polo que esta moción agora por parte do goberno local é sorprendente, parece que vostedes non asistisen xa non, ao último senón efectivamente os últimos Plenos do concello, porque dende o inicio da crise COVID-19, tanto no Pleno do Concello como nas accións e anuncios promovidos polo goberno local, asegurouse que un dos piares da acción pública institucional para paliar as posibles crises económicas, serían os programas de apoio ao comercio local, ao sector hostaleiro e aos pequenos autónomos da nosa cidade, e nesas reunións entres os representantes do sector hai varios escritos da oposición neste Pleno ante os consensos políticos nesta Corporación, páxinas nos medios locais anunciando grandes actuacións pero durante tres meses fixeron, albergaron ao sector económico esencial da cidade a asistencia dun apoio por parte do goberno local e hoxe en xullo a evidencia é que non existe ningunha medida concreta máis alá do aprazamento das taxas municipais que moi se ten repetido no pleno de

hoxe, tamén co anuncio dunha plataforma de venda on line, da que non se sabe nada en realidade, e dun inverosímil anuncio en prensa do investimento de 1.000 millóns de euros sobre o cal o propio Alcalde afirmou de onde saque os cartos é asunto meu, e iso é todo o que temos.

Ante esta situación iremos á remisión hai xa máis dun mes por parte de 16 asociacións de comercio e hostalaría nun escrito esixindo medidas completas especialmente motivado porque en sucesivas xuntanzas como xa dixen, que se lle prometeran medidas completas e áxiles, medidas que hai meses que xa tomaron con practica totalidade os municipios do estado e de Galicia, orientándose debido a ausencia da situación, as liñas e axudas directa para a apertura segura dos negocios, a adquisición de equipamento de protección e seguridade para as traballadoras/es, aos clientes, e mesmo tamén destinadas a colaborar nos custes dos negocios, dos alugueiros durante estes meses, por esta razón o goberno local debería actuar con maior responsabilidade sobre todo seriedade, rigor, compromiso real, ese é o sentido das emendas que presentamos a esta moción, chamar ao respecto polo xa decidido neste Pleno, á seriedade e o rigor do goberno local á hora de executar as súas propias competencias, comezando efectivamente por reactivar a mesa municipal do comercio local como instrumento de traballo permanente entre comercio local e a administración local.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Collendo o fío da intervención da Sra. Méndez pois teño que estar de acordo con ela, neste caso, a verdade é que debatemos unha moción no anterior Pleno, como se nada houbera pasado hoxe ven o Sr. Rivas, eu non vou caer tan baixo de dicirlle que vostede leva moi ben o que lle escriben, non llo vou dicir, vostede fixo unha intervención que ten o seu dereito a facela como queira, lendo ou sen ler eu creo que o que pasa é que non está vostede, está errado nos seus argumentos porque vostede fixo unha declaración de intencións, como digo sempre que fan vostedes, pero están preto do comercio, antes falaban de mesas camillas, eu creo que vostedes xestionan moi ben dende o despacho, quizais teña grandes ideas para facer cousas pero que están preto do comercio, quen estivo ultimamente hai dous días, mesmo cos de Torrecedeira, é o Partido Popular, quen está preto dos comerciantes, do pequeno comercio, quen lles fan as peticións directas, incluso á Xunta de Galicia, vía grupo municipal do Partido

Popular, incluso a Xunta de Galicia, son os propios comerciantes, hai unha interlocución directa.

Miren nós estamos totalmente a favor das emendas que presenta o BNG e Marea de Vigo neste caso, a verdade porque nós cremos que o Concello de Vigo, vostede elude competencias, é moi curioso di que a cifra da Xunta de Galicia é irrisorio pero a única cifra que dixó, eu non escoitei nin euro do Concello de Vigo, moitas intencións, eu creo que non dixó nada vostede, 30.000 euros a Xunta de Galicia que é irrisoria pois para a dixitalización si que fan peticións e somos e seremos o Concello de Vigo e propio grupo municipal do Partido Popular interlocutores, para pedirlle o que necesiten porque non poden quedar tirados nin colgados claro que non, pero é unha cifra que xa está enriba da mesa e vostede aquí a esta a recoñecer.

No anterior Pleno, rexeitou tódalas peticións que lle fixeron dende Marea na súa moción, e dígolle unha cousa, vostedes din que non teñen competencias pero vou falar de cifras aquí de cifras nas grandes cidades de Galicia en grandes cidades doutros sitios de España con cifras concretas que puxeron enriba da mesa e medidas para apoiar ao pequeno comercio de proximidade e a hostalería, porque vostede é o que digo, fala de grandes festas e de grandes eventos que puideron facerlle moi ben á hostalería e ao comercio nesta cidade pero estamos nun punto concreto, nun momento concreto, mire A Coruña aprobou por unanimidade un Plan de axudas para autónomos e micropemes de 13,2 millóns de euros hai pouco tempo. En Lugo, un Plan reanima Lugo polo que o concello outorgaba axudas por valor de 4 millóns de euros a autónomos e empresas, tamén por unanimidade, en Ourense o concello aprobou 20 millóns de euros, unha dotación que permitirá outorgar 2.000 euros a cada autónomo, a deputación tamén 8,2 millóns de euros e axudará a autónomos, empresas, traballadores e afectados, en Santiago de Compostela, o comercio polo miúdo xa pode optar a subvencións en programas que suman máis 1 millón de euros, en Ferrol, Narón, As Pontes, Ortigueira, Pontedeume, concederán un programa conxunto de subvencións directas, Pontevedra, como dicimos acaba de aprobar 1,2 millóns de euros en axudas a autónomos e PEME, aquí hai un denominador común, unha cidade que é Vigo na que vostedes sacan moito peito e presumen de moita cousa pero sempre hai unha persoa que está completamente falando e non facendo, e vostedes aquí eluden a

moción que se trouxo o outro día para achegar e para solicitar axudas para o pequeno comercio, e hoxe teñen que vir coa súa que coma sempre é instar á Xunta de Galicia que a Xunta de Galicia xa está atenta a este tema, xa leva moitos meses pendente deste tema, cousa que non están a facer vostedes, as grandes cidades de España e de poboación similar a Vigo dende logo, as máis grandes Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, teñen plans concretos que nas webs están e vostede pode visitala se quere, en Valladolid que ten 298.000 habitantes, por unanimidade dos grupos, 3,5 millóns de euros súmanse outros 4 millóns ampliables, por que non aprobou, por que se negaron a aprobar vostedes a moción que trouxemos ao Pleno pasado, é que vai pasando o tempo, e este Concello non fai nada, o pequeno comercio está abandonado, tirado, os propios comerciantes solicitan e necesitan oxixeno dunha administración preto como é o Concello de Vigo. Polo tanto, Sr. Rivas vostede pois foi unha intervención moi bonita por poñerlle un cualificativo de bonita, pero mire é mellor que iso se traslade en feitos, en cartos, en axudas directas que son tan necesarias para autónomos, PEMEs e pequeno comercio desta cidade.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Eu creo en primeiro lugar, quero agradecer a intervención do grupo non adscrito polo seu ton e sobre todo pois o recoñecemento que fai ao que é a propia moción, quero agradecer tamén todo o contido do grupo de Marea, pero teño que dicir que non comparto a maior parte das cousas que nos trasladan, nas que nos din que si son competencias nosas as que temos que levar adiante e que recollían na súa moción, pois non son competencias, dicíano antes o seu compañeiro de quen son as súas competencias, son da Xunta de Galicia por iso hoxe estamos aquí pedindo a cantidade que hai que pedir á institución que lle corresponde. Eu creo que nos atopamos aquí, do Partido Popular hai dúas cousas, podo entrar no fondo do que di a Sra. Egerique, de como explico ou como leo a miña moción, cada un faino como quere, eu non entro na súa titulación nin na súa educación, eu entro e o explico e o expoño como realmente o considero oportuno con todo iso que saiba que non a vai facer máis grande nin co ton de si é máis bonita ou máis fea, aquí un tema de feitos que demanda o comercio de Vigo, por certo, que ninguén puxo en valor que é o primeiro que temos que facer, poñer en valor o comercio de Vigo pola situación que atravesan, que están a vivir e polo

ben que tratan aos seus usuarios, pola súa innovación e pola súa creatividade. E non o escoitei do Partido Popular, o Partido Popular cando nos ven a falar de que foron onte ou afronte un colectivo de Torrecedeira ou non sei onde, pois mire, iso facemos nós cada día e que vostedes aplican iso que querían trasladarnos aquí dunha mentira, que parece que si se di moitas veces é máis crible, non Sra. Egerique, Sr. Marnotes, as mentiras son sempre mentiras, o que pasa que doe cando se descubren, que é cando lle pasa a vostedes, vostedes si que fan a política de despacho, permanentemente, nin aparecen, nin se lles ve, e ademais veñen aquí a descualificar e para vir aquí a descualificar e non defender o comercio de Vigo, porque se algún defensor ten o comercio de Vigo, ten nome e apelidos, chámase Alcalde de Vigo, o Sr. Caballero, que é o que está permanentemente. Teña un pouco de respecto que estou cinguíndome ao meu tempo, Sr. Marnotes, dentro da intervención desta moción, entón quero dicir que se algún defensor ten é o Sr. Caballero, Alcalde desta cidade, por que? Porque a vostedes non se lles espera, nin se lles ve, ademais teñen o santo cinismo de vir aquí a falar e falaban vostedes nas mocións anteriores cos meus compañeiros que se usurpan os cartos, aquí só hai un usurpador, que se chama o Sr. Feijóo, por certo, e cando falan dos gobernos un goberno do Partido Popular, un goberno da dereita que o que fai é recadar os impostos de Vigo para levarlle ao resto de Galicia e non para reverter nos comerciantes desta cidade que son que o están demandando nestes momentos de crise.

PRESIDENCIA: Sr. Marnotes, creo que se lle foi un pouco a man, eu creo unha desculpa.

Eu creo que o concelleiro acepta as desculpas.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias

González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.07.2020 (Rex. Nº 2516/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rivas González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

15(109).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DEROGACIÓN DO ART. 69 DA LEI 2/2017, DE MEDIDAS FISCAIS, ADMINISTRATIVAS E DE ORDENACIÓN QUE OBRIGA AO CONCELLO DE VIGO A FINANCIAR AS ESCOLAS INFANTÍS, DE TITULARIDADE E XESTIÓN AUTONÓMICA. REXISTRO PLENO 2517/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xullo de 2020, número 2517/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“En data 5 de outubro de 2017 foi notificada no rexistro xeral do Concello de Vigo unha resolución do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 29.09.2017 de aprobación da 1ª liquidación, referida a réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día, xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar remite estas liquidacións baseándose no réxime de cofinanciamento dos servizos prestados

polo Consorcio, regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febrero, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm 28, de 9 de febrero de 2017).

A Xunta de Goberno local decidiu xa no ano 2017 mostrar a súa disconformidade con estas liquidacións e este atropelo a autonomía local, e se acordou interpoñer de acordo co disposto no Art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso administrativa, requiremento de anulación ou revogación con carácter previo á interposición de recurso contencioso administrativo, contra a resolución de Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

O Consorcio Galego segue a remitir as liquidacións dende o ano 2017 e o Concello de Vigo decidiu interpoñer un recurso contencioso administrativo contra unha Lei que obriga a esta Administración a aportar máis do 30% da financiación de escolas infantís e centros de día dependentes da Xunta de Galicia.

Esa Lei supón que este Concello debe aportar, anualmente, 205.000 euros para escolas infantís e 330.000 para centros de día, cantidades totalmente arbitrarias e inxustificadas. A Xunta de Galicia está obrigando a financiar a este Concello o mantemento de escolas infantís e centros de día que son de titularidade e xestión autonómica.

Este Goberno local, co Alcalde á cabeza, xa manifestou en numerosas ocasións e por diferentes vías, o seu desacordo con este réxime de conфинanciamento para financiar centros de día e escolas infantís ,esixido pola Xunta de Galicia, e que vulnera o principio de autonomía local, a suficiencia financeira garantizada constitucionalmente aos concellos e condiciona a capacidade desta administración local a decidir sobre o destino dos seus recursos.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO:

- Instar a Xunta de Galicia a derogación do Art. 69 da Lei 2/2017 de 8 de febrero de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG num 28, do 9 de febrero de 2017) que obriga ao Concello de Vigo a financiar as escolas infantís, de titularidade e xestión autonómica, de Valadares e Rúa Palencia e os centros de día de Coia, Teis e Valadares, e que asuma así, íntegramente, a súa financiación.”

DEBATE:

SR. GÓMEZ DÍAZ: A verdade que co número 20 da lista do Partido Popular veña a chamar pelota a un concelleiro elixido democraticamente polos cidadáns de Vigo, ten tela, vamos a deixalo no seu espectáculo habitual.

Como dicía e ben indicaba o meu compañeiro concelleiro de Facenda o Sr. Aneiros, é como todos saben a Xunta de Galicia cada ano que pasa adica menos recursos ao comercio, á industria, á política social, á educación e fronte esa política raquítica e de recortes do goberno do Sr. Feijóo, está a política do Sr. Caballero, que cada vez lle adica máis recursos á política social, á industria, ao comercio e á educación. Este goberno nos últimos anos duplicou as escolas infantís, pasando de 4 a 8, as que lle adicamos 1,7 millóns de euros anuais, ofertamos máis prazas que a Xunta de Galicia, as familias pagan o dobre nas escolas infantís da Xunta de Galicia que nas municipais e falaba a Sra. Egerique de usurpación de fondos, pois iso é o que fai a Xunta de Galicia en Vigo, porque o Sr. Feijóo o único que ven a Vigo é a usurpar fondos dos vigueses/as é o único que fai, investimentos cero, usurpación toda, e para isto falamos hoxe das liquidacións que se veñen remitindo nos últimos anos referidas ao réxime de cofinanciamento para escolas infantís e centros de día xestionados a través do Servizo Galego de Igualdade e Benestar. En data 5 de outubro de 2017 foi notificada no Rexistro Xeral do Concello unha resolución do xerente do Consorcio na que se aprobaba unha liquidación referida ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Esas liquidacións baseábanse no artigo 19 da Lei 2/2017, do 8 febreiro, de medidas fiscais administrativas e de ordenación, este goberno xa amosou a súa desconformidade en reiteradas ocasións e por diferentes vías e xa lle interpuxo un recurso contencioso-administrativo nesta materia.

Contra esa Lei que nos obriga ao Concello a financiar máis do 30% de escolas que son de xestión e titularidade autonómica, un importe que ascende a uns 550.000 euros anuais polas escolas infantís de Valadares, rúa Palencia e do centros de Teis, Coia e Valadares, assistimos de novo a un novo capítulo da serie a Xunta de Galicia invita e o Concello paga, e o Sr. Feijóo é ese amigo que sempre invita aos seus amigos a festas e a cenas e despois chega e desaparece misteriosamente cando chega á hora de pagar, iso é o que fai o Sr. Feijóo na cidade de Vigo, desaparece, fai un “simpa” e así andamos. Esta Lei é un ataque frontal á autonomía local, un

ataque sen precedentes e que roza o inconstitucional, unha lei que vulnera o principio de autonomía local, a suficiencia financeira garantida constitucionalmente e condiciona a capacidade desta administración local a decidir sobre o destino dos seus recursos.

Compre lembrar que estes servizos son competencia exclusiva da Xunta de Galicia, e a Xunta de Galicia aproveitase desa capacidade que ten para legislar e obriga a Vigo a pagar por esas escolas e centros de día, que son repito, titularidade e xestión autonómica, iso é o que fai a Xunta de Galicia nesta cidade, a Xunta de Galicia o que fai é abusar desa capacidade legislativa para obrigar a Vigo a pagar, o de sempre, a Xunta de Galicia invita e Vigo paga.

Esta Lei a verdade é que é unha desvergoña política, xa o reiteramos en múltiples ocasións e por iso os recursos e ese contencioso administrativo. Está obrigando a pagar máis de 550.000 euros ao ano por servizos da súa competencia, da súa titularidade e da súa xestión, esas escolas e os centros de día de Coia, Valadares están financiadas por este Concello e a cidadanía de Vigo ten que saber que esas escolas que son de xestión autonómica están a ser financiadas por este Concello, aínda que despois chegas alí e non participamos na súa xestión, nas decisións que se toman nesas escolas, nesos centros de día, pero financiamos máis do 30% das escolas de titulariedade autonómica e da súa xestión, é alucinante, o que está a facer a Xunta de Galicia é evidente que é un escándalo político, eu diría que sen precedentes, pois esa é a usurpación Sra. Egerique que fai o Sr. Feijóo habitualmente con esta cidade, ven aquí usurpa os cartos dos vigueses e marcha. Falaban dos resultados electorais, hai que ter valor.

O Sr. Feijóo é, como dicía, ese amigo que sempre ven a Vigo, invita a todos e despois marcha sen pagar, que continúe nesa liña.

Por todo isto como dicía o Sr. Feijóo debería deixar de facer ese exercicio de escapismo habitual e instamos por iso á Xunta de Galicia á derogación do artigo 69 desta Lei, 2/2017, de 8 febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, é así, deixen de usurpar os cartos aos vigueses/as.

SR. PÉREZ IGLESIAS: É a segunda vez que ven a Pleno esta cuestión, é certo que cun redactado relativamente diferente, xa foi obxecto de debate no Pleno do 23 de decembro, esta mesma cuestión, e nós expresando o acordo coa denuncia da

alteración unilateral dos criterios, ao respecto do cofinanciamento hai que tamén lembrar que o Concello de Vigo adheriu libre e voluntario o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar Social, que é onde se establecía nas súas condicións a coparticipación de tódolos concellos no financiamento das dotación e servizos, da mesma maneira que moción anterior ninguén discutiu, verdade? A participación no cofinanciamento por parte do Concello de Vigo e tamén da propia Xunta de Galicia do Servizo de Axuda no Fogar, outra cousa é que efectivamente a Xunta do Partido Popular de maneira unilateral, modifica esas condicións e a achega que ten que facer ao Concello de Vigo, e por iso nós o que entendemos é que isto só se pode resolver a traveso de procurar un novo acordo que poña fin a esa modificación unilateral que partindo do consenso entre o Concello de Vigo e Xunta de Galicia revise o cofinanciamento das escolas infantís e centros de días, xestionados a través do Consorcio pero tamén algo moi importante, por iso llo trasladamos na nosa emenda de engádegas que tamén se valore o cofinanciamento por parte da Xunta de Galicia das escolas infantís que son titularidade municipal, e nese sentido haberá corresponsabilidade completa por parte das dúas administracións, non só nun sentido, non só o Concello cofinanciar o servizo da Xunta de Galicia senón que tamén a Xunta participar dos servizos que o Concello de Vigo pon, entre outras cousas, en marcha pola falla de resposta por parte da administración Galega e por último nese mesmo sentido na nosa emenda o que reclamamos é que se lle inste á Xunta de Galicia a prever nos orzamentos do ano que ven o aumento na oferta de escolas infantís e centros de día na cidade para atender á necesidade que hai nesta cidade, destes servizos importantes. Son emendas que entendemos enriquecen a moción e que non van en contra do sentido da mesma.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Efectivamente comezaron lembrando unha cuestión o artigo 69 da Lei 2/2017 que é o obxecto desta moción que reseta o grupo de goberno e simplemente recoller e concretar un acordo, o acordo macro como xa falou aquí, asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Xunta de Galicia en 2016 que regula efectivamente, o financiamento dos centros de día, das escolas infantís incluídas no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, un convenio que para as escolas infantís fixaba un custo por praza de 4.500 euros ao ano, abonando a Xunta de Galicia un tempo, ós municipios outro, e

financiándose con taxas de matriculación e que para o futuro parecía un modelo semellante un custo por praza de 7.500 euros. Un acordo que con tódalas diferencias e con tódalas variacións sobre el que é que o arrastra non últimos tempos, en definitiva un acordo co que non se opuxo á representación co Concello de Vigo na FEGAMP en 2016, nin tampouco, máis ben, nin moito menos se opuxo o presidente do organismo o Sr. Alfredo García do Partido Socialista, o apoio foi por unanimidade de maneira que a situación afastada dende entón tampouco debería pois sorprenden, a cuestión quizais estaría en terse oposto con rotundidade publicamente naquel momento e agora efectivamente, a cuestión está necesariamente en iniciar un novo proceso que podía levar a un novo acordo. De feito nós defendemos que as escolas infantís públicas de Vigo e os centros de día públicos de Vigo deben de ser titularidade e de xestión municipal, existen unha rede propia tanto de escolas como de centros de día, esa rede debe fortalecerse e ampliarse aínda máis dende a titularidade e a xestión municipal como Vigo, cando algúns deses centros son xestionados integramente pola Xunta de Galicia, sen ningunha potestade de decisión do Concello, loxicamente o custe íntegro debe ser asumido pola Xunta de Galicia, porque iso é finalmente o que está acontecendo en Vigo que o Concello non ten ningunha capacidade de decisión na xestión das escolas infantís e dos centros de día da Xunta de Galicia polo que tampouco é efectivamente razoable .

Dicía aquí tamén que defendemos, pola súa relevancia e protagonismo na vida de miles veciños/as de Vigo será obxecto dunha moción que traeremos a este Pleno, e é a proposta da actividade das escolas infantís municipais de Vigo, unha iniciativa que xa está en marcha en todo caso nalgúns concellos e que iniciará a partir do curso que ven en A Coruña, a súa andanza e o seu acordo, en palabras do voceiro socialista de que é posible o entendemento entre as forzas políticas de esquerda, o que se está a facer en A Coruña debe servir de exemplo para outros lugares, nós tamén o cremos, compre en definitiva un rede municipal de escolas infantís que non só sexan gratuítas senón no que tamén contemplan os criterios de renda deben ter maior importancia á hora de aceder as prazas e obxectivos como o fomento da igualdade, a concienciación sobre a sustentabilidade ambiental e sobre a situación de proximidade, o fomento da lingua galega como lingua vehicular deben ser obxectivos centrais porque a educación definitiva de 0 a 3 anos é unha

parte fundamental da educación pública e as escolas infantís municipais non son meros espazos de conciliación senón centros de aprendizaxe integral e en igualdade.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Na exposición me prestaría en sentido positivo dicir ao Sr. Gómez, de que a súa exposición custome un pouco seguila porque estaba como un pouco alterado e isto non é posible de alterarse e isto non é cuestión de que sexa aquí ningún escándalo político, aquí hai unha sentenza do tribunal que o que está a dicir é que a xustiza obriga a Vigo porque a vostede que lle gusta tanto ensinar os papeis e me parece raro que non os ensinara pero aquí obriga a Vigo a cofinanciar a centros de día e escolas infantís da Xunta de Galicia e non sei a que ver aquí o Sr. Feijóo de meterse con el e que hai un escándalo político son entendo nada, pero bueno.

A min me gustaría comezar dicindo que o Consorcio Galego do que forma parte este Concello de forma voluntaria, anexionouse a el no ano 2017 xestionando dúas escolas infantís e tres centros de día como antes dicía o Sr. Gómez.

O Concello, asinou os convenios de xestión para estes centros de día de, e acordouse a cesión dos terreos ao Consorcio para a construción e xestión dos centros de día e das escolas infantís de Valadares, nestes convenios establecéronse os criterios de cofinanciamento, que foron sempre abonados polo Concello de Vigo, de acordo co previsto, en maio do 2017 sacou un novo réxime de cofinanciamento que regularizou os convenios asinados entre Consorcio e os concellos, se trataba naquel entón dun acordo marco entre a consellería de Política Social e a FEGAMP, esta acordo foi aprobado por unanimidade por tódolos grupos políticos, este novo modelo de coparticipación e cofinanciamento era o máis favorable naquel momento para tódolos concellos, para dar cumprimento ao convenio marco aprobouse a Lei 2/2017, do 8 febreiro, no artigo 61 no que se esta Lei que establecía un novo modelo de cofinanciamento será obrigatorio para tódolos concellos, salvo que no prazo de tres meses, dende a publicación no DOGA, manifesten algunha obxección. Este prazo finalizou o 9 de maio do 2017, o Concello de Vigo non obxectou nada, polo tanto, este modelo é aplicable ao Concello de Vigo. Por outro lado se asina e dende o Concello de Vigo que a Xunta de Galicia establece para o Concello de Vigo o financiamento, non é a Xunta de

Galicia é o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o que está reclamando o cofinanciamento. Os centros de día e escolas infantís de titularidade autonómica, a Xunta non lles esixe a vostedes ningún tipo de cofinanciamento, polo tanto, a reclamación do Consorcio axustase ao acordo marco que se aprobou, dende agora non pode o Concello de Vigo é pretender non pagar ao Consorcio do que forma parte, como dixen ao comezo desta intervención, de forma voluntaria. Gustaríame lembrarilles, este modelo de cofinanciación avalado polo tribunal superior de xustiza na sentenza do pasado mes de febreiro do ano 2020, cando se desestimou un recurso contencioso do Concello de Vigo contra as liquidacións correspondentes aos centros de día que o Consorcio xestiona nesta cidade, obrigando ao Concello a abonar estas liquidacións, polo tanto, lle pido que paguen ao Consorcio e non lle dean máis voltas.

SR. GÓMEZ DÍAZ: En primeiro lugar quería dicir que non imos a aceptar a emenda de substitución, consideramos que xa nesta emenda coa derogación do artigo 69 da 2/2017, é suficiente e ademais nese mesmo punto instamos á Xunta de Galicia que financie integramente as escolas que son de titularidade e competencia.

Despois falaba a Sra. Méndez da exención de taxas, da gratuidade das escolas, etc. Pois o Concello de Vigo é o concello de Galicia, diría case que de España que ten a maior exención de taxas nas escolas infantís municipais, entón está ben que noutros concellos miren para Vigo para ver como facemos a política social, como facemos a política en educación, etc., etc. Pero a ver, Sra. López Román, eu non sei se o problema de entendemento ven de serie, se é cuestión de que teño mala voz pero eu creo que o que pretende é non entender porque non lle gusta o que escoita, soe pasar, aquí como dicía un día un compañeiro o Sr. Losada, fíxose un sorteo á primitiva saíron catro boletos, catro números e pois están aquí ás ordes de Santiago de Compostela, entón é evidente que lles costa moito traballar para esta cidade e están como os títeres, como fai a Sra. Egerique, dirixidos por Santiago de Compostela, entón pois non hai problema e volvollo a explicar, a Sra. López Román di que o Consorcio Galego que non é da Xunta de Galicia, debe ser do goberno das Maldivas, non sei, por dicir un sitio, poderíamos dicir outro, agora resulta que o Consorcio non pertence á Xunta de Galicia, é cando menos sorprendente, sorprende que diga que a Xunta de Galicia non está usurpando os cartos das

viguesas/es, é curioso, pero xa non sorprenden porque sempre están os 4 concelleiros do Partido Popular ás ordes, e a estes concelleiros do goberno non lles sorprende a súa actitude.

Aquí vimos a debater se derogamos ou non unha lei, que entendemos e este goberno o manifestou en diversas ocasións que ataca á autonomía local, unha lei que está usurpando os cartos dos vigueses/as para pagar escolas que son escolas e centros de día que son titularidade e xestión municipal e entón o posicionamento é claro, ou queren que lle usurpen os cartos aos vigueses ou se posicionan con Santiago de Compostela ou co Sr. Feijóo, dos concelleiros do Partido Popular non me sorprende, eu creo que os outros grupos votarán evidentemente a favor desta derogación porque é o máis sensato para con os vigueses/as.

O exercicio de escapismo é continuado por parte do Sr. Feijóo, e hoxe asistimos de novo a un exercicio de escapismo da Sra. López Román que escapa das competencias da Xunta de Galicia, desaparece o Consorcio Galego do organigrama da Xunta de Galicia é realmente sorprendente.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, unha abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e mais, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.07.2020 (Rex. Nº 2517/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

16(110).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE DE FORMA INMEDIATA TRANSFIRA 1.5 MILLÓNS DE EUROS AO CONCELLO DE VIGO, EN CONCEPTO DAS MEDIDAS ADOPTADAS EN MATERIA DE DESINFECCIÓN PARA ATALLAR A PANDEMIA DA COVID-19. REXISTRO PLENO 2518/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xullo de 2020, número 2518/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A situación derivada de pandemia supuxo para os Concellos a adopción de medidas con carácter inmediato, non previstas presupuestariamente e que, en moitos dos casos, corresponde a competencias exclusivas da Xunta de Galicia

No caso de Vigo, á política social xa reclamada únese entre outras as actuacións derivadas de seguridade e desinfección. Era imprescindible a actuación inmediata e así se realizou desde o goberno de Vigo.

Pero é evidente que a competencia sanitaria é en exclusiva da Xunta de Galicia e que os gastos de cobertura sanitaria excepcional debe corresponde ao goberno de Núñez Feijoo.

Os custos asumidos polo Concello de Vigo en materia de desinfección cífranse en 1,5 millóns de euros. A desinfección de rúas, parques infantís, biosaludables, instalacións educativas, deportivas, cemiterios, albergues, asociacións, museos, CEDRO, Biblioteca Juan Compañel, Biblioteca Xose Neira Vilas, Parque Central de Servizos e outras instalacións supuxeron un total de 5.050 desinfeccións. Os resultados destas actuacións deben considerarse moi positivos e seguro que evitaron moitos contagios.

Para levar a cabo todas estas desinfecciones creáronse 7 equipos motorizados para a vixilancia e 12 traballadores con 6 furgonetas actuaron directamente nos labores de desinfección.

Estes custos derivados de medidas sanitarias excepcionais para preservar a saúde da poboación de Vigo deben ser asumidos pola Xunta.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a que de forma inmediata transfira 1,5 millóns de euros ao Concello de Vigo en concepto das medidas adoptadas en materia de desinfección para atajar a pandemia deriva de COVID19. “

DEBATE:

SRA. RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ: Dende o 14 de marzo, data do comezo do estado de alarma, o Concello de Vigo adoptou unha serie de medidas de carácter inmediato para cubrir boa parte da protección da saúde de tódolos vigueses, estas medidas non previstas presupostariamente, foron asumidas exclusivamente por este Concello, cando na totalidade dos casos corresponde a competencias da Xunta de Galicia, tras pedir en reiteradas ocasións e instar a colaboración conxunta, en tarefas de desinfección aos órganos competentes nesta materia, posto que non é labor do Concello só recibimos axuda directa do goberno de España o cal acudiu en varias ocasións nas que o solicitamos, ademais de facer traballos de presenza e recoñecemento na nosa cidade, non dubidaron en acudir a varios centros e residencias dependentes da Xunta de Galicia e que nestes meses de confinamento rexistraban unha porcentaxe elevada de casos COVID-19.

A Xunta de Galicia estivo totalmente desaparecida nestes tres meses e nin se manifestou respondendo ás demandas que lle realizamos dende o primeiro día do estado de alarma, nunhas evidentes competencias sanitarias que nos nos correspondían, posto que a desinfección e prevención no tema COVID-19 pertence ás comunidades autónomas, onde están os cartos que lle correspondía a esta cidade e que foi adiantado dende o goberno de España á Xunta de Galicia?, antes dicía o meu compañeiro o Sr. Aneiros, 18 millóns de euros, onde están. Tódalas concellerías fixemos unha labor enorme e incansable de coordinación e

optimización de recursos para levar a cabo a nosa maior inqueda, a protección da nosa cidadanía, transformamos os departamentos de seguridade e desinfección do Concello cara esta nova tarefa, adicando recursos á cobertura desta labor sanitaria, o servizo de limpeza da cidade adaptouse rapidamente tamén a esta nova situación, traballando a reo durante todo o estado de alarma e continuando aínda a día de hoxe colaborando na protección da seguridade sanitaria dos nosos veciños/as, quedou moi claro é tódolos puidemos comprobar que as nosas rúas estanse a desinfectar tódolos días, centos de quilómetros no centro e nas parroquias, ademais tamén todo este tempo cubríndose centros de saúde, hospitais, mercados municipais, supermercados, farmacias, tendas, estancos, sen deixar de traballar e cun reforzo diario e constante nas instalacións municipais e nos edificios con persoal dependente deste Concello, facendo os mesmos traballos de protección da saúde en lugares como CEDRO, o albergue municipal, o polideportivo do Berbés, tódolos vehículos de reparto das comidas á domicilio, intensificáronse as labores preventivas, diariamente tamén en Protección Civil, Policía Local, abarcando tódalas súas instalacións, vehículos municipais, con máis de 5.000 actuacións, bombeiros de Teis, bombeiros de Balaídos, dependencias do Castro e tamén cubrimos aos vehículos da Policía Nacional cando nolo requiriron, atendemos tódalas peticións dos colectivos sociais e culturais que demandaron a nosa axuda, como a Casa da Caridade, as Misioneiras do Silencio, ou o Hogar de San José, e tamén as solicitudes de particulares acudindo a vivenda onde houbo algún positivo ou algún finado.

Todas estas solicitudes recibiron a contestación positiva deste Concello, tendo a calada por resposta da Xunta de Galicia, quen é o que ten as competencias sanitarias? Onde estaba o órgano competente, só na fase primeira dende o departamento de desinfección tratamos diariamente un total de 21.000 metros cadrados, todo o noso persoal adicouse exclusivamente a labores de prevención COVID-19. Todo isto só é parte dun todo, á volta á nova normalidade coas aperturas das asociacións, dos centros culturais, das aulas Cemit, das oficinas de voluntariado, de participación cidadá, da de emprego, das aulas de estudo, das bibliotecas municipais, lévanos a triplicar o gasto nestas tarefas preventivas só nos meses de verán, canto vai recibir este Concello da partida que o goberno destinou á Xunta de Galicia, canto dos primeiros 268 millóns de euros?

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego imos a apoiar esta moción en todo caso, a Lei de Bases de Réxime Local si que establece que os concellos temos algunhas competencias en materia de salubridade pública, podemos comprar ou aceptar que efectivamente no contexto de Pandemia e nesa situación singular esa competencia estaba máis restrinxida ou a quen lle correspondería ter a iniciativa política, de responder esta situación, era a administración autonómica e polo tanto, a Xunta de Galicia era quen tiña esa responsabilidade. O certo é que a Xunta de Galicia estivo e está totalmente ausente durante o que vai de pandemia na principal cidade de Galicia, agás iso si, para o reparto discrecional e ben fotografiado oportunamente dalgunhas máscaras, a administración galego non estivo presente e dende logo é coñecida a liña de posición do BNG e as discrepancias que mantemos co actual goberno municipal, dende logo ninguén vai pensar que eu sairei hoxe a defender singularmente ao Sr. Caballero, mais é absolutamente imperdoable que durante a pandemia a Xunta de Galicia non mantivese a máis mínima coordinación, contacto e comunicación co Concello de Vigo, gobernase quen gobernase, nunha administración ou noutra, si nun contexto excepcional, dunha pandemia, nin así a Xunta de Galicia é capaz de actuar na cidade de Vigo, cando o van facer? Claro, porque e aquí temos a vantaxe de que o Concello de Vigo ten músculo, organizativo, económico, financeiro, administrativo, para reaccionar, a situación foi moito peor nos concellos medianos e pequenos, onde en todos eles tivo que ser a administración local quen saíu a enfrontar en primeira liña as consecuencias inmediatas da crise do coronavirus e esa é unha cuestión dende logo da que o Partido Popular ten que tomar boa nota pero con afán de emenda e de rectificación absolutamente completa, foi estarrecedor ver á delegada da Xunta de Galicia actuar como unha especie de administración paralela en lugar de converxer en esforzos, de brindar apoio e asistencia á administración que si estaba dando resposta que foi o Concello de Vigo, cun enorme esforzo tamén por parte do seu persoal, do persoal público, do persoal funcionario desta casa.

SR. PÉREZ CORREA: Como volvemos ao debate competencial e creo que é un debate tan interesante que algún día teremos que facer un Pleno monográfico

sobre que se considera que é competencia ou non, porque aí temos exemplos de informes municipais nos que comezan así, non sendo competencia municipal, o Concello de Vigo asume en base a Lei de Bases que quere levar adiante determinadas atribucións, nomeadamente comercio, que nos contratos que se asinan no comercio sempre aparece, non sendo competencia municipal e entendendo que é unha situación de urxencia, unha emerxencia ou incluso o fomento da actividade económica na cidade se toma, pois se hai unha competencia inamovible nos últimos dous centos anos que son os anos que ten o laboratorio municipal é a competencia de salubridade pública, que está ademais recollida no artigo 25 da Lei de bases, e cando foi a gripe española de 1918, o laboratorio municipal tivo que facer fronte a tódalas intervencións porque era unha competencia municipal. Polo tanto nós non estamos de acordo que se diga de as desinfeccións non son competencia municipal cando están recollidas na Lei de Bases e no cómputo histórico dos últimos 200 anos, o Concello de Vigo fixo fronte a determinadas cuestións como por exemplo tamén é competencia facer análíticas para a presenza da lexiónela nos estanques ou nas fontes públicas que tamén forman parte de funcións que asume o Concello de Vigo, a defensa dos consumidores outra competencia municipal pero tamén en base a esa competencia propia, non é delegada, esa é unha competencia propia enmarcada no artigo 25 da Lei de bases.

Nós estamos de acordo na excepcionalidade da situación que vivimos agora que é outra cuestión, non estamos a dicir que isto o ten que facer a Xunta de Galicia e que polo tanto nos dean recursos, non, esta é unha cuestión que ten que facer o Concello de Vigo e o lóxico ante un reforzo, se tivéramos unha capacidade de ter a unha empresa pública ou algún recurso propio co que poder afrontar isto, pero como dependemos de concesionarias privadas que por cada desas 5.000 desinfeccións nos van a facturar, se isto un esforzo colectivo dunha empresa pública se podería ter asumido como teñen asumidos moitos concellos deste país que fan o esforzo os concellos asumindo que teñen recursos públicos, por cada desinfección que temos feito aquí FCC ou as empresas concesionarias privadas facturan, como tiveron vostedes que facer un contrato modificador de máis de 200 e pico mil euros porque a empresa que leva o mantemento, obviamente dos parques infantís e biosaludables di que non está no seu contrato e que temos que

facер unha achega económica extra, se tivéramos empresas públicas de servizos sería outra cousa, hai concellos que incluso foron capaces de aforrar facendo desinfeccións durante todo o período de pandemia porque foron capaces de optimizar recursos públicos a través de instrumentos de xestión pública directa, nós estamos en mans de empresas privadas que pouco colaboraron nesta crise porque pasaron o rodillo facturador todas, que tamén hai que repensar a quen poñemos ao fronte de cousas esenciais como é a limpeza e o mantemento viario porque moitas veces sacan a calculadora cando a maior parte dos veciños/as de Vigo están pasando unha situación mala. Nós estamos de acordo porque é unha excepcionalidade que obriga a que outras administracións actúen, eu tiña as miñas dúbidas do despregue da UME, que estiveran nas rotondas non tiña ningún sentido, pero gracias a UME se desinfectaron moitas residencias públicas incluída, ante o auténtico desastre da xestión das residencias da Xunta de Galicia menos mal que estivo a UME para desinfectar, polo menos xa lle atopamos algunha utilidade, porque dende logo na extinción de incendios a UME demostrou a súa inutilidades nestes anos, pero si que considero que pois se reforzou por parte do goberno con algunhas actuacións para este tipo de cousas, agora ben, a Xunta de Galicia que pretende? Que pretende facer cos centros educativos que imos a ter que limpar e desinfectar os concellos deste país, que pretende no momento que abran centros socio-culturais? Que pretende? Pretende que sexan os concellos os que asuman o 100% dunha cuestión que en parte, aínda que é salubridade pública excede porque efectivamente hai unha pandemia sanitaria e en base a iso se poderíamos elevar o grado que non é un tema de salubridade, como pode ser un tema dunha campaña de desraticización senón que isto tamén é unha cuestión sanitaria pero que non serva esta moción o apoio a pensar que temos que quitarnos esta competencia porque eu creo que é bo que os concellos teñamos esta competencia, e bo que teñamos laboratorios municipais ben dotados e ben constituídos para poder tamén afrontar moitas veces este tipo de actuacións, e dende logo espero que a Xunta de Galicia recapacite porque si que nos consta que lle custou moitos recursos públicos ao Concello de Vigo e botar adiante este sistema de seguridade que non acaba porque isto da nova normalidade imos a ter que facer protocolos de desinfección practicamente en tódolos edificios públicos, vai haber seguramente unha prevención maior da que existiu ata agora na

cuestión da limpeza e dende logo isto vai a ser un gasto engadido durante moitos anos que esperamos que as outras administracións sexan capaces de ver que son os concellos os que están asumindo o groso deste gasto.

SR. GONZÁLEZ CASTILLO: Estamos todos de acordo que a Constitución española garante a autonomía dos municipios, artigo 140 da Constitución, coñecen vostedes a Lei de Bases de Réxime Local? Artigo 25, e di así, o municipio en todo caso exercerá competencias propias nas seguintes materias, escoiten con atención, parques e xardíns, protección da salubridade pública, servizos de limpeza viaria, de recollida de residuos, isto non se discute, isto é lei, á vista destas competencias queda claro que a protección da salubridade pública é unha competencia propia dos concellos, é que ademais de incompetentes non son capaces de ler nin entender a lei que lles da as competencias que teñen que asumir, antes de presentar a moción deben asesorarse e traballar un pouco.

A limpeza e desinfección é competencia municipal, artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local, aínda que esta moción a presentan para desviar a atención e non falar do mal que xestiona e de que non teñen nin idea, me imaxino que terán as contas nas que xustifican todo o gasto, é dicir, 1,5 millóns porque se non é así por que non piden 3 ou 4 millóns, postos a pedir, que opinan, me pregunto, do reparto dos fondos europeos das cales Madrid e Cataluña se levan o 40% e a Galicia só lle tocan uns 200 millóns, ese reparto de fondos que nin sequera comparten presidentes autonómicos do seu partido, PSOE, que ven como o Sr. Pedro Sánchez premia aos que se gastan o orzamento en defender a condenados da xustiza e en manter fugados en Bélxica entre outras cousas.

Tamén está claro porque teñen que pedir axuda á Xunta de Galicia, porque o seu amigo o Sr. Pedro Sánchez non lle deixa gastar os remanentes do orzamento a pesares de que llo pedira o Sr. Alcalde ata de xeonllos e por último, menos gastos superfluos como o vodríu da Gran Via, invista en servizos sociais e en axudar aos cidadáns porque non poder ser que hai un días vaia de sobrado e o Alcalde diga que xa está preparando o dispositivo de Nadal con máis mercados, norias e luces e uns días despois veña pedindo cartos, un pouco de seriedade, as iniciativas tomadas polo concello en materia de seguridade sanitaria son mínimas, e foron a remolque das nosas demandas e das forzas sindicais deste concello, vostedes o 3

de febreiro estaban neste país, non vían o que estaba a pasar? Entendo que non teñen a obriga de ver a televisión tódolos días pero si teñen a obriga de ler os informes da xefa de Prevención deste Concello, no que se lles dixo que adquirisen solución alcohólica para todo o persoal de cada servizo, adquisición para dar resposta áxil e vostedes non fixeron nin caso, o departamento de Prevención deste concello fixo un traballo extraordinario, o que pasa non lle fan caso, de pouca vale ter grandes profesionais senón se escoita aos que saben. Cando teñen pensado realizar un plan de continxencia no Concello de Vigo que é obrigatorio? A realidade é que se trasladou por parte de tódalas forzas sindicais un malestar pola falla de previsión desta Corporación para protección dos traballadores deste Concello. Mire, a Xunta de Galicia poñerá os cartos que ten que poñer, vostedes non se gastaron nin 1,5 millón de euros nin tolos, só hai que ver as partidas que executaron este semestre. Votaremos abstención.

SRA. RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ: Estou perplexa, presos políticos, non sei quen, menos da desinfección, falou nesta contestación da moción Sr. González de todo, increíble, non queremos deixar de facer as labores públicas do departamento de desinfección, iso está claro, pero o que non podemos é abarcar a alerta sanitaria, estamos nun momento que hai que previr o COVID-19, non facer as tarefas de desinfección, de desratización e desafectación que facemos sempre, en Vigo non se pode comparar a pequenos concellos que si puideron cos seus funcionarios públicos abarcar tódalas súas tarefas respecto á prevención do COVID-19, pero nós temos moitos vehículos, moitos edificios públicos que sería imposible con 6 desinfectores e 2 que tivemos de reforzo abarcalo, de todas formas estes 8 funcionarios do servizo de Prevención de desinfección, traballaron a reo, de noite facendo horas extras e perdendo as súas horas libres e abarcando e aprazando as súas vacacións, a moción non é porque foron un persoal excelente pero o que non podemos é coller e seguir todo o verán abarcando este gasto, 1,4 millón de euros, voulle a pasar esta lista de contratos menores e de emerxencia de tódalas concellerías que temos no Concello, onde aparecen os gastos, foi moi fácil para a Xunta de Galicia dicir que os parques abrían dun día para outro, porque o mantemento o levaba este señor, esta concellería, 400.000 euros me parece que aparecen aquí, ata setembro a partir de setembro, quen vai a pagar isto? O

Concello de Vigo e non é lixo, o lixo ímolo recoller como é normal, que é o que me dí nese artigo, é a prevención da COVID-19, alerta sanitaria, non quero dicir nada mais porque me parece bastante.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.07.2020 (Rex. Nº 2518/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

17(111).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A PARTICIPAR NA XERACIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES PRODUTIVAS NO CONCELLO DE VIGO, ACTUANDO COMO PROMOTOR DALGUNHA DAS NOVAS ACTUACIÓNS PLANIFICADAS. REXISTRO PLENO 2521/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xullo de 2020, número 2521/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A posición de Vigo como capital económica de Galicia precisa a planificación, transformación e oferta de solo para actividades produtivas na cidade e na súa contorna. Neste senso, a ampliación do parque tecnolóxico e loxístico e a ampliación do polígono de Balaídos-Citroen son dúas accións imprescindibles para garantir o desenvolvemento de actividades produtivas tanto actuais como de futuro. Ampliacións que precisan ser completadas con novas propostas de xeración de solo industrial e de servizos e con renovacións de espazos industriais actuais, como aparece reflectido no documento de Borrador de PXOM en tramitación.

A Xunta de Galicia, como responsable da política industrial, planifica e cualifica solo para actividades produtivas, no Plan Sectorial de Ordenación de Areas Empresariais de Galicia. No caso de Vigo, parece axeitado revisar e renovar este Plan Sectorial, incorporando e axustando as actuacións en coherencia cas planificadas polo Concello de Vigo. Tamén parece imprescindible un papel activo da Xunta de Galicia na oferta e renovación de solo produtivo na cidade que lidera a actividade económica de Galicia.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a participar na xeración de solo para actividades produtivas no Concello de Vigo, actuando como promotor de algunha das novas actuacións planificadas en Vigo.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Ninguén discute que a cidade de Vigo é unha cidade eminentemente industrial e polo tanto o seu tecido produtivo ten unha achega non só ao produto, interior bruto de toda a provincia senón ao PIB de toda Galicia o que é dende logo, absolutamente relevante, é dicir, máis do 20% do PIB do toda Galicia se xera nesta cidade directa ou directamente, as empresas ubicadas nesta cidade proporcionan man de obra de tal xeito que Vigo se converte nunha cidade e dende logo coa súa influencia no resto da provincia de Galicia que é moi xeradora de emprego e que ademais é quen de xerar emprego de calidade, como sabemos intervencións moi destacadas en sectores pioneiros e innovadores da nosa

actividade económica, esta situación obviamente é precisa para poder seguir desenvolvéndoa dun requisito básico que é a xeración de solo industrial, e polo tanto, a cidade está tamén na revisión do Plan Xeral, no proceso de planificación do solo industrial que precisaremos para os vindeiros anos, neste exercicio de planificación hai algunhas cousas que entre todos teremos que corrixir pois por exemplo, no plan de sectorial de ordenación das áreas empresarias de Galicia se fai referencia a dúas actuacións de solo industrial que é este Concello deixa desbotadas, unha delas é chan de Labrador vinculado a un polígono que ía aparecer nunha actividade económica da empresa 5 Jotas, illado e sen comunicación e por outra banda o polígono denominado Cidade do Frío de Matamá-Valadares que tamén é un polígono que na opinión deste grupo municipal e no borrador do Plan Xeral, para a revisión do Plan Xeral, nin por ubicación, nin por idoneidade, nin por impacto medio ambiental ten cabida nesa ubicación e polo tanto, aparecen outras bolsas de solo que pode desenvolver a cidade de Vigo e que precisa desenvolver a cidade de Vigo, por iso cremos que é fundamental que dado que é o Plan Sectorial de áreas empresariais de Galicia é un punto de partida para a elaboración do planeamento sexa ao contrario, promover da Xunta de Galicia como así lle trasladamos, a necesidade de que o Plan Sectorial de áreas empresariais de Galicia se adapte ás novas necesidades que ten a cidade e á planificación da cidade, por outra banda, nese Plan Sectorial hoxe vixente, aparecen como actuacións a desenvolver por iniciativa da Xunta de Galicia dúas accións que serían por un lado, Chan de Labrador, na que o concello non ten ningún interese, e por outra banda o polígono do Ameal a carón de Redondela, onde o Concello de Vigo si ten interese, de feito aparece como unha actuación a potenciar no borrador do Plan Xeral.

Esa actuación que no ano 2007, incluso a Xunta de Galicia considerou que era imprescindible poder desenvolver e de feito iniciou un proceso de licitación desa actuación e da urbanización desa actuación pois quedou non sabemos onde, perdeuse, de tal xeito que a día de hoxe a única que está desenvolvendo, unha entidade pública, que desenvolve solo industrial en Vigo, é a Zona Franca de Vigo, de tal xeito que neste momento como sabemos se está a desenvolver a ampliación do polígono do PTL, a ampliación do polígono de Balaídos, vai a desenvolver o polígono da Garrida, é dicir, está directamente implicada e de forma moi proactiva

na execución de solo industrial en Vigo, pero a Xunta de Galicia non ten ningún polígono industrial en Vigo, este non ten ningún polígono industrial en Vigo non só significa que non se desenvolve o chan industrial que debería, senón que ademais se pode producir unha situación de agravio comparativo, porque nos últimos anos a Xunta de Galicia leva desenvolvendo un programa para intentar ubicar actividades empresarias en polígonos que teñen parcelas vacantes, cunha estratexia de rebaixa do prezo desas parcelas, ou de aluguer con dereito a compra dunhas parcelas rebaixas e di a Xunta de Galicia que é unha estratexia contra a deslocalización industrial, pois ben, nin en Vigo nin na área de Vigo existe ningún polígono en condicións de acollerse a esa rebaixa polo tanto, é un agravio comparativo no feito de que aquí non hai ningún polígono que rebaxe o prezo do seu chan mentres noutras partes de Galicia, non só que existen solos vacantes e polo tanto, susceptibles de poder desenvolver mañá mesmo, senón que ademais se practican rebaixas de prezo, polo tanto, o que dicimos e solicitamos nesta moción é que a Xunta de Galicia se implique na execución dalgúns dos polígonos desenvolvidos e planificados en Vigo, en particular que inicie a tramitación do polígono de Ameal.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Cumpría ou cumpre nalgún momento se cadra dalgun debate algo máis demorado sobre o modelo de desenvolvemento industrial da cidade, incluso singularmente sobre o modelo de solo industrial que se quere desenvolver porque xa vimos a experiencia no parque tecnolóxico que logo foi loxístico e agora ademais é comercial e vimos tamén as incertezas ao redor da ampliación do polígono de Balaídos, onde é certo que Zona Franca cada x semanas refresca mediaticamente o anuncio, máis tampouco consta unha posición clara por parte da factoría matriz que vai ser indispensable para poder desenvolver ese ámbito.

Vostedes optan efectivamente, no borrador do Plan Xeral, por propoñer novas actuacións e novos ámbitos de solo industrial sen explicar efectivamente porque prescindin doutras previsións, se di aquí someramente este grupo municipal cre que non é idóneo neste momento o desenvolvemento da cidade do frío, que nos explique por que non idóneo e por que é mellor outras das formulacións que se trasladan; e hai tres cuestións que nos parecen moi importantes, en primeiro lugar, que no novo borrador do Plan Xeral cumpría que se fundamentase e se motivase

debidamente a necesidade real e efectiva de solo industrial, non basta con declarala, non basta con facer argumentos de groso senón fundamental. En segundo lugar, que nós entendemos que se debe evitar sempre a concentración do solo industrial en ámbitos moi concretos e reducidos do territorio do termo municipal, como sucede nalgunha parroquia desta cidade en función das previsións do borrador do Plan Xeral, e en terceiro lugar que haberá que dimensionar o desenvolvemento industrial da cidade en termos metropolitanos que é como se desenvolven as cidades metropolitanas, hai algunhas cuestións que dende logo nós entendemos que non se pode ir cara atrás nesa visión estratexia metropolitana, e nese sentido tamén queremos enfatizar que hai algunhas previsións de solo industrial que veñen recollidas no borrador do Plan Xeral que contan xa cunha incipiente e importante oposición veciñal, e por último, a destrución de 5.400 postos de traballo na industria no primeiro semestre deste ano, non se van a remendar con mais Ikeas.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo, primeiro porque a Xunta de Galicia debería tamén clarificar que quere facer co Plan Sectorial de ordenación das áreas empresariais de Galicia, é un Plan que remataría no 2024 e que creo que tería ser avaliado xa de xeito urxente porque incapaz de incumprir nin sequera, xa non digo para termo municipal de Vigo, senón para evitar procesos de deslocalización cara o norte de Portugal que era un dos obxectivos que se planteaban no ano 2014, cando aínda incipiente esa situación e o que está a pasar no norte de Portugal que xa está nunha fase tan avanzada que só lle falla ter as conexións ferroviarias entre polígonos que xa sería unha hecatombe para a industria e sobre todo a nova industria, os sectores tecnoloxicamente avanzados que poden dar emprego e riqueza aquí no país, pero ademais hai algunhas cuestións, instar á Xunta de Galicia a participar na utilización e na xeración de solo para actividades produtivas no Concello de Vigo, nós estamos de acordo pero tamén é certo que hai un borrador, é un documento inicial estratéxico do Plan Xeral que introduce algunhas cuestións que non están suficientemente debatidas ou polo menos, como o Plan está en aprobación, deberíamos de introducir como debate, porque si que é certo que houbo nalgunha modificación do Plan para incorporar nomeadamente este ámbito industrial do Ameal e para facer a modificación do polígono industrial de

Valadares pero que algunhas cuestións que están no Plan están amplamente superados polas dinámicas que están acontecendo, e algunha dinámica ten que haber precisamente co que di o propio equipo redactor do Plan, que di que tamén hai que utilizar determinados espazos industriais baleiros que temos na cidade de Vigo ou mal aproveitados ou de maneira deliberadamente mal aproveitados, como é o porto e di literalmente “o deseño e actuacións de rexeneración de antigos espazos industriais inxeridos na trama urbana, cara formulas produtivas de novas xeracións, como as antigas instalacións de Álvarez ou o espazo portuario de Beiramar” eu non quero nin imaxinar o día que haxa unha delimitación de espazos e usos portuarios sería e real, os miles, sen facer un so recheo, os miles de metros cadrados que teríamos para empresas, incluso para a xeración de emprego, entón utilizar os terreos de Álvarez para a creación de novos espazos industriais e ademais estou de acordo co que propoñen os redactores do Plan, dicía antes o Sr. Pérez Iglesias, precisamente a cuestión da visión metropolitana dos espazos industriais, eu na campaña electoral se dicía que despois das municipais iríamos cara a reactivación da área metropolitana, ou polo menos, o candidato do Partido Socialista o propoñía que cando se clarificala o escenario de maio do ano 2019, estaríamos xa falando da área metropolitana, non me imaxino en Barcelona, non tendo claro os cidadáns de Barcelona que o solo industrial non ten estar no termo municipal de Barcelona, que ten estar no Prat, que ten que estar nas zonas industriais que rodean á cidade e ao mellor temos que comezar a pensar se Vigo ten que apostar porque o solo industrial estea fora do ámbito municipal por unha cuestión, porque cada que vez que propoñemos, e dió o propio equipo redactor, un solo industrial nunha zona densamente poboada nos atopamos coa situación que se deu na cidade do Frío de Matamá, que arrasaba con varias dúcias de vivendas e polo tanto, xerou un movemento veciñal en contra, pero agora que pretendemos substituír esa área por outra na ampliación do polígono da Garrida tirando cara Valadares, que se vai levar 80 e pico casas, pois claro, se ao mellor esa constatación de que en Vigo salvo que reaproveitemos como moi ben di o equipo redactor, espazos industriais antigos e os rexeneremos, pois o solo industrial tampouco hai onde moito buscalo, porque a ampliación cara Matamá de PSA xa sabemos ao que leva, e ademais seguimos dicindo que a nós nolo dixo a de Ikea, a ampliación que se propoñía no seu día como a ampliación do polígono onde esta

agora mesmo a PSA, pois que dende logo non era unha das prioridades que tiña a fabrica e ademais introduce incluso, control e dí rango metropolitano que emerxe ao calor de novas e actuais accesibilidades no contorno de Baruxáns-Puxeiros-Meixoeiro, outra zona que podería crecer.

Polo tanto, cando se di e remato, participar na xeración de solo para actividades produtivas no Concello de Vigo, pois non dicimos ou na área metropolitana se iso significa que non imos a ter a centos de veciños cabreados enchendo o Pleno municipal porque para facer un solo industrial que finalmente acaba nun Ikea ou outro tipo de ideas, pois se lle leva a súa vivenda onde levan moitos anos facendo proxectos de vida e creo que iso hai clarificalo porque o futuro do solo industrial de Vigo ao mellor non está no termo municipal de Vigo e está na Area metropolitana que algún día por favor, deberemos de constituíla para ver as potencialidades que ten como ten a área metropolitana de Barcelona.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Eu cando limos esta moción que parecía aséptica e que en calquera caso se dirixe a Xunta de Galicia, pois se esforce en investimento en Vigo, sorprendeume, que cousa máis rara, esta moción, ademais a última, pero agora que escotei a súa intervención, digo que raro non utilicen un argumento de coartada ou para castigar a alguén, entón pois efectivamente como xa, aínda somos novatos nisto da política local que levamos menos anos que vostedes, non somos parvos e xa nos coñecemos e agora que escoitei pois moito máis.

Imos a ver, se vostede o que quere é lexitimar ás actuacións que figuran no borrador do Plan Xeral que ninguén coñece, que non so falou con ninguén, que se tramitou en plena pandemia, e que se fixo público estando confinados, pois mire, non vaia a contar con nós, se o que quere é que un Plan Sectorial que se aprobou no ano 2014, que se revisou no 2019, e precisamente para a área do Ameal, que ese Plan Sectorial que está aprobado que se someteu a información pública, que foi transparente, agora se modifique porque o equipo redactor do Plan e mais vostedes fixeron algunhas iniciativas no borrador do PXOM que ninguén coñece, pois tamén lle teño que dicir que non, non nos parece lóxico, a nós o que nos parece lóxico é que a Xunta de Galicia invista en Vigo pero tamén o que cremos é que se queren abordar investimentos importantes deste tipo hai que coller o PXOM, hai que falar coa Xunta de Galicia, primeiro hai que coller o PXOM e falar

cos veciños, non vaia a ser que embarquen á Xunta de Galicia nun proxecto de Valadares, por exemplo, e resulte que ao final os pratos rotos os pague a Xunta de Galicia e non quen fixo o proxecto porque no plan sectorial da Xunta de Galicia non está prevista a ampliación cara aí, esas 80 vivendas, ese campo de fútbol e máis o colexio non están no plan sectorial, non están, entón mire, eu creo que a maneira de traballar e de facer as cousas ben, dígoo xa de inicio, é que os borrador coñezan os veciños, que se tramite, ese borrador non é do Pleno, aquí non veu, aquí non sabemos nada dese borrador, non sabemos nada dese Plan Xeral, que se fale con quen se teña que falar e cando saiban o que queiran facer e os veciños estean de acordo pois propoñan onde teñan que propoñer as modificacións do Plan Sectorial, se son necesarias ou que a Xunta Galicia invista, esa é maneira de facer as cousas, e logo hai outra maneira de facer as cousas que é o estilo deste goberno que é presentar mocións e mocións para que a Xunta de Galicia faga, o lóxico será traballar, xuntarse, chegar a acordos e investir como se fixo noutras ocasións e vostede sábeo e como se fixo tamén incluso con zona Franca.

Dito isto, miren, este borrador como digo non se vai a poder utilizar para modificar o Plan Sectorial a ver que percorrido ten, a ver como se aproba, os informes que ten e se algunha actuacións que están aí pois chegan adiante, faranse e outras que están no Plan Sectorial e que non van co borrador pois entón ao mellor terán que decaer, pero o que si é certo é que este Plan Sectorial non ten tantos anos, dende logo ten menos anos que o Plan Xeral de Vigo que xa vai polos 27, ten sete anos, porque se aprobou no 2014, 6 anos e precisamente en novembro do 2019, se modificou a área do Ameal que é a que vostede reclama xustamente para modificar o ámbito por un problema co servizo aeroportuario a ademais se premodificaron tamén determinadas determinacións do plan sectorial para poder facer modificacións do ámbito, a través dos proxectos sectoriais, sen necesidade de modificar o proxecto, o cal tamén facilitaría a xestión.

Polo tanto, Sra. Caride, nós queremos que se invista en Vigo, por suposto, queremos que o faga a Xunta de Galicia, queremos que se faga solo industrial pero queremos que a maneira de facer as cousas non é presentando unha moción ao Pleno, é que os veciños coñezan cales son as iniciativas que se presentan no PXOM, cales son as que decaen, e unha vez que haxa un certo consenso, entón propoñelas na Xunta de Galicia e no Ministerio ou onde faga falla porque é verdade

que aquí tódalas achegas van a ser necesarias, pero se comezamos así ao mellor non comezamos ben.

Por iso imos a facer unha abstención preventiva, aínda que como dicía ao principio a nós nos gustaría votar a favor se houbera voa intención que á vista da súa intervención non o teño claro.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu sinceramente me sorprende que alguén diga que no borrador do Plan Xeral non hai unha implicación metropolitana ou un concepto metropolitano, paréceme que está dende a xerme do propio borrador, de continuo ao longo dese documento, por iso eu non vin aquí para facer ningún agravio comparativo e dicir que a Xunta de Galicia non invista na Plisan, ou que non invista no Concello de Mos ou que non invista no concello de Arbo, e que todo o faga Vigo, para nada o que necesitamos é que tamén se implique na execución de solo industrial en Vigo, por certo, e que chegaría con que fixera o que ten reflectido no propio Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias, porque o polígono do Ameal aparece nese documento e cando xa vai a rematar o período de vixencia dese Plan sectorial, do polígono de Ameal non sabemos nada e dende o ano 2007 que se licitou o proxecto e urbanización deses proxecto ata agora non sabemos absolutamente nada, claro que é verdade que era outro goberno da Xunta de Galicia o que facía esa licitación, chegou o Sr. Feijóo e mandou parar, polo tanto, pois a partires dese momento descoñecemos nada máis. Eu comparto co Sr. Pérez Iglesias que claro que hai que definir as novas necesidades do solo industrial, claro que hai que ter ese concepto metropolitano e claro que hai que ver en que medidas se distribúe ese solo industrial, sempre pensando que estea nas mellores ubicacións posibles, por proximidade a vías de alta capacidade por exemplo, polo tanto, se deseña no borrador un solo industrial que obviamente non é unha foto final, o documento do borrador só é a foto inicial, dun documento que ten sufrir moitas incorporacións ao longo deste proceso, por certo, tranquilos, o colexio Andersen non se vai a mover de onde está, lles recordo que no parque tecnolóxico hai unha gardería, polo tanto, hai usos compatibles que se poden integrar, reforzar e incluso mellorar, igual que pasa cos usos deportivos que aparecerán en maior medida con máis dotacións e equipamentos si se desenvolven esa zona, e o traballo fino de definición dese polígono permitirá afectar ó menor número de

vivendas posibles que é o que desexamos, polo tanto, lles digo un traballo que está comezado, non que remata, pero é un mala nova que o Partido Popular diga, hai que desenvolver ou si ou si o chan de Labrador, pero vostedes que lle deu, o propietario do polígono das 5 Jotas, lle deben algo? Porque eu non o entendo, que digan que iso non se pode mover, si porque eso está no Plan de áreas empresarias de Galicia, polo tanto, se vostede o defende, defende que ese polígono non se mova. Por certo, vostede segue defendendo que se execute a Cidade do Frío? co impacto ambiental que esa actuación ten, tódolos montes, tódalas asociacións de montes de Vigo reclamando que se abandone ese proxecto e resulta que o Partido Popular di que ese proxecto é inamovible, vostede que di que non se pode modificar o Plan Sectorial de Areas empresariais de Galicia. Polo tanto, nós queremos que obviamente hai que modificar ese solo pero sobre todo o que queremos é que a Xunta de Galicia invista en Vigo, porque non temos nin un metro cadrado de solo en Vigo que sexa executado e promovido pola xunta de Galicia, e non o temos na historia de Vigo, por certo, polo tanto, nin un só metro cadrado que poida acollerse a unha rebaixa de prezos para poder non deslocalizar a actividade económica que queremos que siga nesta cidade e nesta provincia.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego e a Sra. Rodríguez Calviño).

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, unha abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.07.2020 (Rex. Nº 2521/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sr. Caride Estevez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PRESIDENCIA: Antes de pasar á parte de control, tal e como dixo o Alcalde, tiñamos unha moción urxente presentada polo Partido Popular.

Hai un informe do secretario do Pleno e que fai unha reseña e informa e na súa conclusión di que procede a inadmitir a moción presentada, é á conclusión a que chega o secretario do Pleno. En todo caso non se pode admitir o único que poderíamos sería en todo caso votala a urxencia pero co informe do secretario non ten moito sentido, podemos votala se queren intervir durante un minuto para explicar pero o informe do secretario é moi claro e di que procede a inadmitir a moción presentada.

En todo caso se queren podemos votar a urxencia.

O informe do secretario dí que procede inadmitir a moción presentada, en todo caso o que se pode sería votar a urxencia da moción pero é inadmisibile.

Non hai nin palabra nin nada, ao informe se lle dará traslado.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Unha cuestión de orde, digo para non sentar precedente, efectivamente a moción do Partido Popular de acordo co Regulamento Orgánico do Pleno non acae por non atinxir competencias de carácter municipal, ese sería o motivo de exclusión, senón non se entende en todo caso que se explique no informe, o que si quero lembrar é que a competencia para ditaminar a urxencia ou non dunha moción non lle corresponde ao secretario do Pleno, lle corresponde ao Pleno, é unha competencia dos corporativos/as determinar se procede a incorporación na orde de día, entón o único suposto que entendo en base ao Regulamento sería que como a moción é alusiva a un asunto que transcende á competencia municipal se podería entender, en todo caso o Pleno deberá ser soberano para determinar a súa inclusión con carácter de urxencia ou non, e non é porque sexa unha moción do Partido Popular, o BNG xa padecemos esta situación

con outra moción e dende logo entendemos que é unha interpretación regulamentaria excesiva.

PRESIDENCIA: Secretario, que o feito de votar a urxencia, non sería problemático quedando claro que a inadmisión co informe que é o que se lle dará traslado.

SR. SECRETARIO: ...non xustifica a urxencia que é un requisito indclinable de calquera moción de urxencia, xustificar a urxencia en tanto en canto non a xustifica pois se inadmite.

PRESIDENCIA: Entón entendo co que está a dicir o secretario non procede nin votar a urxencia nin nada, queda a moción co informe do secretario do que se dará traslado como inadmitida. Digo se se entendeu a miña explicación, non o fondo. Non se vota, logo independentemente con que se estea de acordo co informe do secretario.

PARTE DE CONTROL

18(112).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 22.06 AO 22.07.20. EXPTE. 845/1102 (REXISTRO PLENO 2506/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 845/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

19(113).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 22.06 AO 22.07.20. EXPTE. 846/1102 (REXISTRO PLENO 2509/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucíons dos concelleiros delegados incluídas no expediente 846/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

20(114).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A INCREMENTAR OS MEDIOS E OS RECURSOS QUE ADICA AO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS BARRIOS E PARROQUIAS DE VIGO, ATENDENDO Á DEMANDA VECIÑAL, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2519/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xullo de 2020, número 2519/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O estado de abandono no que se atopan moitos barrios e parroquias de Vigo é lamentable: falta de servizos públicos, falta de mantemento, falta de dotacións e non só en parroquias, tamén en barrios completos da cidade.

Son múltiples os exemplos. O Freixeiro, que é a zona cero do abandono. Aquí, nesta zona cero de Vigo, entre a Gran Vía e Castrelos non hai beirarrúas, algunhas rúas non se asfaltaron desde que se fixeron, outras recén asfaltadas están pechadas porque un muro dunha parcela municipal ameaza derrubo.

Alcabre, outra zona céntrica con beirarrúas esnaquizadas ou mal iluminadas, con falta de atención crónica e que sofre dende hai anos a desleixa municipal

Bouzas, na que repetidamente solicitamos a necesidade de investimentos nas rúas do casco vello, espazos de aparcamento para residentes e a reparación do paseo.

Teis, no que a falta de mantemento e limpeza das zonas responsabilidade do Concello se une tamén a falta de papeleiras e unha vertedura na praia de Ríos da que non se deron explicacións nin sabemos a súa orixe, causas ou solucións.

Navia, onde un dos grandes espazos públicos da cidade como é o parque Nelson Mandela esmorece por falta de mantemento, no que o alumeadado público foi inutilizado polo vandalismo en moitas zonas e non reparado.

Exemplos moi significativos de zonas as que tamén temos que unir todas as parroquias do mal denominado rural de Vigo, que son tamén cidade e no que o abandono está cronificado. En todas hai reivindicacións comúns, como o deficiente servizo de autobús, a falla de equipamentos públicos ou de Limpeza das rúas.

As Asociacións de Veciños de Vigo a través da súa Federación lanzou un SOS chamando a atención. Este grupo municipal considera que son reivindicacións moi sensatas, asumibles e que os veciños están no seu dereito de pedir e o Concello na obriga de atender.

De acordo ao exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao goberno municipal a:

- Incrementar os medios e os recursos que dedica ao mantemento e conservación dos barrios e parroquias de Vigo atendendo a demanda veciñal.
- Elaborar un plan plurianual de investimento para os barrios e parroquias de Vgio que acometa de xeito sistemático e planificado as medidas, as obras e infraestruturas precisas para garantir a igualdade na calidade dos servizos públicos.”

DEBATE:

SRA EGERIQUE MOSQUERA: Pois levamos case todo o Pleno falando de moitos aspectos relacionados coa xestión dos cartos, tivemos unha parte do Pleno moi económica e do emprego de recursos municipais, nós non estamos de acordo en como este goberno municipal xestiona os recursos municipais e por iso hoxe imos falar de Vigo e de barrios e parroquias que precisan unha maior atención de zonas nas que o goberno municipal se lembra só cando é a véspera das eleccións municipais, entón eu neste caso nós queremos falar hoxe sen escaquear ademais

das competencias que se fixo en practicamente tódalas mocións, do que é unha política municipal, do que é un concepto e un proxecto de cidade, falaban antes tamén, do borrador do Proxecto do Plan Xeral, e a Sra. Caride dicía que se está comezando, está ben que se estea comezando despois de 5 anos, cremos que non se comezou ben como dixo o voceiro o Sr. Marnotes, porque non se consultou e se fixo case pois as agochadas da cidade, entón nós cremos que é importante ten en conta durante os catro anos de mandato, ademais ter na cabeza á hora de xestionar os cartos públicos e poñer os investimentos en marcha, facer unha cidade moito máis compacta porque é verdade que vostedes levan moitos anos gobernando e teñen actuacións puntuais, moi concretas de humanizacións pero a cidade non sufriu ningunha transformación, ningún cambio que a faga unha cidade moito máis sinxela para moverse, unha cidade máis dinámica e máis moderna e polo tanto, nós que si percorremos as rúas da cidade por moito que vostedes digan, e moitas parroquias, temos e recolleemos moitas peticións dos veciños/as e dos cidadáns e sobre todo tamén dunha federación veciñal que vostedes lle dan as costas permanente, tamén recolleemos as súas achegas e as súas propostas porque tamén son importantes á hora de facer cidade, realmente os cidadáns de Vigo son os que interesan. E a vostedes quédalle moi bonita a frase agora de que o Sr. Feijóo ven, pasa e usurpa, pero eu creo que o fixo é chegar, explicar o seu proxecto, explicar os seus investimentos e usurpar votos e gañar as eleccións en Vigo, iso foi o que fixo.

Falemos do estado de abandono no que se atopan moitos barrios e parroquias de Vigo porque realmente isto si é verdade, xa non hai eu creo que escapatoria posible para intentar que veña un conselleiro a facer e deseñar esta cidade porque esta cidade temos que deseñala neste pleno municipal e por suposto o goberno municipal e nós cremos que hai moita de falla de servizos públicos, de mantemento, falla de dotacións e non só en parroquias, en zonas periurbanas e quizais o centro neste momento sexa o que mellor se atopa coidado e ademais atendido, en canto a eventos, a temas e de limpeza pero cremos que hai moitas zonas periurbanas e zonas das parroquias que non están ben atendidas e falamos por exemplo de Freixeiro, eu vou ler un pouco a moción, na exposición de motivos que teñen todos ao seu dispor, que é a zona cero de abandono que está nunha zona bastante preto da Gran Vía, zona de Castrelos están, insisto, non imos

criticalas ben coidadas pero alí iso é unha zona que parece digamos Kosovo porque están sen beirarrúas, están cun sistema de abastecemento e de alumeado que parece do século pasado, xa non de século pasado, do século anterior e nós queremos que aí habería que facer unha actuación e ademais unha actuación, non un parche, senón unha actuación en consideración para integrar ben toda esa zona no entorno do que falaba antes, Alcabre é outra zona céntrica tamén con beirarrúas esnaquizadas, con zonas mal iluminadas, unha zona de tránsito total e absoluta que cando se fai de noite non se ve absolutamente nada, con perigo ademais para os peóns polo tránsito e tráfico que hai nas zonas de Alcabre, e ademais creo que é unha zona dun desleixo municipal dende hai moitos anos, iso é certo que vostedes practicamente nin tocaron dende que gobernan neste concello. Bouzas, que repetidamente solicitamos a necesidade de investimento, volveuse solicitar publicamente por escrito, por privado, por moción, por rolda de prensa que se arranxe o paseo, non hai maneira de que vostedes o fagan, que fagan espazos de aparcamento, eu lembro cando cheguei aquí no 2011 que se prometera un aparcadoiro en Bouzas, aínda estamos agardando e estamos no 2020. Teis, no que é a falla de mantemento e limpeza das zonas que tamén é responsabilidade do Concello, Teis, sempre o dicimos aquí, é unha parroquia que sofre por moitos motivos e o Concello tampouco atende con toda a intensidade que debería atendela, na zona da praia de Rios que non deron explicacións coa vertedura, a falla de papeleiras, etc. Navia, é un dos grandes espazos públicos da cidade, como é parque Nelson Mandela, alí o fixeron alí quedou, mire, esmorece por falla de mantemento, alumeado público inutilizado, vandalismo, moitas zonas non son reparadas, falla de seguridade, unha zona que podería habilitarse para que fora un pouco máis atractiva para poder empregar nos momentos de lecer, non está atendida, son actuacións que competen única e exclusivamente a este goberno municipal. Exemplos significativos, zonas que como dicía hai que unir a tódalas parroquias e no mal denominado rural de Vigo, aquí unha vez alguén dixo que había un Vigo de primeira e un Vigo de segunda, hoxe nós dende o grupo municipal do Partido Popular poñémola enriba da mesa, nótase que hai un Vigo de segunda e hai que atender a tódalas zonas que están moi abandonadas, insisto, as asociacións de veciños son a canle pola que nos nos informamos para facer esta moción.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Para alen do relato idílico do spot de Fitur a cidade vai moi alén das luces que o que se presenta e efectivamente ten as súas sombras e a situación de desatención de moitos ámbitos nos barrios e parroquias da cidade é evidente e só hai que transitar por elas.

Esta situación débese na opinión do BNG, a dous problemas igualmente graves, en primeiro lugar, que hai unha evidente falla de participación cidadá, este goberno non escoita ao movemento veciñal, só escoita a quen lle aplaude, só escoita a quen lle di que si, so escoita a quen non lle formula críticas incomodas porque cando se lle trasladan denuncias ou se discrepa publicamente do goberno municipal, nese momento a entidade que se atreva dende logo acaba convertida en inimigo a bater e dende logo como mínimo son obxecto da máis deliberada indiferenza e no peor dos casos, de certos niveis de hostigamento que din pouco da saúde democrática do Concello.

E en segundo lugar, da falla de xestión e neste sentido pois é evidente que hai tamén algunhas eivas derivadas da falla dun control efectivo e exhaustivo, continuado, de control do traballo das empresas concesionarias, dalgúns servizos importantes que xestionan este Concello, nese sentido entendemos que a moción do Partido Popular que recolle reivindicación que tamén se nos ten traslado, eu creo que a tódalas forzas políticas, polo menos da oposición, por parte do tecido asociativo e correcta, en todo caso lle trasladamos unha emenda para engadir un novo acordo que sexa o de instar ao goberno municipal a poñer en marcha as medidas necesarias que permitan a elaboración duns orzamentos participativos xa para o 2021 e que existan mecanismo de participación directa e codecisión por parte da veciñanza e do tecido asociativo para garantir así, a debida atención das necesidades de tódolos barrios e parroquias para alén do distrito electoral un, que é o que lles garante a maioría absoluta.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo co que propón esta moción e non é unha evidencia que os grupos municipais podamos negar porque sistematicamente é traslado da nomeadamente polo movemento veciñal e que traslada non só a cuestión dos investimento no rural senón que traslada incluso

documentos gráficos, ata fotografías do está acontecendo co viario público e con outras infraestruturas no ámbito rural.

Hai un ano ou ano e pico o alcalde anunciaba 50 humanizacións no rural e iso significou unha páxina enteira nos medios de comunicación, un anuncio a bombo e pratillo das humanizacións do rural e nós fomos a ver que tipoloxía de humanización, que se considera que unha humanización do centro e que se considera que é unha humanización do rural, esta consistía en cepillar o asfalto, botar unha capa de rodadura que un ano despois xa está levantada en moitos casos e limpar as silvas e a maleza que estaba no lateral, non significa unha beirarrúa, non significa mellorar a iluminación, non significa unha papeleira, nin sequera significa un deses codiciados bancos que se poñen a demanda ás veces en pendentes pero que ao rural non chegan, e iso é unha evidencia e ademais unha evidencia que podemos ver agora no grao de execución orzamentaria, a metade de ano as partidas relacionadas co mantemento da rede viaria ou con investimentos, incluso o Plan de Asfaltado da Deputación está practicamente sen executar e se iso non fora unha dinámica que sabemos que se vai a dar ao longo dos anos porque xa sabemos as casuístas dos últimos tres ou catro anos, o agravio comparativo entre o centro e a periferia de Vigo é máis que evidente e os mecanismos para paliálo son de todo tipo, un deles é facerlle caso ao movemento veciñal, facerlle caso ás demandas do movemento veciñal, non as demandas do presidente da asociación de veciños x e non sei que, senón que as demandas que se trasladan moitas veces en asembleas veciñais, onde se toman decisión ou onde os veciños dos barrios trasladan moitas cuestións que logo non sabemos por que nalgunha asociación de veciños non pasan o filtro da decisión do presidente da asociación de veciños que non sei eu se un poder presidencialista que é capaz de que as demandas dos veciños dos barrios se curtocircuitan, non sabemos moi ben onde, moitas veces esas demandas están avaladas por sinaturas de veciños/as que logo curiosamente o presidente da asociación de veciños non traslada ao goberno local, ou ao mellor entre festa e festa, entre baile e baile ou entre coral e coral se esquecen desas cuestións, o caso é que a situación do rural de Vigo e as zonas periurbanas pois é a que é, e a que sistematicamente podemos ver, pero é tan absolutamente delirante todo que incluso cando fan unha infraestrutura nova como a Gran Vía que anuncian a bombo e pratillo, non propio expediente de Gran

Vía di que se vai a financiar o mantemento, entendemos que unhas escaleiras mecánicas desta cariz van a ter un custe de mantemento moi grande, vaise financiar coa partida de conservación dos viais e da rede viaria de Vigo, xa que incluso algo que debería de ser prioritariamente para paliar determinadas eivas que teñen as infraestruturas viarias pois é unha partida da que podemos tirar para financiar outro tipo de actuacións no centro da cidade, e creo ademais que non é un problema nin sequera de recursos, creo que é un problema de que moitas veces pois eses 70, 80.000 veciños que viven na periferia ou nos barrios rurais ou os 200.000 que viven nas zonas urbanas pesan, pero que se aínda nas zonas urbanas incluíramos Coia, Teis e fixeramos unha lectura diso, pero é que vostedes o groso do investimento estano focalizando entre os poucos quilómetros cadrados que hai no centro urbano da cidade porque é por onde pasea o Alcalde, e é por onde o deambulatorio permanente do Alcalde que ten que funcionar como reclamo turístico, nos gustaría que os paseos foran noutras zonas de Vigo, eu non vin pasear ao Alcalde polo paseo de Bouzas, non, porque creo que nunca fala desa foto porque será moi fácil para un veciño facer unha foto dese despropósito e creo que ademais que hai suficiente vontade por parte do movemento veciñal para resolver de maneira adecuada isto, a min me gustaría que isto funcionaria como outros concellos onde hai unha Xunta de Distrito que ten unha capacidade de obras e directamente pasa pola Xunta de Distrito e non pasa polo Pleno municipal, porque ao mellor o presidencialismo de moitos concelleiros que se arrogan á representatividade de toda a cidade, descentralizando para Xuntas de Distrito creamos un contra poder e as de xuntas de distritos pelexarían por ver quen da máis servizos aos veciños, como pasa nas grandes capitais europeas e nas grandes cidades deste país.

SR. LÓPEZ FONT: Despois da mañá que nos deu o Partido Popular non asumindo a Lei Montoro e dicindo unhas barbaridades de usurpar aquí non atopamos coa guinda que é esta última moción e a verdade é que ao vela me encheu de sorpresa e de perplexidade porque dende logo parece que falamos de cidades diferentes, totalmente diferentes e o primeiro que fixen que é o que se debe facer en rigor é ir aos documentos, no que se investiu en cada parroquia, do que se fixo en cada ámbito territorial e dende logo si con estas 22 fichas que teño aquí de cada ámbito

territorial tivera que estar dando conta de todo o que fixemos, necesitaba toda a mañá, habendo comezado ás nove de maña.

O que si que falla nesta moción, concelleiros do Partido Popular é o esforzo e a obriga que a Xunta de Galicia debería ter nos viais que lle competen nesta cidade e é unha mágoa que esto non se incluíra porque se falásemos desas actuacións só necesitaría cero segundos, o que pasa é que entendía a moción ao chegar á segunda páxina, aí si que a entendín porque comprobei que o grupo do Partido Popular está ao servizo da Federación Veciñal, cunha presidenta que é militante do Partido Popular e cunha estratexia do Partido Popular unida á Federación Veciñal, polo tanto, grupo municipal do Partido Popular e da FAVEC son certamente un mesmo corpo, teñen un mesmo interese pero tamén teñen un destino común no futuro e no presente, que é o fracaso, os dous fracasaron, o Partido Popular pasou de 13 a 4 concelleiros e segue baixando, a FAVEC é interlocutor absolutamente de ninguén e simplemente se converteu nun instrumento do Partido Popular que delata o fracaso desta estratexia, pero falemos do rural, ningún goberno desta cidade se preocupou tanto do rural, cando se fala de proxecto de cidade, dende o primeiro momento o goberno do Sr. Caballero ligou todo o territorio, tanto centro como o rural, ligouno ao mesmo destino e é a cambiar esta cidade, claro se a Sra. Egerique di que esta cidade non se transformou, non sei onde viviu a Sra. Egerique durante estes 13 anos. Miren, no rural e deberían vostedes de sabelo, porque deberían de facer un seguimento do que se aproba nas distintas Xuntas de Goberno, máis de 120 millóns de euros, e cando se fala de pequenas anécdotas que se poidan poñer aquí nunha moción porque lles trasladaron dende a favorecida FAVEC, lles direi que en Beade se investiron 2,7 millóns de euros, que en Castrelos se investiron 2,2 millóns de euros, que en Navia se investiron 12,5 millóns de euros, que en Sárdoma se investiron 3,2 millóns de euros, en Valadares 3,9 millóns de euros, en Cabral 5,5 millóns de euros e isto deberían de sabelo vostedes que fan o seguimento teórico porque xa vexo que non, das Xuntas de Goberno, pero no Calvario 30 millóns de euros, en Candeán 4 millóns de euros, en Lavadores 15,5 millóns de euros, en Teis que falan moito de Teis, e como ben apuntaba o meu compañeiro o Sr. Rivas unha parte Teis a parte do mar é competencia da Xunta de Galicia, 23,4 millóns de euros se investiron en Teis, e en Matamá 2,5 millóns de euros, podería continuar así

desglosando cada un dos 22 territorios pero que se fixeron con eses 130 millóns de euros, acondicionamento e mellora de acceso ao barrio de Navia, parques e enerxías renovables, abastecemento, humanizacións, asfaltados, bacheos, iluminarias, beirarrúas, pavimentación de determinados camiños, aparcamento soterrado, humanización en Martínez Garrido, renovación de redes en saneamento, obras de reparación de deficiencias na rúa Toledo, etc, etc. E todo iso ata chegar como dicía a 130 millóns de euros, polo tanto, esta moción é inxustificable, esta moción me imaxino que será para contentar á FAVEC pero dende logo non se corresponde co realizado por este goberno que foi o único que puxo ao rural de Vigo no sitio que merece.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar, aceptaremos a emenda do Bloque Nacionalista Galego e ademais facemos unha petición, ademais dos nosos puntos que despois son a resolución da moción que ten algo ademais que é moi significativo, incrementar os medios e os recursos que adica ao mantemento e conservación dos barrios e parroquias de Vigo, atendendo á demanda veciñal, aquí non pon federación de ningún tipo, a demanda veciñal dos veciños de Vigo, elaborar un Plan Plurianual de investimento para os barrios e parroquias de Vigo, que acometa de xeito sistemático e planificado as medidas, as obras, as infraestruturas precisas para garantir a igualdade na calidade dos servizos públicos señor Font, porque eu non vou negarlle esas cifras que ten aí vostede, pero fixeron ben eses investimentos? Non hai que ir aos documentos hai que ir aos barrios e que vostedes van sempre aos documentos, pero non van aos barrios e non escoitan, entón engadímoslle a estas peticións unha máis, escoiten, porque realmente a cidade, eu non levo trece anos vivindo aquí Sr. Font, levo 44 que é a miña idade, 13 levo aquí sentada vendo o que non fan e o que fan mal vostedes, o que están a facer mal vostedes para o futuro desta cidade, eu o que digo é que hai que facer as obras pensando nunha cidade máis igualitaria e máis compacta, e o que fixeron vostedes foi investir e beneficiar ao centro en detrimento das parroquias, ese é un balance do goberno do Sr. Caballero e non só en obras, en acontecementos, en eventos, en actividade, porque é o que fixeron vostedes, polo tanto, se están illados co resto dos veciños, vostede fala aquí de federacións concretas, pero nós falamos con tódolos veciños de tódalas parroquias, incluídos

os veciños do centro tamén Sr. Font, entón vostede di que vai aos documentos, non hai que ir aos documentos pero vostede o que ten que facer é ir un pouco máis ás parroquias.

Polo tanto, eu dixen antes que falaba o voceiro o Sr. Marnotes, do Plan Xeral do Ordenación Municipal, ese ansiado Plan que están comezando 5 anos despois de que o tumbasen, xa eran hora de que o comezasen, comezáno mal insisto, porque como sempre de maneira unilateral sen falar con ninguén, con premeditación e aleivosía, nun momento no que estábamos confinados polo tanto, esta cidade senón se consensuan as decisións coa xente a que lle vai afectar as obras e a planificación da cidade non será unha cidade que evolucione e que vaia adiante cara o futuro, por iso esta moción, nin oportunista nin o que di vostede, nin para contentar a ninguén, é unha moción para que a cidade de Vigo poida ter un mellor rumbo do que lle están dando vostedes.

PRESIDENCIA: Se me permite, non quero senón o Sr. Marnotes me di que por alusións queren terminala, pero Sra. Egerique si de verdade di que non escoitamos á xente, aos veciños das parroquias con 101.000 votos e que non son obras consensuadas eu creo que era un inciso e desculpe que ademais non me corresponde.

Presentaron unha emenda e vostede aceptouna, entón vótase a moción coa emenda. Imos a lela, emenda á moción do grupo municipal Popular, engadir un novo acordo, instar ao goberno municipal a poñer en marcha as medidas necesarias que permitan que na elaboración dos orzamentos municipais do exercicio 2021, existan mecanismos de participación directa e codecisión por parte da veciñanza e do tecido asociativo da cidade, para garantir a debida atención das necesidades de tódolos barrios e parroquias de Vigo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego e o Sr. Losada Alvarez).

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e

Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 24.07.2020 (Rex. Nº 2519/1101), pola concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

21(115).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE AO COLECTIVO DOS BOMBEIROS DA CIDADE.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O rogo é que atendendo ás sentenzas xudiciais ditadas se deixe de aplicar o previsto no denominado Decreto de permanencia e se acorde co colectivo dos Bombeiros da cidade unha formula que respectando os seus dereitos laborais garanta a operatividade do servizo.

22(116).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE AO MOSAICO PUBLICITARIO SITO NA PORTO DO SOL.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Que se leven a cabo os traballos de mantemento e coidado necesarios para evitar o deterioro xa avanzado do mosaico publicitario que se sitúa na Porta do Sol, dende 1926.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo.

23(117).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE Á SINALIZACIÓN DO ACCESO DA AP-9 Á CIDADE.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Relacionado coa moción que se ven de inadmitir, e nós o que rogamos é que ante esta negativa a incluír esa moción pois que o goberno local, municipal faga tódalas xestións necesarias diante de AUDASA e do Ministerio de Transportes para incluír o termo municipal de Vigo no proxecto de insonorización da AP-9 no seu acceso ao centro da cidade.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

24(118).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE A DISTRIBUCIÓN DOS EPIS POR PARTE DE VITRASA AO SEU PERSOAL.

SR. PÉREZ IGLESIAS: A pregunta, ten pensado actuar o goberno municipal para esixir de Vitrasa, como empresa concesionaria do bus urbano, que distribúa EPIS suficientes e non unha soa mascara por semana ao seu persoal, segundo ten denunciado o comité de empresa.

PRESIDENCIA: Se lle contestará por escrito, de todos xeitos quero recordarlle que hai unha normativa e unha certificación a AENOR que ten o grupo Avanza incluído Vitrasa, pero se lle contestará mais completamente por escrito.

25(119).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á INSTALACIÓN DE CÁMARAS PARA CONTROL DE APARCAMENTOS NO CASCO VELLO.

SR. PÉREZ CORREA: A pregunta e se significa a instalación de cámaras para controlar o tráfico na entrada ao Casco Vello de Bouzas que se vai a instaurar ao sistema de aparcamento para residentes, entendendo que as cámaras son de control de tráfico que se acaban de instalar recentemente.

PRESIDENCIA: Contestaremos por escrito.

26(120).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE ÁS FRECUENCIAS DE TRENS QUE RENFE TIÑA NA CIDADE.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Unha pregunta, tamén relacionada co tema das pantallas, e a pregunta é, que actuacións fixo o goberno municipal no último ano diante de Audasa e do Ministerio de Transportes para minimizar o impacto acústico da autoestrada a súa entrada en Vigo.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.